


# OS SERVIZOS SOCIAIS NA COMARCA DE FISTERRA

Plan de Acción de Servizos Sociais



REDE DE CONCELLOS  
*para o benestar*



# OS SERVIZOS SOCIAIS NA COMARCA DE FISTERRA

Plan de Acción de Servizos Sociais





# ÍNDICE

INTRODUCCIÓN. ....	9
OBXECTIVOS DA DIAGNOSE. ....	11
ESTRUTURA DA DIAGNOSE. ....	14
A COMARCA DE FISTERRRA. ....	16
<b>1. A DINÁMICA DEMOGRÁFICA. ELEMENTOS BÁSICOS E EVOLUCIÓN. ....</b>	<b>17</b>
1.1 A estrutura da poboación. evolución e proxeccións .....	17
1.2 O asentamento da poboación. Densidade, dispersión e condicións da vivenda. ....	24
1.3 Extracto da dinámica demográfica na Comarca de Fisterra. ....	27
<b>2. O CONTEXTO SOCIOECONÓMICO. ASPECTOS BÁSICOS E EVOLUCIÓN. ....</b>	<b>29</b>
2.1 Economía, traballo e ensino. ....	29
2.2 A cohesión social. ....	32
2.3 Os gastos dos fogares. ....	38
2.4 Síntese do contexto socioeconómico na Comarca. ....	40
<b>3. OS SERVIZOS SOCIAIS. SITUACIÓN E EVOLUCIÓN. ....</b>	<b>41</b>
<b>3.1 As entidades e os equipamentos de benestar na Comarca. ....</b>	<b>41</b>
A)As Entidades de Servizos Sociais. ....	42
B)Os Centros de Servizos Sociais. ....	43
<b>3.2 Os Departamentos municipais de Benestar. ....</b>	<b>47</b>
A)O financiamento dos Servizos Sociais. ....	47
B)Os recursos humanos nos Servizos Sociais municipais. ....	52
C)A actividade e os principais programas dos departamentos municipais de benestar. O Servizo de Axuda no Fogar. ....	53
<b>3.3 Extracto da situación dos servizos sociais na Comarca de Fisterra. ....</b>	<b>59</b>
<b>4. CONCLUSIÓN E RECOMENDACIÓNS. ....</b>	<b>63</b>
<b>4.1 As principais conclusións . ....</b>	<b>64</b>
A) A evolución demográfica .....	64
B) O avellentamento e a soidade. ....	67
C) As múltiples exclusións. ....	68
D) Os coidados. ....	71
E) Os equipos locais de benestar. ....	73

<b>4.2</b>	<b>As principais recomendacións.</b>	<b>76</b>
	A) A evolución demográfica	76
	B) A soidade e o avellentamento.	82
	C) As múltiples exclusións.	88
	D) Os coidados.	92
	E) Os equipos e a continuidade das políticas de benestar.	97
<b>4.3</b>	<b>Consideracións finais.</b>	<b>100</b>

## ÍNDICE DE IMAXES

Imaxe 1. Situación e composición da Comarca de Fisterra. ....	16
Imaxe 2. Distribución das entidades prestadoras de servizos sociais nos concellos da Comarca de Fisterra. ....	42
Imaxe 3. Distribución dos centros de servizos sociais nos concellos da Comarca de Fisterra. ....	43

## ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Evolucións comparadas da poboación Provincia da Coruña - Comarca de Fisterra. 1998, 2007, 2017. ....	17
Táboa 2. Evolución da poboación dos Concellos da Comarca de Fisterra. 1998, 2007, 2017. ....	17
Táboa 3. Evolución da idade media na comarca de Fisterra, provincia da Coruña e Galicia. 2002 – 2017. ....	21
Táboa 4. Saldo vexetativo dos concellos da Comarca de Fisterra. 1975 - 2016. ....	22
Táboa 5. Índice de avellentamento e sobreavellentamento na Comarca de Fisterra, Provincia da Coruña e Galicia. 2017, 2020, 2025 e 2030. ....	23
Táboa 6. Evolución da densidade poboacional da Comarca de Fisterra por concellos. Habitantes por quilómetro cadrado. 2002 – 2017. ....	25
Táboa 7. Evolución do PIB por habitante en €. Galicia, Provincia, Comarca de Fisterra e Concellos. 2010 – 2014. ....	29
Táboa 8. Distribución da poboación por nivel de estudos. Galicia, provincia e Comarca. 2011. ....	32
Táboa 9. Evolución da Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (estratexia Europa 2020). Galicia, provincia e Área da Costa da Morte da Coruña. 2011 – 2016. ....	33
Táboa 10. Evolución dos Ingresos mensuais dos fogares e dos Ingresos por persoa. Galicia, provincia e Área da Costa da Morte da Coruña. 2011 – 2016. ....	34
Táboa 11. Evolución da Renda dispoñible bruta por habitante. Galicia, Provincia, Comarca de Fisterra e Concellos. 2010 – 2015. ....	35
Táboa 12. Evolución da estrutura de ingresos dos fogares, en porcentaxe. Galicia e provincia. 2011 – 2016. ....	36
Táboa 13. Evolución do peso das prestacións sobre a renda dispoñible bruta por habitante. Galicia, Provincia, Comarca de Fisterra e Concellos. 2010 – 2015. ....	36
Táboa 14. Evolución da mediana de ingresos do fogar atendendo á súa fonte principal. Galicia e provincia. 2011 – 2016. ....	37
Táboa 15. Distribución dos centros de servizos sociais da Comarca de Fisterra segundo o seu ámbito de actuación. ....	44
Táboa 16. Número de centros de servizos sociais da Comarca de Fisterra segundo a súa tipoloxía e número de prazas totais autorizadas. 2017. ....	44
Táboa 17. Evolución ratio de cobertura nos centros de atención ás persoas maiores 2005 – 2017. ....	46
Táboa 18. Orzamento municipal dos Concellos da Comarca de Fisterra para o exercicio 2018, importe do programa de “Servizos Sociais e promoción social” dos orzamentos municipais e % do programa sobre o orzamento municipal. ....	48
Táboa 19. Achegas realizadas pola Deputación da Coruña ós concellos da Comarca de Fisterra en concepto de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018. ....	50
Táboa 20. Achegas realizadas pola Xunta de Galicia ós concellos da comarca de Fisterra en concepto de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018. ....	51
Táboa 21. Número de profesionais segundo ocupación e concello que forman parte dos equipos de servizos sociais na Comarca de Noia. 2018. ....	52
Táboa 22. Número de horas prestadas e usuarios/as atendidos/as segundo a modalidade de SAF libre concorrencia e dependencia nos concellos da Comarca de Fisterra. 2018. ....	55
Táboa 23. Ratio de cobertura do servizo de SAF segundo as modalidades de libre concorrencia e dependencia nos concellos da Comarca de Fisterra. 2018. ....	56
Táboa 24. Número de horas prestadas do SAF libre concorrencia nos concellos de da Comarca de Fisterra. 2016 - 2018. ....	56
Táboa 25. Importe das achegas realizadas pola Deputación da Coruña para o financiamento do SAF libre concorrencia nos concellos da Comarca de Fisterra. 2016 - 2019. ....	57
Táboa 26. Tipo de xestión do servizo de axuda no fogar nos concellos da Comarca de Noia en función da súa modalidade e número de persoal encargado da coordinación e da prestación directa do servizo. 2018. ....	58

## ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Pirámide de poboación Comarca de Fisterra, 2017. ....	18
Gráfico 2. Distribución da poboación por grupos de idade. Comarca de Fisterra. 2017. ....	19
Gráfico 3. Evolución da pirámide poboacional da Comarca de Fisterra, anos 1998- 2007 e 2017. ....	19
Gráfico 4 . Distribución por tramos de idade nos concellos da Comarca de Fisterra. 2017. ....	20
Gráfico 5. Evolución do saldo vexetativo da Comarca de Fisterra. 1975 - 2016. ....	21
Gráfico 6. Saldo migratorio da Comarca de Fisterra. 1998 – 2016 ....	22
Gráfico 7. Pirámide de poboación da Comarca de Fisterra, 2030 en base a proxeccións de poboación.....	23
Gráfico 8. Evolución da composición dos fogares da comarca de Fisterra. 2001-2011. ....	26
Gráfico 9. Estrutura do tecido empresarial da Comarca de Fisterra por condición xurídica. 2014. ....	30
Gráfico 10. Evolución da afiliación á Seguridade Social por réximes na Comarca de Fisterra. 2011-2018. ....	31
Gráfico 11. Evolución do custo mensual das hipotecas activas. Galicia, provincia e Concellos galegos menores de 10.000 habitantes. 2011-2016. ....	39
Gráfico 12. Finalidade das achegas recibidas polos concellos da Comarca de Noia da administración autonómica e provincial para o financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais. Ano 2018. ....	52



## Introdución.

A Diagnose sobre os servizos sociais na Comarca de Fisterra forma parte da serie de documentos diagnósticos que integran o Plan de Acción de servizos sociais da Deputación da Coruña.

O Plan de Acción de servizos sociais da Deputación da Coruña ten como obxectivo dotar á Deputación dun marco estratéxico para o desenvolvemento das políticas de benestar na provincia en relación cos Concellos menores de 20.000 habitantes e coas entidades sociais do territorio.

Este novo marco susténtase na axeitada interpretación do contexto demográfico e socioeconómico do territorio como elemento fundamental para a construción conxunta dun novo modelo de política pública que dea resposta á evolución das necesidades sociais. É, neste sentido, onde radica a importancia de contar non unicamente con datos fiables e actualizados sobre a realidade na que vimos traballando dende os departamentos de servizos sociais, senón dunha adecuada interpretación dos mesmos que nos leve a deseñar medidas efectivas no camiño cara a construción de sociedades máis xustas e con maior benestar.

Deste xeito, se ben a Diagnose que aquí se presenta é un apartado fundamental no conxunto do Plan de Acción, a incorporación dun sistema de traballo participativo leva a transcender ós meros datos a través da obtención de diferentes interpretacións das súas causas e dos fenómenos que os xeran. Así, se ben as problemáticas sociais se poden definir en termos de políticas públicas como *wicked problems* ou problemas malvados debido ás súas múltiples relacións cruzadas, non é posible o deseño dun Plan de Acción efectivo sen asumir tanto a complexidade das propias situacións sociais como a multiplicidade das visións que os actores da política teñen sobre os mesmos, aspectos estes que serán a base das medidas deseñadas dentro do propio Plan de Acción da Deputación.

Con todo, e aínda que a existencia de matices na interpretación da realidade social é un elemento consubstancial ás propias políticas sociais, existen aspectos cuantificables que evidencian a presenza de situacións definidas comunmente como non desexadas sobre as que é preciso incidir dende os poderes públicos. Así, realidades como o devalo demográfico xeral ou o despoboamento de zonas importantes do territorio, o avellentamento ou a presenza de núcleos salientables de exclusión social constitúen realidades que, conxuntamente con outras, marcan e marcarán a actuación dos departamentos de benestar social a medio prazo.

Dentro deste esquema xeral é onde cobra especial valor a obtención de datos fiables sobre a realidade social e sobre a actividade que están a realizar os departamentos municipais de servizos sociais.

A continuación preséntase a Diagnose sobre a situación dos servizos sociais na Comarca de Fisterra como parte dos traballos de diagnose, do territorio provincial e das comarcas da provincia, a partir dos cales se elabora o Plan de Acción de servizos sociais.

## Obxectivos da diagnose.

A Diagnose dos Servizos Sociais da Comarca de Fisterra enmarcarse nos traballos do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña e, como tal, é a ferramenta que utilizará a Deputación para conformar o seu marco de actuación e a súa relación cos Concellos e coas Entidades Sociais en relación ás políticas de benestar.

O **obxectivo da Diagnose do Plan de Acción de Servizos Sociais** é o seguinte:

**A Diagnose do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña ten como obxectivo fornecernos de datos oficiais, fiables e contrastados sobre a situación demográfica e socioeconómica do territorio, así como sobre a actuación que as administracións locais están a levar a cabo en relación ás políticas de benestar. Esta recompilación de información será unha parte fundamental sobre a que deseñar o conxunto de medidas que conformen o Plan de Acción, así como a liña de base sobre a cal realizar o seguimento posterior da súa efectividade no marco dun novo modelo de relación entre administracións e entes sociais no seu traballo de procura na mellora da autonomía das persoas.**

Para facer fronte a este obxectivo xeral, a Diagnose do Plan de Acción de Servizos Sociais realizou as seguintes tarefas:

- Análise de fontes estatísticas oficiais galegas e estatais.
- Análise documental de publicacións oficiais e de recoñecido prestixio.
- Análise da normativa e dos actos administrativos propios da Deputación e dos Concellos relacionados coas políticas de benestar.
- Análise do Rexistro Unificado de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.
- Análise do Sistema de Información de Usuarios dos Servizos Sociais (SIUSS)
- Recompilación de información cuantitativa municipal relacionada coa dotación de recursos dos departamentos de benestar.
- Outras.

Un dos elementos máis importantes do Plan de Acción e da Diagnose como unha das súas partes centrais, é o conxunto de valores sobre os que se sustenta e que, polo tanto, serán os que guíen o seu desenvolvemento. Estes valores, dun xeito coherente coa Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, aterran o marco normativo vixente á actuación da Deputación da Coruña dentro da súa misión global de apoiar ós Concellos, con especial atención ós de menos de 20.000 habitantes, de modo que supoñen non só a nosa interpretación da lexislación senón os principios que a Deputación

Ile traslada a tódalas actuacións e ós modelos de relación enmarcados dentro do propio Plan de Acción.

Os valores do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña son os seguintes:

- **Compromiso.** O Plan de Acción de Servizos Sociais supón o compromiso da institución coa cidadanía e cos equipos dos Concellos á hora de responder ás demandas sociais e prestar servizos de calidade que promovan e melloren a autonomía das persoas.
- **Solidariedade.** O Plan de Acción define un marco de relación estable entre a Deputación e os Concellos que garante a sustentabilidade dos servizos sociais comunitarios a través da dotación de recursos e de ferramentas compartidas, poñendo a primeira pedra para a creación da Rede de Concellos para o Benestar. A través do valor da solidariedade garántese que a Rede de servizos sociais comunitarios estea ó alcance de toda a cidadanía da provincia, eliminando as fendas territoriais e promovendo o acceso universal.
- **Integración.** O Plan de Acción contén a creación dun modelo de apoio institucional e técnico que a Deputación da Coruña poñerá a disposición dos Concellos. Este modelo garantizará que a asistencia técnica da Deputación chegue a tódolos equipos municipais dando unidade ás intervencións dentro da necesaria adaptación ás realidades locais.
- **Participación.** O Plan de Acción constrúese sobre a base da participación das persoas profesionais dos servizos sociais tanto nos Concellos como nas Entidades Sociais, e mantén ese espírito a través da creación de espazos de reflexión conxunto para compartir experiencias e mellorar na prestación de servizos. A participación é un elemento consubstancial á Rede e á mellora continua, ademais de constituír a base para a co-responsabilidade dos membros da Rede e para o seu compromiso.
- **Proximidade.** O Plan de Acción ten como un dos seus alicerces fundamentais o achegamento tanto á realidade social de cada contexto de referencia como o achegamento ás persoas como xeito de fomentar a súa autonomía. A proximidade dos equipos ás persoas e a proximidade do apoio técnico ós equipos son elementos constituíntes do novo modelo de política de benestar e teñen no fomento do traballo relacional o seu máximo expoñente.
- **Liderado público.** O liderado público das políticas de benestar potencia e dálle forza ás iniciativas de coordinación e complementariedade coas entidades do terceiro sector. O liderado público é a garantía de que a cidadanía pode exercer os seus dereitos sociais con independencia das súas posibilidades ou localización territorial. O liderado público da rede de axentes que traballan nas políticas de benestar afianza as súas capacidades, multiplica o efecto das súas intervencións, posibilita a participación da cidadanía e garante a resposta ás necesidades sociais.

- **Intelixencia.** O Plan de Acción comprende no seu seo un importante abano de información sobre a realidade dos servizos prestados polos Concellos e polas entidades sociais no territorio. Estes datos, así como diferentes propostas especificamente deseñadas para mellorar a toma de información e a súa xestión para incrementar a coordinación local e o rendemento dos servizos, serán elementos básicos á hora de planificar o desenvolvemento das actuacións e xerar maior coñecemento sobre as intervencións. O coñecemento e a intelixencia nos servizos sociais son elementos sobre o que pivotará o desenvolvemento da Rede e a adaptación dos servizos á realidade social.
- **Diversidade.** A diversidade é o valor sobre o que se asenta tanto a especificidade comarcal das análises e das actuacións territoriais de proximidade contempladas no Plan de Acción, como o recoñecemento da complexidade social á que ten que dar resposta os servizos sociais locais. Esta crecente diversidade social comporta un esforzo por parte dos equipos técnicos á hora de adaptarse ás diferentes circunstancias e, polo tanto, a necesidade de maior apoio, maiores recursos e mellores ferramentas á hora de deseñar intervencións no territorio.

Ademais, e na liña mencionada de coherencia coa normativa de referencia, o Plan de Acción asume como propios os principios xerais presentes no Art. 4 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia que son: (I) a universalidade; (II) a prevención; (III) a responsabilidade pública; (IV) a igualdade; (V) a equidade; (VI) a solidariedade; (VII) a atención integral e personalizada; (VIII) a autonomía persoal e vida independente; (IX) a participación; (X) a integración e normalización; (XI) a globalidade; (XII) a descentralización e proximidade; (XIII) a coordinación; (XIV) a economía, eficacia e eficiencia; (XV) a planificación; e (XVI) a avaliación e a calidade..

## Estrutura da Diagnose.

A Diagnose dos Servizos Sociais da Comarca de Fisterra, para a consecución dos obxectivos establecidos no punto previo, aséntase sobre a análise, tanto a nivel comarcal como na desagregación para os Concellos que a compoñen (o Concello de Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra e Muxía) dunha serie de indicadores agrupados atendendo ós seguintes contidos:

- Análise **demográfica**, atendendo á evolución da **estrutura poboacional** e ás proxeccións sobre poboación. Un dos apartados a salientar dentro do estudo das variables demográficas é o asentamento da poboación no territorio, de tal xeito que serán analizadas as dinámicas demográficas a nivel parroquial e o grao de dispersión da poboación na comarca.
- Análise **socioeconómica**. Co obxectivo de estudar o contexto de actuación de carácter socioeconómico, analizaranse elementos como o nivel de renda dos habitantes da comarca, o nivel formativo, a existencia e a evolución do desemprego, ou a conformación dos ingresos dos fogares.
- Análise da **actividade e dos recursos** dos departamentos de benestar social. Dentro deste apartado, estudaranse os principais indicadores relacionados coa actividade dos servizos sociais, a composición dos diferentes departamentos municipais ou as entidades que conforman o Terceiro Sector de Acción Social na comarca e nos seus diferentes Concellos así como os equipamentos e recursos dispoñibles en materia de servizos sociais na zona.
- Finalmente, achegaranse as **conclusións e recomendacións** da análise cuantitativa realizada, que conformarán o contexto para a definición dos principais eixos estratéxicos do Plan de Acción e que, de xeito coherente cos deseñados a nivel provincial, serán aterrados á realidade específica da Comarca e dos Concellos.

As principais fontes de información utilizadas para a elaboración desta Diagnose correspóndense ós Institutos de Estatística tanto galegos (Instituto Galego de Estatística) como estatal (Instituto Nacional de Estadística). Estas fontes son complementadas con diferentes recursos especializados de recoñecido prestixio relacionadas, con informes oficiais procedentes da Deputación da Coruña e dos propios Concellos, así como con datos procedentes da Consellería de Política Social, entre os que salienta o Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais. Neste último sentido salienta a utilización do Rexistro Unificado de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais como fonte oficial sobre a que realizar os estudos das entidades e dos centros que prestan servizos no territorio.


Ademais, é preciso mencionar que serán estudados os orzamentos e os equipos que os Concellos teñen a disposición do público nos seus diferentes departamentos de Servizos Sociais locais, de tal xeito que se conformará unha imaxe tanto do territorio, das condicións da cidadanía e dos recursos

(tanto públicos, sociais como privados) que actúan no territorio dentro das políticas de benestar, completando así unha visión integral da política.

## A comarca de Fisterra

A Comarca de Fisterra está composta polos Concellos Cee, Corcubiión, Dumbría, Fisterra e Muxía nun total de 339 qm<sup>2</sup> e preto de 23.000 habitantes. Tódolos concellos están enmarcados no Partido Xudicial de Corcubiión. Situada na Costa da Morte, ó oeste de Galicia, a comarca de Fisterra limita polo norte coa Comarca de Soneira, polo leste coa do Xallas e cara o sur limita coa Comarca de Muros.

*Imaxe 1. Situación e composición da Comarca de Fisterra.*



Fonte: AGADER e Wikipedia.

O territorio ten unha actividade xeral diversificada entre o sector pesqueiro e gandeiro, así como existe certa actividade industrial no concello de Cee e un centro económico-administrativo en Corcubiión, que concentra os principais servizos institucionais da zona.

A continuación procederáse á análise dos diferentes apartados mencionados, iniciando así a Diagnose sobre os Servizos Sociais na Comarca de Fisterra como paso previo á elaboración do Plan de Acción de Servizos Sociais.



## 1. A dinámica demográfica. Elementos básicos e evolución.

Un dos elementos centrais da Diagnose é a análise das principais dinámicas demográficas presentes no territorio co obxectivo de conformar unha imaxe sobre a evolución da poboación que será básica á hora de establecer un proceso de planificación das posibles necesidades e dos recursos a poñer á disposición da cidadanía para garantir os seus dereitos.

Neste sentido, o apartado actual amosa un salientable abano de indicadores demográficos oficiais nos que se verán reflectidas as dinámicas poboacionais a nivel comarcal e a nivel municipal, ás que se lle engadirán as proxeccións oficiais sobre a dinámica demográfica futura, conformando así unha parte do pano de fondo sobre o que actuarán as políticas de benestar, é dicir, as persoas.

### 1.1A ESTRUCTURA DA POBOACIÓN. EVOLUCIÓN E PROXECCIÓNS

A comarca de Fisterra ten, no 2017, 21.770 habitantes, que porcentualmente corresponde ó 1,94% do total da provincia da Coruña e o 0,8% da poboación galega, A comarca de Fisterra presenta unha poboación en descenso nestes últimos vinte anos. Así, do 1998 ó 2007 a poboación descende en 1.781 persoas que, sumadas ás 2.196 persoas que perde no período 2007-2017, fan un total de 3.977 persoas menos na actualidade que hai vinte anos. Este descenso implica que a comarca conta no 2017 cun 15% menos de poboación que en 1998.

Táboa 1. Evolucións comparadas da poboación Provincia da Coruña - Comarca de Fisterra. 1998, 2007, 2017.

Territorio	1998	2007	2017
Provincia da Coruña	1.106.325	1.132.792	1.120.294
<b>Comarca de Fisterra</b>	<b>25.747</b>	<b>23.966</b>	<b>21.770</b>

Fonte: IGE.

A evolución dos diferentes Concellos que forman parte da Comarca de Fisterra reflíctese na seguinte táboa:

Táboa 2. Evolución da poboación dos Concellos da Comarca de Fisterra. 1998, 2007, 2017.

Territorio	1998	2007	2017
Concello de Cee	7.326	7.555	7.539
Concello de Corcubión	1.949	1.887	1.592
Concello de Dumbría	4.755	3.890	3.053
Concello de Fisterra	5.295	4.971	4.734


Territorio	1998	2007	2017
Concello de Muxía	6.422	5.663	4.852
<b>Total Comarca de Fisterra</b>	<b>25.747</b>	<b>23.966</b>	<b>21.770</b>

Fonte: IGE.

Os datos mostra unha evolución negativa na totalidade dos concellos que compoñen a comarca agás en Cee, onde a poboación chegou a medrar no período 1998-2007, mentres que no período 2007-2017 a evolución poboacional non varía e mantense en números estables. O concello de Corcubión presenta un descenso do 18% na poboación durante os vinte últimos anos, cun descenso de 357 persoas en números totais. O concello de Dumbría perde 1.702 persoas do 1998 ó 2017, que representa un descenso do 35% da poboación. O concello fisterrán perde 561 habitantes dende 1998, máis dun 10% en vinte anos. En canto ó concello de Muxía, no 2017 conta con 1.570 persoas menos que no ano 1998, o que supón un descenso do 24% da poboación respecto ós datos de 1998.

Con respecto á estrutura da poboación, a continuación amósase a pirámide poboacional coa distribución por idades dos habitantes, de tal xeito que se pode avanzar non unicamente no afondamento da composición da cidadanía da comarca, senón nos perfís actuais que determinarán as necesidades en termos de políticas de benestar a curto prazo.

Gráfico 1. Pirámide de poboación Comarca de Fisterra, 2017.




Fonte: IGE.

Como se pode observar na pirámide de poboación da Comarca de Fisterra, a estrutura vén determinada por unha composición onde a base (representación da xente máis nova) ten menos peso que os chanzos de idades máis avanzadas. Así, nos tramos de idades comprendidas entre os 0 e os 19 anos non hai chanzo que supere o 2% da poboación, tanto en homes coma en mulleres. A partir dos 35 anos, en ámbolos dous sexos, a poboación supera o 3% da poboación en cada chanzo, non chegando en ningún caso ó 4%. Dende os 75 anos en adiante, a poboación diminúe pasando dos treitos do 3% ao 2% en idades avanzadas. A estrutura por sexos é semellante, non habendo grandes diferenzas agás nos tramos de maior idade onde as mulleres presentan maior peso poboacional.

A distribución da poboación por grandes grupos de idade amosa que o groso da poboación concéntrase en torno ós maiores de 20 anos (que suman o 86% da poboación). Neste punto, cabe

salientar que o peso da poboación maior de 65 anos (27%) supera á menor de 20 anos (14%) en 13 puntos.


Gráfico 2. Distribución da poboación por grupos de idade. Comarca de Fisterra. 2017.



Fonte: IGE.

A fotografía da distribución da poboación na comarca é resultado da evolución observada ó longo dos últimos anos nos que se produce un proceso de devalo demográfico. Na evolución das estruturas poboacionais do seguinte gráfico pódese observar este proceso, que comporta unha constante redución da base das pirámides (moi visible do 1998 ó 2007, e acentuado do 2007 ó 2017), que está composta polas persoas de menor idade, en tanto que se acompaña dun progresivo incremento da parte superior da pirámide.

Gráfico 3. Evolución da pirámide poboacional da Comarca de Fisterra, anos 1998- 2007 e 2017.




Fonte: IGE.

As imaxes da evolución da pirámide poboacional da comarca permiten identificar graficamente o proceso que se vén comentando. É dicir, un progresivo avellentamento da poboación unido a un

progresivo incremento da esperanza de vida, á vez que a base da pirámide decrece, denotando unha baixa natalidade.

Esta estrutura demográfica comarcal trasládase á realidade municipal que presenta, por grandes grupos de idade, a seguinte distribución.

Gráfico 4 . Distribución por tramos de idade nos concellos da Comarca de Fisterra. 2017.



Fonte: IGE.

As imaxes da distribución da poboación nos concellos da comarca amosan como o grupo de menos de 20 anos, non acada en ningún dos concellos analizados o 20% da poboación total. En canto a este grupo de idade, diferéncianse dous grupos de concellos. Así, nos concellos de Cee, Corcubiión e Fisterra a poboación menor de 20 anos ronda o 15% da poboación, mentres que nos de Dumbría e Muxía a presenza de xente nova é menor, situándose as cifras en torno ó 12%.

A distribución por idades é semellante en tódolos concellos, cunha estrutura poboacional baseada en torno a un 60% da poboación entre os 20 e os 65 anos, así como un cuarto da poboación é maior de 65 (cifra que chega ó 30% no caso dumbriés e muxián).

Esta distribución municipal amosa que a tendencia observada na comarca non se ve modificada pola presenza de tendencias demográficas que puideran responder a características locais relacionadas

cunha dinámica poboacional diferente, evidenciando un contexto demográfico comarcal como o local estable e homoxéneo.

Neste senso, outro elemento que achega información sobre a evolución da poboación e, máis concretamente sobre o proceso de avellentamento, é a idade media das persoas que habitan a da comarca en comparación cos da provincia e do conxunto de Galicia.

Táboa 3. Evolución da idade media na comarca de Fisterra, provincia da Coruña e Galicia. 2002 – 2017


Territorio	2002	2007	2017
Galicia	42,89	44,22	46,76
Provincia da Coruña	42,49	43,87	46,46
<b>Comarca de Fisterra</b>	<b>42,53</b>	<b>44,68</b>	<b>48,45</b>

Fonte: IGE.

Como se pode comprobar, a evolución xeral da idade media dos galegos é crecente, aínda que este proceso vese acentuado nos últimos 10 anos. Con todo, a comarca de Fisterra presenta uns datos similares á media galega e coruñesa no ano 2002. Xa no 2007 sitúase lixeiramente por riba da media galega e con case un ano máis de media que a que presenta a provincia da Coruña. A evolución que prosegue ata o 2017 presenta un incremento maior que no resto da comunidade e da provincia (na comarca a idade media aumenta en 4 anos mentres que en Galicia e na provincia o incremento é de 2), situándose cunha media de idade dous anos superior á dos territorios de referencia.

Por outra parte, a análise da evolución que veñen experimentando os nacementos e as defuncións no conxunto da comarca presenta unha imaxe nida do proceso de devalo na natalidade. No seguinte gráfico amósase como o saldo vexetativo da comarca fisterrá presenta datos negativos dende 1990, presentando unha tendencia decrecente cada vez máis agudizada, chegando a un saldo negativo de 179 persoas no 2015.

Gráfico 5. Evolución do saldo vexetativo da Comarca de Fisterra. 1975 - 2016.



Fonte: IGE. INE. Movemento natural da poboación.

Neste senso, os concellos de Fisterra presentan dinámicas semellantes, aínda que algo máis acentuado no caso dumbriés e muxián. Ao arredor do ano 1990 é cando os saldos vexetativos municipais comezaron a reverterse todos en negativos.


Táboa 4. Saldo vexetativo dos concellos da Comarca de Fisterra. 1975 - 2016.

Territorio	1975	1985	1995	2005	2015
Concello de Cee	57	3	-22	-5	-52
Concello de Corcubión	24	-1	-3	-14	-13
Concello de Dumbría	29	-2	-39	-23	-34
Concello de Fisterra	75	12	-15	-5	-29
Concello de Muxía	20	6	-24	-45	-51

Fonte: IGE. INE. Movemento natural da poboación.

Neste punto tamén é preciso deterse no efecto e evolución do saldo de carácter migratorio. Neste sentido, tal e como se observa no gráfico 6, a tendencia xeral é irregular ó longo do período analizado. Se ben os picos son positivos e negativos alternanse, no 2010 a comarca de Fisterra ten o seu último saldo migratorio positivo de 19 persoas. No ano 2013 acádase o saldo migratorio negativo máis acentuado cunha perda de 174 persoas, que contrasta coas 86 persoas que deixaron o saldo migratorio positivo máis notable no ano 2009.

Gráfico 6. Saldo migratorio da Comarca de Fisterra. 1998 – 2016



Fonte: IGE

Deste xeito, o proceso demográfico propio da comarca non se ve acentuado nos últimos anos polo saldo migratorio, xa que é volátil dun ano a outro. Este saldo está formado por dúas partes, o saldo interno e o externo. En primeiro lugar, a comarca de Fisterra presenta datos negativos nos movementos de carácter interno, con movementos intraprovinciais na grande maioría dos casos, sendo residuais os casos que emigran cara o resto de Galicia. Polo que respecta ó saldo externo, dende o ano 2000 ata o ano 2012 presenta datos positivos, nutridos principalmente pola inmigración do estranxeiro.

Os datos sobre a estrutura demográfica comarcal manifestan un progresivo avellentamento da poboación fisterrá. Neste sentido, é preciso facer referencia ós índices de avellentamento e sobreavellentamento como elementos de referencia para a análise destes fenómenos demográficos. Así, o índice de avellentamento amosa o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos, en tanto que o índice de sobreavellentamento relaciona as persoas de 85 ou máis anos por cada 100 de 65 ou menos anos.

Os datos oficiais ofrecen a posibilidade de analizar tanto a situación actual dos índices relacionados co avellentamento, como de realizar proxeccións para o futuro.

Táboa 5. Índice de avellentamento e sobreavellentamento na Comarca de Fisterra, Provincia da Coruña e Galicia. 2017, 2020, 2025 e 2030.


Índice	2017	2020	2025	2030
<b>Índice de avellentamento Fisterra</b>	<b>190.1</b>	<b>221.8</b>	<b>267.1</b>	<b>330.8</b>
Índice de avellentamento A Coruña	148,98	156,2	177,2	213,1
Índice de avellentamento Galicia	154,77	162,5	185.1	223,6
<b>Índice de sobreavellentamento Fisterra</b>	<b>14.7</b>	<b>17.1</b>	<b>17.5</b>	<b>18.9</b>
Índice de sobreavellentamento A Coruña	16,35	18,3	17,9	18,3
Índice de sobreavellentamento Galicia	17,48	19,4	18,9	19

Fonte: IGE

Neste sentido, a situación da comarca de Fisterra presenta uns números moito mais agravados dos que presenta tanto Galicia como a provincia da Coruña. Se ben o índice de avellentamento presenta uns datos superiores na actualidade, esta diferenza acentuarase co paso do tempo, chegando a ter máis de 100 puntos de diferenza no 2030 en comparación coa comunidade e coa provincia. Polo que respecta ó índice de sobreavellentamento, as cifras son lixeiramente inferiores na comarca ata o ano 2025. Xa no 2030, a comarca supera ó índice que presenta a provincia da Coruña, e queda á par do dato galego.

Deste xeito, consecuencia do proceso de avellentamento xeral e do incremento da esperanza de vida, a imaxe da estrutura poboacional para o 2030 da comarca de Fisterra, segundo as proxeccións de poboación, é a seguinte:

Gráfico 7. Pirámide de poboación da Comarca de Fisterra, 2030 en base a proxeccións de poboación.



Fonte: IGE

Como se observa, a estrutura demográfica prevista para o 2030 supón a continuidade da evolución observada ata a actualidade. A pirámide da proxección poboacional da comarca de Fisterra está construída sobre unha poboación de 19.326 habitantes. O descenso de poboación vai intimamente relacionado coa pouca representatividade que teñen os tramos das idades baixas, os de menos de 20 anos non alcanza ningún tramo o 2% da poboación e, o seguinte grupo de idade, dos 21 ós 39 anos non superan o 2,5% da poboación, tanto as mulleres coma os homes. O incremento prodúcese a partir dos 50 anos, onde o tramo dos homes chega ó seu máximo cun 4,1%, mentres que as mulleres

de 50 a 60 anos son o tramo máis representativo deste sexo cun 4% por tramo sobre a poboación total da comarca. A pirámide representa claramente o proceso de avellentamento da comarca de Fisterra.

### **1.20 ASENTAMENTO DA POBOACIÓN. DENSIDADE, DISPERSIÓN E CONDICIÓNS DA VIVENDA.**

Un dos elementos determinantes para o deseño de políticas de benestar adaptadas á poboación é o seu modelo de asentamento e de ocupación do territorio. Neste sentido, a comarca de Fisterra comprende, nos seus cinco concellos, un total de 33 parroquias e 254 entidades singulares de poboación.

Esta distribución completa un panorama dunha salientable dispersión da poboación xa que, como se pode comprobar, estase a definir un territorio no que a poboación agrúpase principalmente en torno ás cabeceiras de concello, existindo, iso si, multiplicidade de núcleos diferenciados habitados.

No Concello de Cee, a parroquia de cabeceira e na que se atopa o 58% da poboación do concello é Cee (Santa María da Xunqueira). O resto da poboación repártese en cinco parroquias de semellante nivel poboacional. A diferenza entre a segunda parroquia máis poboada –Brens (Santa Baia) con 889 persoas, equivalente ó 12% da poboación do concello- e a menos poboada –Lires (Santo Estevo) con 411 habitantes que suman o 5,5% do concello- é de apenas do 6% da concentración da poboación.

No caso do Concello de Corcubión, a poboación distribúese entorno a dúas parroquias. Corcubión (San Marcos) actúa como centro neuráxico con máis do 86% da poboación afincada na capital do concello. Só 217 persoas (o 14% da poboación do concello) reside na parroquia de Redonda (San Pedro).

Dumbría distribúe a súa poboación entre sete parroquias. Cunha distribución que varía entre o 21% da poboación que hai no Ézaro (Santa Uxía) e o 4% de Olveiroa (Santiago). A parte restante das parroquias sitúanse sobre as 400-600 persoas que abarcan entorno ó 13%-20% da poboación, como son os casos de Berdeogas (Santiago), Buxantes (San Pedro), Dumbría (Santa Eulalia) e Olveira (San Martiño).

Polo que respecta a Fisterra e ás súas catro parroquias, a meirande parte da poboación concéntrase en Fisterra (Santa María) que acolle a 2.882 persoas que equivalen ó 60% da poboación de todo o concello. Tanto Sardiñeiro (San Juan) coma Duio (San Martiño) posúen o 16% da poboación, namentres Duio (San Vicente) sitúase como a parroquia máis despoboada con 318 habitantes que conforman o 7% do total do concello fisterrán

O caso muxián presenta catorce parroquias, onde Muxía (Santa María) situase como núcleo máis poboado con 1527 habitantes que supoñen o 31% da poboación muxiá. Tanto Ozón (San Martiño) coma Moraime (San Xulián) son segundos núcleos máis poboados cun 17% da poboación residente nestas parroquias. Como parroquia máis despoboada está Buiturón (San Tirso) con 61 persoas residentes que representan o 1% da poboación do concello de Muxía.



Un elemento que contribúe a verificar a relación entre a dimensión do territorio e o volume de poboación é a evolución da densidade, definida como o número de habitantes por quilómetro cadrado de superficie. Neste sentido, tal e como se observa na seguinte táboa, de xeito coherente coa evolución demográfica xa analizada, a tendencia da comarca de Fisterra ten unha densidade poboacional máis baixa que a galega e que a provincial. Así, ó longo do treito analizado dende o 2002, a densidade poboacional na comarca descende en máis de 6 persoas por qm2.

Táboa 6. Evolución da densidade poboacional da Comarca de Fisterra por concellos. Habitantes por quilómetro cadrado. 2002 – 2017.

Territorio	2002	2007	2017
Galicia	91,2	92,7	91,6
Provincia de A Coruña	137,9	141	141,1
<b>Comarca de Fisterra</b>	<b>72.3</b>	<b>70.7</b>	<b>66.2</b>
Concello de Cee	124.5	131.5	131.7
Concello de Corcubión	302.2	284.9	255.2
Concello de Dumbría	34	30.8	27
Concello de Fisterra	174.6	171.2	166.6
Concello de Muxía	49.9	47.3	41.3

Fonte: IGE

Outro dos elementos a ter en conta relativo á dispersión, é a heteroxeneidade no comportamento dos diferentes Concellos. Así, no concello corcubionés, dada a súa pequena superficie municipal presenta uns datos de densidade poboacional moi superior á media da provincia da Coruña, con máis de 250 persoas por qm2. Neste caso cabe salientar que diminuíu en 50 persoas no período 2002-2017. O concello de Dumbría, pola contra, presenta unha densidade poboacional de menos de 30 persoas por qm2.

A complexidade da ocupación do territorio por parte da poboación en Galicia, froito dun modelo de asentamento tradicionalmente espallado en múltiples núcleos e entidades para o aproveitamento do territorio presenta matices no caso da comarca. Así, os grandes núcleos poboacionais sitúanse na capital do concello, elemento este que compaxinado coa importante superficie dalgúns Concellos (Dumbría, por exemplo) e o devalo demográfico, supón que a densidade sexa inferior á media galega e á da provincia da Coruña, o que supón un territorio cada vez máis desocupado.

Así, das 33 parroquias da comarca, só Cee (Santa María da Xunqueira) é quen de gañar poboación dende o ano 2000. Neste caso, pasouse de 3.458 habitantes a 4.376. Un incremento de 918 persoas que supón o 27%.


O resto das 32 parroquias descenderon en poboación sendo a perda máis numerosa en Cee na parroquia de Brens (Santa Baia) cunha perda de 316 habitantes (o 26%). En canto ó concello de Corcubión, é Corcubión (San Marcos) onde se perde maior número de habitantes (280 do ano 2000 ó 2017, o que supón o 25%). En Dumbría é a parroquia máis poboada a que perde máis poboación, Ézaro (Santa Uxía) con 452 persoas menos, o que supón o 42%. En Fisterra, Fisterra (Santa María) descende a súa poboación en 255 no treito analizado, un 8%, aínda que a maior caída porcentual preséntaa Duio cun 27% de perda. Pola banda das parroquias muxiáns, é Moraime (San Xulián) a que

presenta uns números máis acentuados de perda de habitantes, con 281 persoas menos no período 2000-2017 o que supón o 26%, aínda que porcentualmente a que presenta uns datos máis intensos é Morquintían cun 39%.

Deste xeito, hai un descenso xeral da poboación estendido ó longo de tódolos concellos e parroquias que compoñen a comarca, salientando a presenza de numerosas parroquias, sobre todo no caso de Muxía e Dumbría que presentan perdas superiores ó 30% da súa poboación.

Dentro da análise do asentamento da poboación no territorio, tamén é preciso facer referencia ós fogares e á súa ocupación en función do número de persoas que habitan neles. A continuación amósase a evolución da composición dos fogares da comarca de Fisterra que, no período analizado, pasan de 7.324 no 2001 a un total de 8.064 no 2011.

Gráfico 8. Evolución da composición dos fogares da comarca de Fisterra. 2001-2011<sup>1</sup>.



Fonte: IGE

Como se observa, a composición dos fogares non muda substancialmente no período 2001-2011, se ben experimentan un incremento as vivendas formadas por menos de 3 residentes, son as de máis de 5 persoas as que máis diminúen nestes dez anos (pasando do 11% ó 3%). En termos xerais, e tendo en conta as apreciacións metodolóxicas indicadas, a composición dos fogares evoluciona dende o 2001, onde eran as vivendas de tres persoas as que contaban cunha maior presenza na comarca (21%), ata o 2011 onde o bloque máis numeroso pasa a ser o de fogares formados por 2 residentes (25%).

No referente á superficie das vivendas, no 2001, o 22% das vivenda tiña menos de 75m<sup>2</sup>, mentres que o 64% atopábase entre os 76m<sup>2</sup> e os 120m<sup>2</sup>. Só o 15% das vivendas da comarca de Fisterra superan os 121m<sup>2</sup>. No 2011, este tipo de vivendas superiores ós 121m<sup>2</sup> incrementouse chegando á cifra do 20% das vivendas totais. O 50% correspóndelle ás vivendas entre 76m<sup>2</sup> e 120m<sup>2</sup>, mentres que as vivendas de menos de 75m<sup>2</sup> incrementáanse chegando ó 30% do total.

Segundo o réxime de tenza da vivenda, na comarca de Fisterra o 93% das vivendas son en réxime de propiedade, e tan só un 7% en réxime de alugueiro. Respecto ás vivendas en propiedade o 13% aínda ten cargas hipotecarias.

<sup>1</sup> O INE non recolle os datos nos casos de 3 residentes en Dumbría no ano 2011, e de 5 ou máis residentes en Corcubión e Dumbría. Ademais, de 5 en Muxía e de 6 ou máis en Fisterra.

Nas vivendas da área da Costa da Morte (área que abrangue as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Terra de Soneira e Xallas) o uso do teléfono móbil incrementouse en 5 puntos do 2010 ó 2015 e actualmente hai un 90% das vivendas que posúen este aparato electrónico. Pola contra, o teléfono fixo vai en descenso, pasando de contar o 70% dos fogares con el no 2010, a ter presenza so no 67% no 2015.

Con respecto á incidencia do internet contratado nos fogares da Área da Costa da Morte, esta foi en aumento pasando dun 34,96% no 2012 a un 63,61% no 2016. Así mesmo, a presenza de internet vai aparelhada á presenza de ordenadores nos fogares, que se incrementou en máis de 11 puntos no período ata chegar ó 56% no ano 2016.

Polo que respecta ás condicións das vivendas, a presenza de deficiencias de illamento, goteiras, humidades e podremias en solos ou ventás presenta unha evolución negativa do 2010 ó 2015. Se ben no 2010 eran o 45,5% das vivendas as que manifestaban non ter ningún tipo destes problemas, no ano 2015 son o 38,76% das vivendas sen problemas. Así, hai un 61% das vivendas que presenta algunha desas situacións problemáticas.

Finalmente, outro dos elementos a salientar pola súa incidencia, tanto no contexto de asentamento da poboación como na presenza de servizos públicos é a mobilidade. Neste sentido, o 77% das vivendas situadas na Área da Costa da Morte dispón dun vehículo para uso persoal no ano 2015.

### **1.3 EXTRACTO DA DINÁMICA DEMOGRÁFICA NA COMARCA DE FISTERRA.**

Ó longo do achegamento realizado tanto á evolución demográfica, como ó modelo de asentamento de poboación e ás condicións das vivendas da comarca de Fisterra, o contexto xeral da comarca vén determinado por un continuo descenso na poboación, unido e agravado polo proceso de avellentamento.

Esta dinámica xeral, observada a través de datos relativos á evolución global da poboación, á idade media desta ou ós saldos vexetativos e migratorios, replícase no modelo de asentamento da poboación no territorio, de tal xeito que a perda de poboación e o avellentamento son realidades palpables en cada un dos concellos que compón a comarca agás no núcleo urbano de Cee.

Neste sentido, ó longo do período analizado obsérvase como case a totalidade das parroquias perden poboación a excepción de Cee capital (Santa María da Xunqueira), elemento que vencellado co avellentamento xeral amosa a realidade mencionada da poboación en todo o territorio disperso que atinxe tanto a grandes núcleos coma a pequenos.

Ó mesmo tempo, obsérvase unha concentración poboacional, onde agás en Dumbría (a poboación está máis repartida), no resto de concellos, o núcleo poboacional principal é con diferenza o que leva o peso demográfico de cadanseu concello.

Ademais, é preciso incidir no relativo ás vivendas da comarca, atopándose este parque conformado maioritariamente por vivendas de tamaño medio-grande en réxime de propiedade. Neste sentido,

tamén é preciso destacar á importante porcentaxe de vivendas que declaran contar con problemas relacionados coa falta de espazo ou humidades, ou goteiras, entre outros. No referente ó asentamento das novas tecnoloxías nos fogares en torno ó aceso dun ordenador e internet, se ben a incidencia destes equipamentos é substancialmente menor ós promedios da provincia e de Galicia, o cal supón a existencia dunha salientable fenda dixital.

## 2. O contexto socioeconómico. Aspectos básicos e evolución.

Tal e como se indicaba con anterioridade, o contexto socioeconómico determina en boa medida as condicións de vida dos habitantes do territorio e, polo tanto, é unha parte fundamental á hora de elaborar unha política de benestar.

Dentro deste apartado, e co obxectivo de contextualizar a situación da cidadanía da comarca, utilizaranse diferentes indicadores relacionados coa evolución da renda, da actividade económica e laboral ou, por exemplo, da cohesión social de tal xeito que se establezan as bases para, de modo complementario coa evolución demográfica xa observada, avanzar nas principais características da sociedade sobre a que deben actuar as medidas do Plan de Acción.

### 2.1 ECONOMÍA, TRABALLO E ENSINO.

Un dos índices máis habituais que permite medir a situación económica xeral dun territorio é a evolución do Produto Interior Bruto por habitante, entendido como o resultado da actividade económica da comarca, e concellos correspondentes, en relación ao seu número de habitantes. Seguidamente amósase unha comparativa deste indicador cos datos de Galicia e da Provincia da Coruña conxuntamente coa Comarca de Fisterra e concellos (Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra e Muxía).

Táboa 7. Evolución do PIB por habitante en €. Galicia, Provincia, Comarca de Fisterra e Concellos. 2010 – 2014.

Territorio	2010	2012	2014
Galicia	20.574	19.660	20.077
Provincia da Coruña	21.918	21.462	22.055
<b>Comarca de Fisterra</b>	<b>18.649</b>	<b>16.792</b>	<b>17.979</b>
Concello de Cee	26.699	23.003	23.395
Concello de Corcubión	12.570	12.588	13.751
Concello de Dumbría	26.779	22.156	28.166
Concello de Fisterra	9.836	10.593	9.879
Concello de Muxía	11.866	11.380	12.224

Fonte: IGE


O PIB por habitante observado a nivel comparativo entre Galicia, a provincia e a realidade comarcal, que inclúe as situacións dos diferentes Concellos, amosa a presenza dunha salientable fenda entre a Comarca e os territorios de referencia. Así, en todo o período o PIB per cápita da Comarca rolda

entre o 82% do dato da provincia (cunha fenda bruta de máis de 4.000€) e o 90% do dato de Galicia (cunha diferenza de 2.000€ menos na comarca).

Estas diferenzas acentúanse ó estudar a realidade municipal onde, se ben os Concellos de Cee e Dumbría superan a barreira dos 20.000€; Corcubión e Muxía sitúanse en torno aos 13.000€, mentres que Fisterra non acada os 10.000€ de PIB por habitante. Así, a diferenza, en termos de PIB por habitante, entre os dous primeiros concellos con respecto aos outros tres é debido á actividade industrial presente en Cee e Dumbría. En termos de evolución, hai que indicar que a dinámica xeral é dunha primeira fase (2010-2012) de recesión, tanto na comarca como nos territorios de referencia, para remontar nos anos seguintes (2012-2014). Pero, non obstante, Corcubión presenta un incremento ininterrompido na súa evolución e Fisterra unha evolución inversa, con incremento na primeira fase e retroceso posterior.

Con respecto ó tecido empresarial da Comarca, ano 2014 había domiciliadas un total de 2.113 empresas que, segundo a súa condición xurídica, distribúense como amosa o seguinte gráfico:

*Gráfico 9. Estrutura do tecido empresarial da Comarca de Fisterra por condición xurídica. 2014.*



Fonte: IGE

O 76% das empresas da Comarca son persoas físicas, en tanto que o 14% corresponde ás sociedades limitadas. Do 10% restante salienta a presenza de 12 sociedades cooperativas, se ben en porcentaxe non supera o 1% do total.

Este tecido empresarial está adicado maioritariamente, nun 49%, ó sector servizos. Á agricultura e á pesca, dedícanse o 33% da actividade empresarial comarcal, en tanto que o sector da construción centra a actividade do 13% das empresas e, polo que respecta ó sector industrial, este apenas supón un 5% da actividade das empresas da comarca.

Así, pódese afirmar que o sector empresarial da comarca está formado por autónomos/as que desenvolven a súa actividade principalmente no sector dos servizos, salientando dentro deste sector ó comercio e á hostalaría que suman un total de 649 empresas, superando o 30% do total comarcal.


Polo que respecta ó 33% da actividade da comarca, é dicir, o sector primario, o agro experimenta unha notable diminución entre o 1999 e o 2009. Así, pasa de haber na comarca 2.453 explotacións

que xeraban 2.388 Unidades de Traballo / Ano (UTA)<sup>2</sup>, a atoparse activas no 2009, 1.098 explotacións que xeran 1.300 UTAs.

No sector da pesca, os permisos de marisqueo a pé nas confrarías da comarca tamén se reducen. Neste sentido, o número de permisos do 2001 ó 2018 redúcese á metade, pasando de haber activos un total de 160, no 2001, a contar no 2018 con 78. A confraría na a redución é máis acentuada é na de Fisterra, quen ó longo de período reduce o número de permisos de marisqueo a pé nun 81%. Nas confrarías de Corcubión e Muxía a redución é do 38% e 23% respectivamente.

A afiliación á Seguridade Social presenta no número de persoas afiliadas certa estabilidade entre o 2011 e o 2018 (hai 131 persoas menos de alta na Seguridade Social, o que supón un -1,8% de afiliación). Esta estabilidade na afiliación da comarca dáse despois dun salientable descenso entre o 2011 e o 2013 para, a continuación, iniciar unha suave recuperación ata acadar as cifras mencionadas na actualidade.

Gráfico 10. Evolución da afiliación á Seguridade Social por réximes na Comarca de Fisterra. 2011-2018.



Fonte: IGE

Por réximes, o réxime especial de persoas autónomas sofre un descenso do 5,3%, que tamén experimenta o réxime do mar con 22 persoas menos (-4,4%), quedando nas 474 persoas afiliadas. O réxime especial agrario incrementa a súa afiliación nun 41,2%, que en termos absolutos supón un incremento de 14 persoas (48 persoas afiliadas). Na mesma liña, cabe salienta o incremento dun 37% no período analizado da afiliación ó réxime especial de empregados/as do fogar.

Esta tendencia xeral á estabilidade da afiliación á seguridade social é compatible coa diminución do desemprego que, entre o ano 2011 e o mes de maio do 2018 descende nun 41%, pasando das 2.137 persoas desempregadas a un total de 1.254. Esta baixada vese reflectida tanto nas mulleres, cuxa cifra baixa nun 34% ata as 789 mulleres desempregadas, como nos homes, nos que o desemprego diminúe un 51% ata os 465 homes desempregados.

A formación, e as infraestruturas e servizos para tal fin, son outro dos elementos a analizar no desenvolvemento económico dun territorio.

<sup>2</sup> Unha UTA equivale ao traballo que realiza unha persoa a tempo completo ao longo dun ano.

Neste sentido, no ano 2016 a Comarca de Fisterra conta cun total de 16 centros onde se imparten ensinanzas oficiais do réxime xeral<sup>3</sup> non universitaria, do total de 538 existentes na provincia da Coruña e dos 1.378 actualmente operativos en toda Galicia. Destes 16 centros, 14 son de titularidade pública e 2 son de titularidade privada. Estes centros son utilizados pola poboación da Comarca para cursar diferentes ensinanzas oficiais. Así, para o ano 2011 a distribución da poboación en función do seu nivel de estudos é a seguinte:

*Táboa 8. Distribución da poboación por nivel de estudos. Galicia, provincia e Comarca. 2011.*

Territorio	Poboación total	Sen estudos	Menores de 16 anos	Primeiro grao	Segundo grao	Estudos superiores
Galicia	2.759.888	11,4%	12,6%	14,9%	47,3%	13,9%
Provincia da Coruña	1.137.555	11,0%	12,7%	14,2%	46,5%	15,5%
<b>Comarca de Fisterra</b>	<b>23.104</b>	<b>16,2%</b>	<b>12,2%</b>	<b>21,6%</b>	<b>24,9%</b>	<b>7,1%</b>

Fonte: IGE

Os datos recollidos na táboa amosan as diferenzas sobre a distribución académica da poboación fisterrá con respecto aos territorios de referencia. A cidadanía da Comarca de Fisterra presenta diferenzas substanciais con respecto a Galicia e á Provincia. Así, a porcentaxe de persoas sen estudos (ou que foron menos de 5 anos á escola) é 5 puntos superior á dos territorios de referencia. Esta diferenza matízase no relativo ás persoas menores de 16 anos que estaban a cursar estudos oficiais, en tanto que inverte a favor da Comarca en relación ás persoas con primeiro grao de estudos ou estudos primarios cursados (persoas que foron á escola 5 anos ou máis sen completar EXB, ESO ou bacharelato elemental) entorno aos 7 puntos.

Finalmente, as diferenzas volven aparecer ó analizar os chanzos máis elevados da estrutura de estudos. No relativo ás persoas con estudos secundarios a comarca presenta 20 puntos menos que Galicia e a provincia, é dicir, mentres que case a metade dos galegos teñen o segundo grao finalizado, na comarca Fisterra esta proporción redúcese a un de cada catro habitantes. En canto á obtención de estudos superiores, de novo a comarca presenta sobre 7% menos que os territorios de referencia.

## 2.2 A COHESIÓN SOCIAL.

Na breve análise realizada plásmase como a Comarca de Fisterra presenta, de xeito comparado coa provincia e con Galicia, uns datos económicos que a sitúan dentro dun grupo de comarcas de renda por habitante intermedias entre as que se atopan Barbanza, Muros ou Ordes.

Así, e continuando coa análise dos indicadores relevantes dentro das políticas de benestar, as condicións de vida das familias son un aspecto fundamental a analizar no marco do estudo do

<sup>3</sup> Dentro das ensinanzas de réxime xeral inclúense as seguintes: Ensinanzas Ordinarias (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Ciclos Formativos e Programas de Cualificación Profesional Inicial) e Ensinanzas de Adultos (Nivel I, Nivel II, ESO de adultos, Bacharelato e Ciclos Formativos).



contexto socioeconómico da comarca de Fisterra como característica da cidadanía fisterrá en termos de cohesión social.

Neste sentido, é necesario deterse no indicador da taxa de risco de pobreza ou exclusión social (estratexia Europa 2020<sup>4</sup>), cuxa evolución se detalla na seguinte táboa.

*Táboa 9. Evolución da Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (estratexia Europa 2020). Galicia, provincia e Área da Costa da Morte da Coruña. 2011 – 2016.*

Territorio	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Galicia	22,05	23,58	22,83	22,11	22,55	20,33
Provincia da Coruña	21,49	21,49	22,27	19,95	19,13	18,04
<b>Área da Costa da Morte</b>	<b>28,3</b>	<b>28,27</b>	<b>28,9</b>	<b>28,45</b>	<b>22,31</b>	<b>19,33</b>

Fonte: IGE

Os datos oficiais da Taxa de Risco de Pobreza agrúpanse por áreas que, no caso da comarca de Fisterra, como xa se indica anteriormente forma parte da área da Costa da Morte xunto coas comarcas de Bergantiños, Muros e Terra de Soneira e Xallas.

A análise dos datos permite observar como a área parte dunha situación inicial no ano 2011 onde a taxa era significativamente superior aos datos que presentaban Galicia e a provincia (28% da poboación en risco na comarca fronte ao 22%). Esta taxa do 28% mantense na comarca ata o 2014, cando cae ó 22%, a niveis do dato galego, para continuar reducíndose no 2016 ata o 19%. Así, no 2016 a Costa da Morte presenta taxa (19%) de poboación en risco por debaixo do dato galego (22%), aínda que algo superior ó da provincia (18%).

O 19% de poboación en risco de pobreza ou exclusión social na Comarca de Fisterra equivale a máis de 4.100 persoas que se atopan en situación de carencia material severa ou que contan cunha renda mensual por baixo do limiar de pobreza, situado no 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas, que suporía 638,68€ mensuais para o caso de acollerse á cifra de limiar do risco de pobreza do conxunto de Galicia ou 669,55€ para o caso de acollerse á cifra do limiar do risco de pobreza para a provincia da Coruña do 2016.

En canto á situación das familias da comarca, no ano 2016 o 40% das familias da área da Costa da Morte chegan con facilidade a fin de mes. Esta variable presenta unha evolución positiva xa que no ano 2007 esta cifra roldaba o 24% dos fogares. É dicir, pasouse do ano 2007 a que só unha de cada catro familias cheguen con facilidade a fin de mes a seren case unha de cada dúas. De tódolos xeitos, é salientable que o 60% das familias da área chegue con dificultade ou moita dificultade a fin de mes.

<sup>4</sup> Este indicador define a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións: (I) En risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo; (II) En carencia material severa; e (III) Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo, é dicir, onde o número de días que os adultos de 18 a 59 anos dese fogar tiveron ingresos por traballo supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano natural anterior á realización da enquisa

Con respecto ás cifras de ingresos fixadas estatisticamente para considerar un fogar dentro da categoría de dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes, para o conxunto de Galicia establécese para o 2016 que a mediana de ingresos ascende a 1.490€ no caso da dificultade e 883€ no caso da moita dificultade. Estas cifras son, para o caso da provincia da Coruña, de 1.575€ e 880€ respectivamente.

Neste sentido, é preciso indicar que, se ben o diferencial na taxa de risco de pobreza sitúa á comarca entre o dato galego (lixeramente máis alto) e o dato provincial (lixeramente máis baixo), o dato da Área da Costa da Morte no tocante á dificultade de chegar a fin de mes sitúase entre 8 e 9 puntos superior ós datos dos territorios de referencia para o ano 2016.

Seguidamente recóllense os datos referentes á evolución dos ingresos dos fogares e das persoas:

*Táboa 10. Evolución dos Ingresos mensuais dos fogares e dos Ingresos por persoa. Galicia, provincia e Área da Costa da Morte da Coruña. 2011 – 2016.*

Ano	Galicia		Provincia		Área da Costa da Morte	
	Ingreso dos fogares	Ingreso por persoa	Ingreso dos fogares	Ingreso por persoa	Ingreso dos fogares	Ingreso por persoa
2011	1.908€	745€	1.984€	772€	1.719€	645€
2012	1.906€	734€	1.995€	775€	1.699€	638€
2013	1.910€	744€	1.993€	783€	1.731€	630€
2014	1.915€	749€	2.015€	795€	1.802€	660€
2015	1.930€	759€	2.036€	807€	1.816€	669€
2016	2.007€	792€	2.095€	834€	1.865€	693€

Fonte: IGE

A Área da Costa da Morte presenta un nivel de ingresos dos fogares máis baixo que os datos galegos e provincial. Así, e en comparación co primeiro, se os galegos contan cunha media de 2.007€, os fogares da Costa da Morte sitúan os seus ingresos nos 1.865€, é dicir, 142€ menos mensuais. Se a comparativa é cos datos provinciais, a fenda acrecéntase ata os 230€ de diferenza.

En canto ós ingresos por persoa, novamente existe unha fenda de 99€ en relación co dato galego e 141€ respecto ó provincial, situando uns ingresos de 693€ por persoa na área namentres que en Galicia e na Provincia da Coruña é de 792€ e 834€ respectivamente.

Con todo, a evolución dos ingresos mensuais na área, dende o ano 2011, é positiva, incrementando a cifra da Área da Costa da Morte dende aquela os ingresos dos fogares en 146€ e os ingresos por persoa en 48€.

Neste sentido, e para seguir conformando a imaxe da capacidade económica da poboación da comarca de Fisterra, os datos oficiais ofrecen a posibilidade de afondar na realidade da renda dispoñible bruta por habitante.

Este indicador, desagregado a nivel municipal e comarcal, obtense a partir do saldo de rendas primarias sumando as prestacións sociais e as transferencias correntes que son un recurso para os fogares; e restando os impostos sobre a renda, as cotizacións sociais e as transferencias correntes.

Polo que é relevante para amosar a situación económica da cidadanía na comarca con respecto ós territorios de referencia.

*Táboa 11. Evolución da Renda dispoñible bruta por habitante. Galicia, Provincia, Comarca de Fisterra e Concellos. 2010 – 2015.*

Territorio	2010	2012	2015
Galicia	13.661 €	13.365 €	13.838 €
Provincia da Coruña	14.488 €	14.247 €	14.751 €
<b>Comarca de Fisterra</b>	<b>10.905 €</b>	<b>10.441 €</b>	<b>10.676 €</b>
Concello de Cee	12.240 €	11.847 €	11.506 €
Concello de Corcubión	14.540 €	13.205 €	13.496 €
Concello de Dumbría	10.017 €	9.566 €	9.926 €
Concello de Fisterra	9.341 €	8.655 €	9.701 €
Concello de Muxía	9.876 €	9.763 €	9.929 €

Fonte: IGE

A táboa amosa a diferenza municipal da renda dispoñible bruta por habitante na Comarca de Fisterra en comparación cos territorios de referencia (Galicia e a Provincia da Coruña). Así, os habitantes da comarca contan co 77% da renda galega e o 72% da coruñesa. Isto supón para os habitantes da comarca entornó aos 3.000€ de diferenza con respecto a Galicia e 4.000€ menos respecto do dato provincial.

A nivel local, os concellos da comarca presentan a seguinte situación, o concello con maior renda dispoñible por habitante é Corcubión (con case 13.500€), a pesar de que sofre un maior descenso (1.044€ menos dende o ano 2010). Cee é o segundo concello da comarca en renda dispoñible por habitante (11.500€) e o que tamén experimenta unha maior redución (734€ menos).

Tanto Dumbría, coma Fisterra e Muxía, presentan unhas rendas para o ano 2015 similares. Todas roldan os 10.000€ pero sen chegar a eles. A evolución presenta unha mellora de 360€ dende o 2010 en Fisterra. Á par, Muxía que presenta un incremento de 53€. Dumbría, nun proceso de retroceso, perde 91€ de renda dispoñible bruta por habitante dende o ano 2010.

No marco da análise da economía das familias e fogares da comarca é relevante deterse na procedencia dos ingresos cos que contan fogares. Para esta aproximación empréganse ós datos oficiais vixentes que permiten un achegamento territorial á realidade de Galicia e da provincia, e que amosan información sobre as orixes destes ingresos en función do traballo por conta allea, por conta propia, por prestacións ou por rendas e outros ingresos.

Os datos da evolución, do 2011 ó 2016, da estrutura de ingresos dos fogares amósase na seguinte táboa:

Táboa 12. Evolución da estrutura de ingresos dos fogares, en porcentaxe. Galicia e provincia. 2011 – 2016.

Ano	Traballo por conta allea		Traballo por conta propia		Prestacións		Rendas e outros	
	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña
2011	52,93	54,62	10,05	9,5	33,86	32,64	3,15	3,25
2012	50,58	52,78	10,16	9,96	36,31	34,28	2,95	2,99
2013	49,87	51,69	10,48	10,74	36,9	34,81	2,75	2,76
2014	50,43	52,14	9,87	9,75	36,87	35	2,82	3,1
2015	50,84	53,26	9,89	8,87	36,35	34,75	2,92	3,12
2016	50,47	51,99	10,49	10,43	36,02	34,31	3,02	3,27

Fonte: IGE

A evolución da estrutura de ingresos dos fogares que presenta a táboa amosa, ó longo do período, estabilidade nos pesos das diferentes orixes de fondos que conforman os ingresos dos fogares. Así, para o caso de Galicia o traballo por conta allea supón ó redor do 50% dos ingresos dos fogares, en tanto que as prestacións supoñen o 36% e o traballo por conta propia non supera o 10,5%. As porcentaxes e a evolución difiren pouco para o caso da provincia, se ben o peso do traballo por conta allea sitúase ó redor do 52% e as prestacións no 34%, en tanto que o traballo por conta propia tampouco supera o 10,5% xa observado para o conxunto de Galicia.

Seguidamente, e para continuar coa análise da renda dispoñible, hai que facer mención do peso que teñen as prestacións sociais sobre o total da renda das persoas a nivel municipal e a súa evolución dende o ano 2010 ata o 2015.

Táboa 13. Evolución do peso das prestacións sobre a renda dispoñible bruta por habitante. Galicia, Provincia, Comarca de Fisterra e Concellos. 2010 – 2015<sup>5</sup>.

Territorio	2010	2012	2015
Galicia	29%	32%	32%
Provincia da Coruña	28%	31%	31%
<b>Comarca de Fisterra</b>	<b>32%</b>	<b>37%</b>	<b>38%</b>
Concello de Cee	31%	35%	37%
Concello de Corcubión	26%	31%	32%
Concello de Dumbría	36%	40%	42%
Concello de Fisterra	35%	40%	40%
Concello de Muxía	33%	37%	41%

Fonte: IGE

<sup>5</sup> Esta análise constrúese sobre os datos oficiais procedentes do IGE relacionados coa conta de distribución secundaria da renda, que amosa como se asigna o saldo das rendas primarias dos fogares por medio da redistribución, é dicir, mediante os impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc., as cotizacións e prestacións sociais en efectivo e as outras transferencias correntes. Nesta conta rexístranse as operacións que para os fogares residentes, constitúen unha redistribución da renda en efectivo, tanto en recursos (prestacións sociais, indemnizacións de seguros non vida, ...) coma en empregos (impostos correntes, cotizacións sociais, primas netas de seguro...). O saldo da conta é a renda dispoñible, que reflicte as operacións correntes e que exclúe, explicitamente, as transferencias de capital, as ganancias e perdas de posesión reais e as consecuencias de sucesos como as catástrofes naturais. Ademais, dentro das prestacións sociais inclúense as prestacións da seguridade social en efectivo, as prestacións doutros sistemas de seguros sociais e as prestacións da asistencia social en efectivo.

Os datos evidencian que o peso das prestacións sobre a renda na comarca do Fisterra é superior que nos territorios de referencia. Así, a evolución de Galicia e da Provincia da Coruña é ascendente pero de xeito leve, no caso da Comarca de Fisterra obsérvase un incremento moito máis acelerado, pasando do 32% no ano 2010 a un 38% no ano 2015.

A nivel municipal os datos evolucionan á alza dun xeito lineal en tódolos Concellos aínda que salienta o Concello de Muxía onde o peso se incrementa nun 8% no período, en tanto que a evolución do resto dos Concellos oscila entre o 5% e o 6%. Ademais, débese salientar que nos concellos de Dumbría e Muxía o peso das prestacións supera o 40% sobre a renda, cifra na que se sitúa Fisterra; en tanto que Corcubiión sitúase en cifras máis achegadas á de Galicia e da Provincia. No caso de Cee, o peso das prestacións sobre a renda dispoñible bruta ascenden ao 37%.

Dentro desta análise, tamén é preciso realizar un achegamento ás cantidades ingresadas atendendo á fonte do ingreso do fogar. Así, como foi observado na táboa 10, no 2016 o ingreso promedio dos fogares rolda os 2.000€ para Galicia e para a provincia, e para a Área da Costa da Morte este sitúase sobre os 1.800€. Estas cifras poden ser desagregadas atendendo á fonte principal do ingreso, é dicir, a se o ingreso procede principalmente do traballo ou das prestacións como. Neste sentido, e co obxectivo de afondar na realidade, tomase a mediana de ingresos<sup>6</sup> como indicador.

*Táboa 14. Evolución da mediana de ingresos do fogar atendendo á súa fonte principal. Galicia e provincia. 2011 – 2016.*

Ano	Ingresos do traballo		Ingresos por prestacións	
	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña
<b>2011</b>	2.033	2.100	1.212	1.276
<b>2012</b>	2.080	2.143	1.243	1.283
<b>2013</b>	2.057	2.073	1.265	1.334
<b>2014</b>	2.100	2.164	1.282	1.329
<b>2015</b>	2.100	2.190	1.293	1.342
<b>2016</b>	2.150	2.199	1.365	1.400

Fonte: IGE

A táboa 14 amosa a mediana das contías percibidas polos fogares en función da súa principal fonte de ingresos. Así, e dentro dun contexto xeral de incremento limitado das cantidades, obsérvase que aqueles fogares cuxo ingreso principal procede de prestacións contan cunha cifra que rolda o 60% dos ingresos dos fogares cuxo ingreso principal procede do traballo. Ademais, tamén é posible observar unha limitada diferenza tanto en ingresos do traballo como en ingresos procedentes de prestacións favorable á provincia da Coruña.

En relación ós ingresos procedentes do traballo, hai que indicar que estes proceden maioritariamente dos salarios ou do traballo por conta allea, como xa se comenta na táboa 12. Así, para o ano 2014 o salario bruto anual promedio en Galicia ascendía a 20.195€, sendo preciso

<sup>6</sup> A mediana dos ingresos é o valor que, ordenando todos os fogares de menor a maior ingreso, deixa unha metade deles por debaixo do dito valor e a outra metade por enriba.

diferenciar entre as persoas contratadas con duración indefinida, cuxo salario promedio era de 21.591,5€ e das persoas con contratos de duración determinada, cuxo salario promedio era de 15.229,3€. Esta contía promedio supón un ingreso mensual en termos de salario bruto de 1.552,5€ e, en termos netos, de 1.227,4€.

Con todo, é preciso indicar que para o ano 2014 estímase que un 11,2% dos salarios en Galicia considéranse dentro da categoría de salarios baixos, considerando salario baixo a aquelas persoas que gañan 2/3 ou menos da mediana das ganancias brutas por hora na rexión/país de referencia. Esta cifra é do 11% para a provincia da Coruña.

Outro dato que serve para acabar de conformar a imaxe dos ingresos cos que contan as familias da comarca é o dos fogares onde as prestacións representan máis do 50% do total dos ingresos.

Neste sentido, as cifras oficiais de Galicia e da provincia para o período 2011 – 2016 amosan un abano de fogares do 42% - 44% que integran este grupo, en tanto que na provincia este abano sitúase no 40% - 42%. Con todo, salienta o número de fogares nos que o ingreso por prestacións supón o total dos ingresos, que para o 2016 se sitúa en Galicia no 31% e na provincia no 28% do total.

A área da Costa da Morte, da que forma parte a comarca de Fisterra, é a segunda área onde máis peso teñen as prestacións nos ingresos, sendo unicamente superada pola área de Ferrol-Eume-Ortegal. Así, os datos indican que no 47% dos fogares da Costa da Morte o 50% dos seus ingresos provén de prestacións, existindo un 33% onde a totalidade da súa economía depende deste tipo de ingresos.

Dentro destas prestacións teñen especial importancia as relacionadas coas pensións de carácter contributivo que, no ano 2011, eran percibidas por 5.775 persoas na Comarca de Fisterra, onde o importe medio situábase nos 723,56€. Seis anos despois, no 2017, son 5.980 as pensións contributivas na comarca, cun importe á alza de 792,99€. O nivel destes ingresos, comparándoo cos datos que presenta Galicia (cun importe de 896,24€) e coa provincia da Coruña (927,97€ de importe medio), é notablemente inferior na comarca.

### **2.3 OS GASTOS DOS FOGARES.**


A aproximación á realidade das vivendas no territorio realizado na análise demográfica, complétase no actual apartado co estudo dos principais gastos dos fogares e a súa incidencia sobre os hábitos de vida da poboación o cal, vencellado cos datos expostos sobre a renda e os ingresos analizados no anterior apartado, contribuirá a continuar contextualizando as políticas de benestar.

Os datos sobre propiedade e hipotecas analizados na parte demográfica teñen aquí a súa actualización para o ano 2016 en área da Costa da Morte. Nas localidades da área as vivendas con cargas hipotecarias son o 13%, dato este que sitúa á área, e por extensión á comarca de Fisterra, no

nivel máis baixo de tódalas áreas da provincia. Así, a incidencia da débeda hipotecaria nas vivendas da área é de 5 e 7 puntos inferior ó dato galego e provincial respectivamente.

A evolución, dende o ano 2011 ata o 2018, dos gastos hipotecarios por número de habitantes quedan recollidos no seguinte gráfico:

Gráfico 11. Evolución do custo mensual das hipotecas activas. Galicia, provincia e Concellos galegos menores de 10.000 habitantes. 2011-2016.



Fonte: IGE

Segundo os datos, na comarca de Fisterra o gasto medio en hipotecas sitúase ó redor dos 355€ mensuais. A evolución é descendente tralo punto de inflexión do ano 2012, onde se chega a un gasto de 437€. Neste ano, 2012, o nivel de gasto dos concellos de menos de 10.000 habitantes acadaba o nivel galego. Para o ano 2016 hai unha fenda de 50€ entre os territorios de referencia e o dato referido ós concellos menores de 10.000 habitantes, nos que se integran Cee, Corcubión, Dumbría, Muxía e Fisterra.

Outro dos elementos que a contemplar á hora de estudar as condicións socioeconómicas da poboación é o relacionado co aforro que os fogares declaran afrontar en alimentos e reparacións<sup>7</sup>. Así, se ben a porcentaxe de fogares que declara este tipo de aforro en Galicia e na provincia é do 44% e do 42,7% para o ano 2016, na Área da Costa da Morte a cifra ascende ata o 55%, sendo unha das áreas intermedias.

Neste sentido, á hora de cuantificar este aforro, os datos oficiais amosan que, en tanto en termos xerais os fogares que aforran en Galicia e na provincia declaran uns aforros promedio de 67€ e 72€ mensuais respectivamente, os fogares da Costa da Morte elevan esta cifra ata os 95€ mensuais para o ano 2016. Con todo, esta contía é a menor do período 2011 – 2016 para o conxunto de Galicia, diminuíndo dende os 107€ do 2011, en tanto que o chan da evolución para a provincia dáse no 2015 con 69€ e o teito é do 2011 con 109,67€ mensuais. A evolución das contías para a Área da Costa da Morte é decrecente, pasando de chegar a aforrar en alimentos ou reparacións un total de 155€ no ano 2011 (a cifra máis elevada no tempo e nas áreas analizadas), ata que no 2015 baixa ata os 85€

<sup>7</sup> O aforro en alimentos defínese como o aforro que tivo lugar ó ser o propio fogar o que os produce u ben llos regalou algún familiar ou amigo e, polo tanto, lle evitou ao fogar a súa compra. Con respecto ó aforro en reparacións, refírese a que algún membro do fogar, familiar ou amigo realizou tarefas tales como pintar, reparar avarías, facer ou montar mobles... que supuxeron para o fogar un aforro de máis de 500 euros. Definicións obtidas do IGE.

para subir un ano despois 10€ e situar o aforro desta área como a segunda máis alta (tras Ferrol-Eume-Ortegal) con 95€.

### 2.4 SÍNTESE DO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO NA COMARCA.

A análise socioeconómica da comarca de Fisterra realizada neste punto, en base ós principais indicadores de referencia, indican unha actividade económica na comarca desenvolvida fundamentalmente por autónomos/as (76% do total), relacionados co sector servizos (que ocupa a metade da actividade empresarial comarcal). Así mesmo, cabe destacar a presenza do sector primario, que ocupa a un terzo da actividade da comarca. Con todo, o PIB per cápita na comarca é substancialmente inferior ó galego e provincial, cunha diferenza de 2.000€ e 4.000€ respectivamente.

Os datos amosan, por unha parte, certa estabilidade na afiliación á Seguridade Social da comarca e, por outra, un claro descenso no número de desempregados.

A nivel formativo a comarca fisterrá é unha das que conta cun menor volume de poboación en terceiro grao, tralas comarcas de Terra de Soneira, Terra de Melide, Xallas e A Barcala.

Respecto á cohesión social, a comarca ten unha taxa de risco de pobreza ou exclusión social do 19%, o que equivale a máis de 4.100 persoas en toda a comarca nesta situación. Con respecto á renda bruta, os datos sitúan á comarca por debaixo dos promedios galego e provincial, concretamente o 23% e 28% menos de renda respectivamente. Neste senso, hai que destacar que o 38% das rendas comarcais corresponden a algún tipo de prestacións, indicativo da relevancia das transferencias públicas na economía comarcal e local.



### **3. Os servizos sociais. Situación e evolución.**

As administracións locais, atendendo á normativa vixente, teñen un rol fundamental dentro do conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos que son as políticas de benestar, destinadas estas a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación.

Neste sentido, dentro do conxunto de servizos integrados dentro do sistema público de servizos sociais, é responsabilidade das administracións locais a xestión dos servizos sociais comunitarios, entendidos como o acceso normalizado ós servizos sociais e primeiro nivel de intervención (Art. 9.1 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia), sendo, por tanto, a súa función principal a atención ós cidadáns no achegamento e acceso ó sistema de servizos sociais.

A continuación serán analizadas diferentes variables relacionadas tanto coa existencia e localización de entidades (públicas, privadas e sociais) que traballan en materia de benestar na comarca, como coa súa actividade. Así, dentro deste apartado, estudaranse aspectos como os equipamentos e a súa evolución ó longo do tempo, o financiamento das entidades públicas e os seus equipos de traballo, ou os programas máis salientables que estas desenvolven, facendo especial fincapé naqueles servizos locais de elevada capilaridade territorial e de salientable impacto en termos de emprego e de atención ás persoas usuarias, como é o caso do Servizo de Axuda no Fogar.

#### **3.1 AS ENTIDADES E OS EQUIPAMENTOS DE BENESTAR NA COMARCA.**

O conxunto de servizos e prestacións que conforman o sistema de servizos sociais necesita contar coas infraestruturas e equipamentos suficientes que permitan unha axeitada prestación dos mesmos, así como un desenvolvemento que responda tanto á realidade da poboación como ás necesidades dos cidadáns de cada territorio.

Neste sentido, é necesario coñecer a rede de axentes sociais, tanto de titularidade pública como privada, que integran na Comarca de Fisterra o sistema de servizos sociais, así como identificar e ter unha imaxe clara dos centros e equipamentos que, no eido do benestar social, actúan e traballan no territorio da comarca.

## A)As Entidades de Servizos Sociais<sup>8</sup>.

A comarca de Fisterra conta cun total de 8 entidades prestadoras de servizos sociais.

As entidades da comarca de Fisterra son 5 de titularidade pública e 3 pertencen a iniciativas de carácter social.

### Entidades públicas:

- 1 Concello de Cee
- 2 Concello de Corcubión
- 3 Concello de Dumbría
- 4 Concello de Fisterra
- 5 Concello de Muxía

### Entidades de iniciativa social:

- 1 Asociación cooperadores da obra social Nosa Señora do Carme - Fisterra
- 2 Asociación padres de niños deficientes físicos y psíquicos de la comarca del Xallas - Cee
- 3 Fogar do pensionista da casa do mar de Fisterra - Fisterra

*Imaxe 2. Distribución das entidades prestadoras de servizos sociais nos concellos da Comarca de Fisterra.*



Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

A distribución que presenta o mapa recolle que no Concello de Fisterra localízanse 3 das 8 entidades prestadoras de servizos sociais presentes na comarca, no Concello de Cee hai 2 e o resto dos concellos, Corcubión, Dumbría e Muxía, unicamente contan coa administración local como entidade prestadora de servizos sociais.

As áreas estratéxicas de actuación nas que se clasifican as entidades da comarca de Fisterra, ó abeiro do disposto no artigo 12.2 do Decreto 254/2011<sup>9</sup> e recollidas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, indican que, alén dos propios concellos que, pola súa función de atención ós cidadáns no seu acceso

<sup>8</sup> Neste apartado recóllense as entidades que están rexistradas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, na comarca de Fisterra, ata o 30/06/2018.

<sup>9</sup> Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia (DOG nº 14, do 20 de xaneiro de 2012).

ós servizos sociais, teñen un ámbito de actuación amplo que abarca tódalas áreas, as entidades de carácter de social presentes na comarca prestan servizos de atención á discapacidade, de atención a menores e as persoas maiores.

## B) Os Centros de Servizos Sociais<sup>10</sup>.

Os centros de servizos sociais que se atopan localizados na comarca de Fisterra son 12, dos cales 6 son de titularidade pública e 6 pertencen a iniciativas sociais.

### Centos públicos:

- 1 Centro social da terceira idade - Cee
- 2 Centro sociocomunitario de Benestar de Corcubión - Corcubión
- 3 Escola infantil de Fisterra - Fisterra
- 4 Escola infantil municipal de Corcubión - Corcubión
- 5 Escola infantil municipal Vila de Xunqueira - Cee
- 6 Escola infantil unitaria de Muxía - Muxía

### Centos de iniciativa social:

- 1 Centro de día de gravemente afectados ASPADEX - Cee
- 2 Centro ocupacional ASPADEX - Cee
- 3 Fogar residencial N<sup>a</sup> Sra. Do Carme - Fisterra
- 4 Miniresidencia Nosa Señora do Carme - Fisterra
- 5 Residencia de adultos ASPADEX – Cee
- 6 Vivenda tutelada ASPADEX - Cee

*Imaxe 3. Distribución dos centros de servizos sociais nos concellos da Comarca de Fisterra.*



Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

No mapa obsérvase a distribución dos centros de servizos sociais nos concellos da comarca de Fisterra. Cee é o concello que concentra un maior número de centros de servizos sociais, 6, no

<sup>10</sup> Neste apartado recóllense os centros que están rexistrados no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, na comarca de Fisterra, ata o 30/06/2018.

Concello de Fisterra localízanse 3 centros, 2 centros están en Corcubión e 1 hai en Muxía. O Concello que non conta con ningún centro destas características é Dumbría.

Táboa 15. Distribución dos centros de servizos sociais da Comarca de Fisterra segundo o seu ámbito de actuación.

Ámbito de actuación	Centros	
	Titularidade pública	Titularidade privada - iniciativa social
<b>Dependencia</b>		1
<b>Discapacidade</b>		4
<b>Infancia</b>	4	
<b>Maiores</b>	2	
<b>Menores</b>		1

Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

As principais áreas de actuación dos centros presentes na comarca son a infancia, á atención ás persoas con discapacidade, habendo un total de 4 centros de atención á infancia e 4 de atención ás persoas con discapacidade. Os maiores contan con 2 centros. Un centro adícase á atención ás persoas dependentes e outro á atención ós menores.

O tipo de centros presentes na comarca, en base ós ámbitos de actuación anteriormente citados, recóllense na seguinte táboa:

Táboa 16. Número de centros de servizos sociais da Comarca de Fisterra segundo a súa tipoloxía e número de prazas totais autorizadas.2017.

Tipo de centros	Ámbito de actuación	Número	Titularidade	Concello no que se localiza	Total prazas autorizadas
<b>Centro de día</b>	Discapacidade	1	Social	Cee	15
<b>Centro ocupacional</b>	Discapacidade	1	Social	Cee	65
<b>Centro social</b>	Maiores	2	Pública	Cee	-
				Corcubión	-
<b>Escola infantil</b>	Infancia	3	Pública	Cee	57
				Corcubión	15
				Fisterra	41
<b>Punto de atención á infancia</b>	Infancia	1	Pública	Muxía	20
<b>Residencia</b>	Dependencia	1	Social	Fisterra	15
	Discapacidade	1	Social	Cee	19
	Menores	1	Social	Fisterra	15
<b>Vivenda/ piso tutelado</b>	Discapacidade	1	Social	Cee	7

Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

Para a atención ás persoas maiores e á dependencia a Comarca de Fisterra conta cunha única residencia, localizada no concello de Fisterra, xestionada por unha entidade social (a Asociación Cooperadores da obra social Nosa Sra. do Carme) cunha capacidade de 15 prazas autorizadas. Na comarca non se conta con ningún servizo de atención non residencial destinado á atención destes colectivos.

Na comarca hai un total de 4 centros de atención á primeira infancia, todos eles de titularidade pública, 3 escolas infantís, cun total de 113 prazas, e 1 punto de atención á infancia con 20 prazas. As escolas infantís están localizadas nos concellos de Cee, Corcubión e Fisterra. Muxía conta co punto de atención á infancia. O único concello da comarca que non conta con este servizo é Dumbría.

A atención ás persoas con discapacidade aténdese na comarca nos 4 centros localizados no concello de Cee. Así, os equipamentos de atención ás persoas con discapacidade son 1 centro de atención non residencial (centro de día) cunha capacidade de 15 prazas autorizadas, 2 centros de atención residencial, 1 residencia con 19 prazas e unha vivenda tutelada para 7 persoas usuarias, e 1 centro ocupacional cunha capacidade total de 65 prazas autorizadas. Tódolos centros de atención ás persoas con discapacidade da comarca están xestionados pola entidade ASPADEX - Asociación padres de niños deficientes físicos y psíquicos de la comarca del Xallas.

A comarca conta cun centro residencial de atención a menores cunha capacidade de 15 prazas autorizadas no concello de Fisterra. Este equipamento está xestionado pola entidade social, Asociación Cooperadores da obra social Nosa Sra. do Carme.

### **Análise e cobertura dos centros.**

A Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia no artigo 44.2 define o instrumento de planificación encargado tanto da definición das áreas sociais de Galicia como dos criterios de dotación de centros e servizos sociais no territorio, ó Mapa galego de servizos sociais.

Se ben o Mapa galego de servizos sociais non está publicado nos termos que recolle a Lei 13/2008, no ano 2008 a Xunta de Galicia publica o *“Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial”*. Esta publicación contén tanto o inventario dos recursos sociais de Galicia, para identificar os recursos existentes no territorio no eido dos servizos sociais, como os criterios para a dotación de centros e servizos sociais, definindo, para determinados equipamentos, as ratios de cobertura obxectivo a lograr nos vindeiros anos para os diferentes territorios.

Nesta diagnose emprégase a metodoloxía definida no *“Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial”* para a determinación das ratios de cobertura así como para as prazas obxectivo dos diferentes equipamentos sociais, co obxectivo de poder establecer unha comparativa e describir a situación actual dos equipamentos de servizos sociais atendendo ó ámbito territorial obxecto desta diagnose, o comarcal, que defire nalgúns casos das áreas sociais definidas no Mapa.

No *“Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial”* a Comarca de Fisterra inclúese na área social denominada área rural 10 que está formada polos concellos de Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra e Muxía, e dicir, os mesmos que forman a Comarca de Fisterra.

### Os centros de atención ás persoas maiores.

No ano 2005<sup>11</sup> a comarca contaba con 1 centro residencial no concello de Fisterra con 20 prazas. Este equipamento de 20 prazas proporcionaba un índice de cobertura do 0,40<sup>12</sup>%.

No 2017 a comarca segue a contar co mesmo centro residencial e un total de 15 prazas autorizadas. O índice de cobertura das prazas vixentes no 2017 é do 0,25, máis afastado que hai 12 anos da ratio do 5<sup>13</sup>% de prazas residenciais por área que determina o *Mapa galego de equipamentos e servizos sociais*. Así, e para acadar o obxectivo, a comarca debería contar con 300 prazas autorizadas o que supón que para acadar o obxectivo na comarca faltan 285 prazas en centros residencias para a atención a persoas maiores e dependentes.

Polo que respecta ós centros non residenciais, centros de día, a Comarca non contaba no 2005 con ningún e no 2017 continúa sen contar con este tipo de equipamento. O *Mapa galego de equipamentos e servizos sociais* determina como obxectivo de prazas de centros non residenciais o 2<sup>14</sup>%. Neste sentido, a comarca para acadar o obxectivo precisa de 120 prazas en centros non residencias.

Táboa 17. Evolución ratio de cobertura nos centros de atención ás persoas maiores 2005 – 2017.

Tipo de centro	Ratios de cobertura obxectivo	Ano	Nº de centros	Prazas totais	índice de cobertura $\geq$ 65 anos (%)	Prazas ratios obxectivos	Diferenza de prazas
Residencias	5	2005	1	20	0,4	250	-230
		2017	1	15	0,25	300	-285
Centros de día	2	2005	0	0	0	100	-100
		2017	0	0	0	120	-120

Fonte: Elaboración propia.

### Centros de atención á infancia.

Os concellos da Comarca que contan con centro de atención á primeira infancia son Cee, Corcubión, Fisterra e Muxía. Así, o Concello e Cee ten unha escola infantil con 57 prazas, Corcubión dispón dun escola infantil para 15 alumnos/as e a escola infantil de Fisterra conta con 41 prazas autorizadas. Polo que respecta ó equipamento para a atención á primeira infancia do Concello de Muxía, este é un punto de atención á infancia (PAI) cunha capacidade de 20 prazas.

<sup>11</sup> Os datos que recolle o "*Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial*" corresponden ó ano 2005.

<sup>12</sup> O índice de cobertura dos centros de atención ás persoas maiores no "*Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial*" determínase segundo a seguinte fórmula número de prazas en centros adicados á atención as persoas maiores entre o número de persoas maiores de 65 anos.

<sup>13</sup> A Secretaría Xeral de Benestar establece no 5% a ratio de prazas residencias mínima por área, obxectivo que se recolle no "*Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial*"

<sup>14</sup> A Secretaría Xeral de Benestar establece no 2% a ratio de prazas de centros de día mínima por área, obxectivo que se recolle no "*Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial*".

Neste sentido, a oferta actual de prazas nos centros de atención á primeira infancia na Comarca de Fisterra é de 133 prazas autorizadas. Esta oferta supón a cobertura do 26,44% das nenas e nenos de entre 0 e 3 anos cos que conta a Comarca no 2017 (503 nenas/os). Así, e para acadar o obxectivo definido no Cumio de Barcelona da Unión Europea para o 2010 do 33% de taxa de escolarización para menores de 3 anos, na comarca faltan 67 prazas para atención deste colectivo.

#### Centros de atención ás persoas con discapacidade.

No 2005 a Comarca contaba cun centro de atención ás persoas con discapacidade situado no concello de Cee e dispoñía dun total de 93 prazas, distribuídas do seguinte xeito: 13 en residencia máis centro ocupacional, 65 prazas de centro ocupacional e 15 de centro de día.

O ano 2017 a Comarca conta con 4 centros para a atención ás persoas con discapacidade todos localizados no concello de Cee e xestionados pola entidade ASPADEX (Asociación padres de niños deficientes físicos y psíquicos de la comarca del Xallas). Un centro ocupacional con 65 prazas autorizadas, un centro de día cunha capacidade de 15 prazas, unha residencia con 19 prazas e unha vivenda tutelada con 7 prazas. Así, as prazas totais para atención ás persoas con discapacidade nos diferentes centros ascenden a 106.

#### Centros de atención a menores.

A Comarca de Fisterra conta cun centro de atención a menores, Miniresidencia Nosa Señora do Carme, localizada no Concello de Fisterra, cunha capacidade para atender a 15 menores.

### **3.2 OS DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS DE BENESTAR.**

#### **A) O financiamento dos Servizos Sociais.**

Para que os servizos sociais comunitarios poidan desenvolver de xeito óptimo os seus programas e servizos é necesario contar cun financiamento apropiado dos mesmos. Segundo a normativa vixente as fontes de financiamento dos servizos sociais comunitarios son (I) os orzamentos das entidades locais, (II) as achegas que realicen as Deputacións provinciais, (III) as achegas realizadas pola Xunta de Galicia e (IV) os ingresos xerados en concepto de copagamento que realizan as persoas usuarias dos servizos.

Neste sentido, a clasificación por programas<sup>15</sup> dos orzamentos municipais permite identificar os créditos iniciais que as corporacións destinan a “Servizos sociais e promoción social<sup>16</sup>”, identificada esta como política de gasto 23 da súa clasificación interna da estrutura orzamentaria.

Táboa 18. Orzamento municipal dos Concellos da Comarca de Fisterra para o exercicio 2018, importe do programa de “Servizos Sociais e promoción social” dos orzamentos municipais e % do programa sobre o orzamento municipal.

Concello	Orzamento municipal	Política de gasto 23: Servizos Sociais e promoción social	% da Política de gasto 23 sobre o Orzamento
Cee	4.892.741,50 <sup>17</sup> €	353.433,55 €	7,22%
Corcubión	1.274.403,91 <sup>18</sup> €	236.138,08 €	18,53%
Dumbría	4.526.198,30 <sup>19</sup> €	103.261,28 €	2,28%
Fisterra	3.586.155,46 <sup>20</sup> €	175.600,30 €	4,90%
Muxía	2.930.303,43 <sup>21</sup> €	294.546,13 €	10,05%

Fonte: BOP coa aprobación definitiva dos orzamentos municipais para o exercicio 2018 e Ministerio de Facenda <https://serviciostelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx>

Tal e como recolle a táboa, o gasto dos concellos da Comarca en “servizos sociais e promoción social”, é dicir, na política de gasto 23 dos orzamentos, vai do 18,53% que destina o Concello de Corcubión ó 2,28% que asigna o Concello de Dumbría. Polo que respecta ó resto de concellos da Comarca, estes dedican ó programa de “servizos sociais e promoción social” o 7,22% o Concello de Cee, o 4,90% o de Fisterra e o 10,05% do seu orzamento destina o Concello de Muxía ós “servizos sociais e promoción social”.

Estas porcentaxes sobre os orzamentos aprobados é posible aterralas ó investimento por habitante en cada Concello. Así, os investimentos na Comarca van dende o teito que marca Corcubión con 148,33€ ó chan que marca Dumbría con 33,82€. En situacións intermedias atópanse Fisterra, con 37,09€, Cee con 46,88€ e Muxía con 60,71€.

<sup>15</sup> Segundo a Orden EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

<sup>16</sup> A Orden EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, no anexo I define a política de gasto 23: Servizos sociais e promoción social neste sentido: “Imputaranse a esta política de gasto os levados a cabo pola entidade local para a promoción da igualdade de xénero, promoción e reinserción social de marxinados, así como para a xestión dos servizos sociais; prestación de servizos a persoas dependentes e de asistencia social, reisdencias de anciáns e outros de natureza análoga. Tamén se incluírán as transferencias finalistas a entidades e familias que colaboren na consecución destes fins.

Incluíranse os gastos correspondentes á Administración Xeral, que corresponderán ás actividades dirixidas á planificación, coordinación, control, organización, xestión administrativa e desenvolvemento de funcións de apoio dos distintos centros directivos que integran a política de gasto.”

<sup>17</sup> Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciostelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento aprobado en data 29/12/2017 (consulta realizada en data 16/05/2019).

<sup>18</sup> Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciostelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento aprobado en data 20/04/2018 (consulta realizada en data 16/05/2019).

<sup>19</sup> Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciostelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento aprobado en data 04/01/2018 (consulta realizada en data 16/05/2019).

<sup>20</sup> Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciostelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento prorrogado en data 22/05/2018 (consulta realizada en data 16/05/2019).

<sup>21</sup> Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciostelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento aprobado en data 29/12/2017 (consulta realizada en data 16/05/2019).



Polo que respecta as fontes de financiamento dos servizos sociais comunitarios que supoñen as achegas finalistas que fan tanto a Deputación da Coruña como a Xunta de Galicia ós concellos da comarca é necesario deterse no obxecto que estas teñen segundo a normativa vixente. Neste sentido, as achegas procedentes da Deputación da Coruña teñen como obxecto o apoio ó financiamento do servizo de axuda no fogar básico, a través da contratación dos profesionais de axuda no fogar, e a contratación dos equipos municipais diferentes e complementarios ó do persoal de referencia<sup>22</sup>.

No referente ás achegas de natureza corrente da Xunta de Galicia, realizadas a través do denominado Plan Concertado mediante o sistema de financiamento recollido no Decreto 99/2012, estas teñen por obxecto o cofinanciamento dos gastos derivados do funcionamento cotiá e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios municipais en cada exercicio orzamentario.

Na seguinte táboa recóllese a evolución, do ano 2016 ó ano 2018, das achegas realizadas pola Deputación da Coruña ós concellos da Comarca de Fisterra para o financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais. Como se observa a evolución foi, en xeral, negativa nos concellos da Comarca, reducíndose as achegas dende o 13% de Corcubión ata o 31% do Concello de Cee. Con todo, é preciso salientar o caso de Dumbría, que presenta un incremento do 95% no período analizado.

---

<sup>22</sup> O obxecto de financiamento do **Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais (FOPPSS)** é “(...)o cofinanciamento dos gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do/a profesional de referencia (que se regula no artigo 37 do Decreto: persoal auxiliar administrativo, persoal técnico de grao medio e persoal técnico de grao superior) como do persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar, o SAF básico, todo el (...)” (base 3 das bases de financiamento BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.) O obxecto de financiamento do **Programa FOAXCA** consiste no mantemento, programas e promoción de actividades contemplados na convocatoria véxase base 3 das Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais para o ano 2016. (BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.) O obxecto de financiamento do **Programa FO36A** é o impulso as entidades locais a través de “(...)axudas para gastos de mantemento, programas e promoción de actividades(...)” relacionadas coas políticas de envellecemento activo, seguindo a Base 3 das Bases reguladoras do Programa de Subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de programas de envellecemento activo para as persoas maiores no ano 2016 ((BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.)

Táboa 19. Achegas realizadas pola Deputación da Coruña ós concellos da Comarca de Fisterra en concepto de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018<sup>23</sup>.

Concello	2016	2017	2018	Diferenza 2016 - 2018 (%)
<b>Cee</b>	69.932,50 €	52.994,50 €	48.363,14 €	-31%
<b>Corcubiión</b>	68.979,54 €	52.994,50 €	60.178,00 €	-13%
<b>Dumbría</b>	54.670,24 €	37.573,65 €	106.660,00 €	95%
<b>Fisterra</b>	68.022,27 €	53.027,07 €	52.078,57 €	-23%
<b>Muxía</b>	82.518,43 €	65.023,07 €	59.860,00 €	-27%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos Deputación da Coruña.

A evolución no apoio económico da Deputación da Coruña ós servizos sociais comunitarios responde tanto a un cambio do sistema de financiamento da propia Deputación, como á nova fórmula empregada no financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais. Neste sentido, o novo sistema empregado pola Deputación da Coruña para o financiamento dos servizos sociais comunitarios baséase no apoio directo ós concellos no financiamento do persoal de servizos sociais comunitarios distinto do/a traballador/a social, conforme os módulos no que se encadra o persoal correspondente: persoal administrativo grupo C1 e C2, persoal técnico A2, persoal técnico A1 e o persoal auxiliar do Servizos de Axuda no Fogar en réxime de libre concorrència (SAF libre concorrència), segundo base 3 das Bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2019<sup>24</sup>.

Polo que respecta ó cofinanciamento<sup>25</sup> da administración autonómica para os servizos sociais comunitarios dos Concellos da Comarca de Fisterra, si ben de xeito xeral o financiamento aumenta

<sup>23</sup> Bases reguladoras do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais para o ano 2016. BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.

RP 2016/11712 Resolución pola que se aproba a concesión definitiva das subvencións correspondentes ao programa FOAXCA 2016. BOP núm. 103, do mércores 1 de xuño de 2016.

Bases reguladoras do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de programas de envellecemento activo para as persoas maiores no ano 2016. BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.

RP 2016/8711 Resolución pola que se aproba a concesión definitiva das subvencións correspondentes ao programa FO036A. BOP núm. 82, do luns 2 de maio de 2016.

Bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2016. BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.

Resolución pola que se aproba o programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2016 (FOPPSS/2016). BOP núm. 39, do luns 29 de febreiro de 2016.

Bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2017. BOP núm. 39, do venres 24 de febreiro de 2017.

RP 16525/ 2017 Resolución pola que se aproba o programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2017 (FOPPSS/2017). BOP núm. 99, do luns 29 de maio de 2017.

Bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2017. BOP núm. 242, do venres 22 de decembro de 2017.

RP núm. 2018/14387 Resolución pola que se aproba o programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2018 (FOPPSS/2018). BOP núm. 81, do luns 30 de abril de 2017.

<sup>24</sup> BOP nº 5, do martes 5 de xaneiro de 2019.

<sup>25</sup> Resolución do 5 de abril de 2016 pola que se publican as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2015 ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. DOG núm. 71, do xoves 14 de abril de 2016.

Resolución do 8 de maio de 2017 pola que se publican as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2016 ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. DOG núm. 100, do luns 29 de maio de 2017.

nos últimos anos un 39%, a nivel individual hai que diferenciar entre os concellos nos que o financiamento vese reducido entre o 10% dos concellos de Corcubión e Muxía e o 3% do concello de Fisterra e nos que o cofinanciamento increméntase, entre o 40% e o 166%, como acontece nos concellos de Dumbría e Cee.

Neste sentido, as variacións do financiamento danse principalmente na partida que ten como obxecto o financiamento da axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes, xa que o resto de partidas, é dicir, a destinada os gastos derivados do financiamento cotiá e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios básicos mantense estable e o programa específico de atención á primeira infancia en centros e instalacións que posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar mantense fixo para o concello de Corcubión que é o único da Comarca que o percibe.

*Táboa 20. Achegas realizadas pola Xunta de Galicia ós concellos da comarca de Fisterra en concepto de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018.*

Concello	2016	2017	2018	Diferenza 2016 - 2018 (%)
<b>Cee</b>	74.270,07 €	178.252,59 €	197.391,72 €	166%
<b>Corcubión</b>	79.823,64 €	71.536,11 €	71.577,14 €	-10%
<b>Dumbría</b>	44.268,48 €	52.817,88 €	62.054,27 €	40%
<b>Fisterra</b>	86.584,79 €	87.020,56 €	84.376,16 €	-3%
<b>Muxía</b>	41.067,33 €	41.159,48 €	37.085,74 €	-10%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos Xunta de Galicia.


A partida máis notable do financiamento da Xunta de Galicia ós servizos sociais comunitarios municipais vai dirixido á prestación por parte dos Concellos de servizos derivados da Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, concretamente os relacionados co Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de atención ás persoas dependentes, cubrindo así as necesidades financeiras derivadas da competencia local que determina o artigo 11 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, no que se establece que o servizo de axuda no fogar será prestado polas entidades locais.

Dos obxectos de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais, o servizo de axuda no fogar, nas súas modalidades de dependencia e libre concorrencia, é o obxecto de financiamento que ten un maior peso no conxunto das achegas realizadas tanto pola Deputación como pola Xunta de Galicia ós municipios da Comarca.

No seguinte gráfico preséntase esta realidade, así máis do 75% do financiamento da Xunta de Galicia ós concellos da Comarca ten como destino o financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes, e o 40% dos fondos que a Deputación da Coruña achega ós concellos da Comarca de Fisterra para o financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais ten como obxecto a subvención do persoal auxiliar do SAF libre concorrencia.

Resolución do 30 de abril de 2018 pola que se publican as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2017 ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. DOG núm. 105, do luns 4 de maio de 2018.

Gráfico 12. Finalidade das achegas recibidas polos concellos da Comarca de Noia da administración autonómica e provincial para o financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais. Ano 2018.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos Deputación e Xunta de Galicia.

Por todo, e en base os datos analizados, o servizo de axuda no fogar é o programa dos servizos sociais comunitarios municipais ó que se destina un maior volume de recursos, tanto na modalidade de atención ás persoas dependentes como na modalidade de libre concorrencia. Deste xeito, este servizo estase erixindo como o programa máis relevante que están a xestionar os departamentos municipais de benestar.

## B) Os recursos humanos nos Servizos Sociais municipais.

Os recursos humanos son a peza fundamental dos servizos sociais comunitarios municipais na súa función de porta de entrada o sistema público de servizos sociais.

O número de profesionais que prestaban servizo nos servizos municipais da Comarca Fisterra, o ano 2018, é de 62. Dentro deste volume, inclúese o total de profesionais que traballan nos servizos sociais comunitarios da comarca incluíndo á totalidade do persoal auxiliar de SAF con independencia da súa forma de xestión.

A seguinte táboa presenta a dotación de profesionais, segundo as súas ocupacións, que prestan servizo e forman parte dos equipos das áreas de benestar e servizos sociais municipais da comarca:

Táboa 21. Número de profesionais segundo ocupación e concello que forman parte dos equipos de servizos sociais na Comarca de Noia. 2018.

Ocupación profesional	Concellos				
	Cee	Corcubión	Dumbría	Fisterra	Muxía
Traballador/a social	1	1	1	2	1
Educador/a familiar	1	1	-	-	1
Psicólogo/a	-	-	-	1	-

Ocupación profesional	Concellos				
	Cee	Corcubión	Dumbría	Fisterra	Muxía
Técnico de programas	-	-	1		-
Administrativo - Auxiliar Administrativo/a	1	1	1	1	1
Auxiliar SAF	15	11	8	5	7

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polos concellos.

Os concellos da Comarca contan todos con equipos formados, como mínimo, polos profesionais de referencia, o/a traballador/a social, outro profesional, o/a educador/a familiar, o/a psicólogo/a ou técnico/a de programas, e con profesionais de apoio administrativo. O número de profesionais do SAF supón o 74% dos profesionais que están a traballar nos servizos sociais comunitarios na comarca, polo que é notorio o seu elevado impacto en termos de contratación de persoal.

A normativa determina as dotacións mínimas de persoal que deben formar parte do servizo en base a unha definición de equipos profesionais en función da área social<sup>26</sup> na que se atope o concello. Segundo a clasificación do Decreto 99/2012 na que se atopan os concellos da Comarca de Fisterra, estes cobren a dotación mínima e a maioría deles a excede.

Así, a dotación mínima de persoal definida para os concellos de Corcubión, Dumbría, Fisterra e Muxía é de 1-2 traballador/a social e ½ auxiliar administrativo, e para o Concello de Cee é de 1-2 traballadores/as sociais, 1 educador/a e 1 auxiliar administrativo. Como se pode comprobar na táboa anterior o Concello de Corcubión cumpre coa dotación mínima e conta tamén cun profesional en educación familiar, o Concello de Dumbría cobre a dotación mínima e conta cun profesional máis, un técnico de programas, o Concello de Fisterra, cobre a dotación mínima pola marxe superior e completa o equipo cunha psicóloga responsable do programa de educación familiar e o Concello de Muxía, cumpre co equipo mínimo e conta cun profesional en educación familiar. No caso de Cee, o equipo de servizos sociais está formado por 1 traballadora social, unha educadora familiar e unha auxiliar administrativa, cumprindo tamén co equipo definido na normativa de referencia.

No referente ás dotacións de persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar estas poden ser variables en función das propias necesidades e variacións do servizo pero, e con independencia do tipo de xestión do servizo, o persoal mínimo co que están a contar os SAF dos concellos da Comarca é de 46 profesionais.

### C)A actividade e os principais programas dos departamentos municipais de benestar. O Servizo de Axuda no Fogar.

As administracións locais teñen un rol esencial na atención primaria dos servizos sociais como porta de entrada ó sistema galego de servizos sociais. Así os concellos encárganse do desenvolvemento e

<sup>26</sup> As áreas sociais establécense atendendo ás características dos concellos, referidas fundamentalmente ao tamaño, densidade e dispersión poboacional, configuración orográfica e ós índices de dependencia, envellecemento e discapacidade. As áreas sociais están definidas no Anexo I do Decreto 99/2012 e son unha ferramenta para a planificación de referencia das dotacións de servizos sociais comunitarios.

implementación dos programas e servizos definidos no artigo 9 do Decreto 99/2012 e que son o Programa de información e orientación en materia social, o Servizo de educación e apoio familiar, o Programa básico de inserción social, o Programa de fomento da cooperación e solidariedade social e o Programa de axuda no fogar (SAF).

Como se observa, a heteroxeneidade é o factor que determina a actividade dos departamentos de benestar locais, por elo este aspecto é necesario telo en presente á hora de xerar o dato primario referente á poboación á que efectivamente se lle presta servizo nestes departamentos locais, ben sexa a través de intervencións directas, ben sexa a través de información ou asesoramento puntual de xeito presencial ou telefónico.

Neste sentido, as dificultades de confiabilidade coas que contan os datos primarios relacionados coa actividade xeral dos departamentos de benestar, provoca que a explotación estatística do Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS) non permita albiscar toda a profundidade e amplitude do traballo realizado polos equipos técnicos. Con todo, a efectos de realizar unha estimación sobre o número de persoas ós que se presta servizo público dende os Concellos, e tendo en conta as experiencias analizadas ó longo da elaboración do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña, é posible afirmar que na actualidade os departamentos municipais de benestar dos Concellos menores de 20.000 habitantes da provincia están a chegar a unha porcentaxe da poboación que rolda o 20%, de tal xeito que para a Comarca de Fisterra os departamentos de benestar atenderon, aproximadamente, a unhas 4.354 persoas no ano 2017.

Do conxunto de programas e servizos que desenvolven os servizos sociais comunitarios municipais, tal e como se anuncia en apartados anteriores, o programa de axuda no fogar amósase como o principal programa dos servizos sociais, tanto pola súa importancia en termos de financiamento como pola dotación de persoal coa que conta. Neste sentido, a relevancia do servizo plásmase tanto no conxunto do traballo que realizan os técnicos e auxiliares dos departamentos municipais de benestar e servizos sociais, como pola propia existencia de entidades sociais e privadas que prestan este servizo e que complementan a oferta pública municipal.

Na Comarca de Fisterra o programa de axuda no fogar préstase dende as administracións locais, é dicir, dende os concellos da Comarca e dende o programa que subministra unha entidade privada afincada no concello de Cee.

O servizo de axuda no fogar (SAF) é un servizo que consiste en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual, de acordo coa valoración técnica correspondente. Este servizo préstase e xestionase dende o ámbito municipal tanto na súa dimensión básica como na modalidade de atención ás persoas valoradas como dependentes, segundo o recolle o artigo 11 da Orde 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

Os concellos, no marco das súas competencias regulamentarias e de autoorganización, teñen regulado<sup>27</sup> o servizo de axuda no fogar coa finalidade de garantir a equidade, calidade e intensidade homoxéneas do servizo de conformidade co marco normativo autonómico<sup>28</sup> que define e regula o servizo de axuda no fogar.

O servizo de axuda no fogar municipal da Comarca de Fisterra prestouse a 201 persoas usuarias no ano 2018, a través de 45.693,17 horas de servizo. A seguinte táboa recolle o número de horas prestadas por cada concello da Comarca así como o número de persoas usuarias beneficiarias do servizo nas súas diferentes modalidades, libre concorrència e dependencia.

*Táboa 22. Número de horas prestadas e usuarios/as atendidos/as segundo a modalidade de SAF libre concorrència e dependencia nos concellos da Comarca de Fisterra. 2018.*

Concello	Modalidade libre concorrència		Modalidade dependencia	
	Nº de horas prestadas	Nº de usuarios/as atendidos/as	Nº de horas prestadas	Nº de usuarios/as atendidos/as
<b>Cee</b>	720,00	5	17.703,72	52
<b>Corcubión</b>	2.341,50	14	4.816,00	16
<b>Dumbría</b>	4.059,60	17	4.403,30	17
<b>Fisterra</b>	968,00	9	6.718,00	25
<b>Muxía</b>	1.158,00	18	2.805,05	28
<b>Total</b>	<b>9.247,10</b>	<b>63</b>	<b>36.446,07</b>	<b>138</b>

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polos concellos.

En base ós/ás usuarios/as atendidos/as polo servizo é posible determinar a taxa de cobertura que está a ter este servizo nos diferentes concellos.

<sup>27</sup> O Concello de Cee aprobou no Pleno celebrado o 5 de novembro de 2015 a Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Cee e foi publicada no BOP nº25 de 8 de febreiro de 2016. O Regulamento municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Corcubión aprobouse no pleno do 20 de novembro de 2014 e foi publicado no BOP nº 11 de 19 de xaneiro de 2015. A Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Dumbría publicouse no BOP nº 85 do 7 de maio de 2014. No Pleno celebrado o 5 de xuño de 2017 o Concello de Fisterra aprobou a Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Fisterra e publicouse no BOP nº157 do 21 de agosto de 2017. A Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Muxía foi publicada no BOP nº108 de 9 de xuño de 2014.

<sup>28</sup> Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, no capítulo II, define o servizo de axuda no fogar e no seu artigo 11.f) establece que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar responde a necesidade de establecer un marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar ó abeiro da entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, que establece como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións da prestación e desenvolvemento dos servizos no seu artigo 7.b).

Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento que establece na súa disposición derradeira primeira a necesidade de que as corporacións locais adapten a súa normativa municipal, neste caso en materia de axuda no fogar. Igual que acontece co Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Táboa 23. Ratio de cobertura do servizo de SAF segundo as modalidades de libre concorrência e dependencia nos concellos da Comarca de Fisterra. 2018.

Concello	Modalidade libre concorrência		Modalidade dependencia		Taxa de cobertura SAF (%)
	Nº de usuarios/as atendidos/as	Taxa de cobertura libre concorrência(%)	Nº de usuarios/as atendidos/as	Taxa de cobertura dependencia(%)	
<b>Cee</b>	5	<b>0,27</b>	52	<b>2,73</b>	<b>3,00</b>
<b>Corcubiión</b>	14	<b>3,67</b>	16	<b>4,03</b>	<b>7,70</b>
<b>Dumbría</b>	17	<b>1,80</b>	17	<b>1,77</b>	<b>3,56</b>
<b>Fisterra</b>	9	<b>0,76</b>	25	<b>2,06</b>	<b>2,81</b>
<b>Muxía</b>	18	<b>1,21</b>	28	<b>1,85</b>	<b>3,05</b>
<b>Total comarca</b>	<b>63</b>	<b>4,23</b>	<b>138</b>	<b>2,30</b>	<b>3,38</b>

Fonte: Elaboración propia.

A taxa de cobertura do servizo de axuda no fogar na Comarca de Fisterra é do 3,38%, é dicir, algo máis do 3% das persoas maiores de 65 anos da comarca son usuarios/as deste servizo.

Na táboa obsérvase como a cobertura do servizo presenta certas diferenzas entre concellos e entre modalidades, así por exemplo, a cobertura en libre concorrência vai do 0,27% no Concello de Cee ó 3,67% no Concello de Corcubiión. Na modalidade de dependencia, o Concello que conta cunha cobertura máis elevada é o de Corcubiión cun 4,03%, e o resto de concellos oscilan entre o 1,77% do Concello de Dumbría ó 2,73% do Concello de Cee, Fisterra ten unha cobertura do 2,06% e Muxía do 1,85%.

Con todo, e tendo en conta o relevancia do servizo en número de persoas atendidas, nas súas dúas modalidades, para o ano 2018 o servizo conta con lista de agarda. Así, o Concello de Cee ten unha lista de agarda de 6 persoas na modalidade de libre concorrência e de 46 en dependencia, o Concello de Dumbría ten 2 para dependencia e o Concello de Fisterra ten 2 usuarios/as en lista de agarda de libre concorrência e 9 para dependencia. Os servizos dos concellos de Corcubiión e Muxía non contan con lista de agarda de usuarios/as.

Polo que respecta ó servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrência a evolución do servizo en horas de servizo prestadas polos concellos da Comarca presenta dinámicas diferentes. Así, si ben o Concello de Corcubiión incrementou o servizo no 2018 con respecto o 2016 nun 39% de horas prestadas, o resto de concellos reducen o número de horas prestadas por este servizo. No período analizado, 2016 – 2018, O concello de Dumbría reduce o servizo nun 27% de horas prestadas, o de Fisterra nun 26% e o de Muxía reduce as horas de servizo nun 30%. O caso máis destacado é a redución nun 86% das horas prestadas polo Concello de Cee.

Táboa 24. Número de horas prestadas do SAF libre concorrência nos concellos de da Comarca de Fisterra. 2016 - 2018.

Concello	2016	2017	2018
<b>Cee</b>	5.331,50	2.082,00	720,00
<b>Corcubiión</b>	1.681,50	1.707,00	2.341,50
<b>Dumbría</b>	5.555,00	5.068,95	4.059,60



Concello	2016	2017	2018
<b>Fisterra</b>	1.314,00	1.314,00	968,00
<b>Muxía</b>	1.655,00	1.898,00	1.158,00

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polos concellos e a Deputación da Coruña.

Na análise do servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrència é necesario deterse no apoio que a Deputación da Coruña lle está a prestar no marco do Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais (FOPPSS). Este programa, tal e como se cita con anterioridade, que responde á competencia da institución determinada no Decreto 99/2012 que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, financia os custos correspondente ó persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar, establecéndose, para elo, unha achega<sup>29</sup> de 12,00€ por hora de servizo prestada.

A evolución das achegas da Deputación da Coruña ós concellos da Comarca para o financiamento do servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrència recóllese na seguinte táboa.

*Táboa 25. Importe das achegas realizadas pola Deputación da Coruña para o financiamento do SAF libre concorrència nos concellos da Comarca de Fisterra. 2016 - 2019.*

Concello	2016 <sup>30</sup>	2017 <sup>31</sup>	2018 <sup>32</sup>	2019 <sup>33</sup>
<b>Cee</b>	17.643,83 €	17.643,83 €	8.928,00 €	8.928,00 €
<b>Corcubión</b>	17.643,83 €	17.643,83 €	20.178,00 €	22.962,18 €
<b>Dumbría</b>	17.643,83 €	17.643,83 €	66.660,00 €	66.660,00 €
<b>Fisterra</b>	17.643,83 €	17.643,83 €	15.768,00 €	24.150,49 €
<b>Muxía</b>	17.643,83 €	17.643,83 €	19.860,00 €	19.860,00 €

Fonte: Resolucións pola que se aproba o Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais (FOPPSS) os anos 2016, 2017, 2018 e 2019.

Os importes das achegas para o financiamento do SAF libre concorrència amosan como o apoio da Deputación para este obxecto tivo, de xeito xeral, unha evolución positiva, consecuencia esta do paso da modalidade de financiamento de carácter lineal dos anos 2016 e 2017 á modalidade de financiamento por hora de prestación efectiva do servizo. Neste sentido, o cambio dos volumes, entre os anos 2016 e 2019, oscilan entre o incremento do 13% do financiamento do Concello de Muxía ó 278% do Concello de Dumbría.

A relevancia do SAF nos servizos sociais comunitarios, tal e como se recolle anteriormente, reflíctese na composición dos equipos, xa que unha parte importante destes está relacionada coa prestación

<sup>29</sup> A achega para o financiamento do persoal auxiliar do SAF libre concorrència, establecido na base 4 das Bases Reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais, pasou de seu unha achega fixa de 17.643,83€ o primeiro ano de vixencia do Programa no 2017 (BOP nº 39 de 24 de febreiro de 2017) a unha achega calculada en función das horas previstas de prestación do servizo sobre a base de 12,00€ por hora prestada de servizo.

<sup>30</sup> Resolución pola que se aproba o programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2016 (FOPPSS/2016). BOP núm. 39, do luns 29 de febreiro de 2016.

<sup>31</sup> RP 16525/2017. Resolución pola que se aproba o Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2017 (FOPPSS/2017). BOP nº 99 de data 29 de maio de 2017.

<sup>32</sup> RP num. 2018/1487. Resolución pola que se aproba o Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2018 (FOPPSS/2018). BOP nº 81 de data 30 de abril de 2018.

<sup>33</sup> RP 13220/2019. Resolución pola que se aproba o Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais en 2019 (FOPPSS/2019). BOP nº 73 de data 16 de abril de 2019.

do servizo de axuda no fogar, nas súas diferentes modalidades. Así é para analizar o volume de profesionais do SAF é necesario ter en conta a presenza de diferentes ocupacións no desenvolvemento do servizo así como os sistemas de xestión empregados polos concellos para a prestación do mesmo.

Táboa 26. Tipo de xestión do servizo de axuda no fogar nos concellos da Comarca de Noia en función da súa modalidade e número de persoal encargado da coordinación e da prestación directa do servizo. 2018.

Concello	Modalidade de SAF	Tipo de xestión	Persoal de coordinación	Persoal auxiliar	Custo /hora
Cee	Libre concorrancia	Externalizado	1	15	14,85 €
	Dependencia				14,98 €
Corcubión	Libre concorrancia	Directo	1	11	14,66 €
	Dependencia				
Dumbría	Libre concorrancia	Directo	1	8	18,26 €
	Dependencia				15,28 €
Fisterra	Libre concorrancia	Directo	1	5	12,95 €
	Dependencia				11,28 €
Muxía	Libre concorrancia	Mixto	1	7	15,90 €
	Dependencia				

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polos concellos

No ano 2018 o servizo de axuda no fogar municipal na Comarca de Fisterra, en termos laborais, ocupou a un total de 51 profesionais, dos cales 5 teñen responsabilidades de coordinación do servizo e un total de 46 son profesionais auxiliares que prestan servizo directamente nos fogares das persoas usuarias.

A xestión do servizo de axuda no fogar na comarca é maioritariamente directa, tres concellos teñen este tipo de xestión, Corcubión, Dumbría e Fisterra. O Concello de Muxía opta por unha xestión mixta do servizo e Cee conta cunha entidade externa para a súa prestación.

Os concellos que prestan o servizo de xeito directo, tanto na modalidade de dependencia como na de libre concorrancia, contan todos con 1 traballador/a social responsable da coordinación do servizo. Polo que respecta os equipos de auxiliares que prestan o servizo directamente nos fogares das persoas usuarias estes son variables, así o concello de Corcubión conta cun equipo fixo de 7 auxiliares e un número variable de profesionais, que no 2018 foi de 4 auxiliares, para as necesidades de cobertura do persoal por motivos de baixas, vacacións, permisos, etc. O equipo de profesionais auxiliares de SAF no concello de Dumbría está formado por 8 profesionais e no Concello de Fisterra o equipo é de 5 auxiliares.

O concello de Cee conta cunha entidade privada para a prestación do servizo de axuda no fogar nas dúas modalidades. Para elo, cóntase cunha traballadora social responsable da coordinación do servizo e un equipo de 15 auxiliares que prestan o servizo nos fogares.

A modalidade de xestión empregada polo concello de Muxía é mixta. Así, o concello conta cun profesional responsable das tarefas de coordinación do servizo e un equipo formado por un total de

7 profesionais auxiliares, das cales 2 son persoal municipal e 5 son empregadas da entidade prestadora do servizo coa que conta o Concello para este fin.

Finalmente, hai que deterse nas diferenzas dos custos/hora do servizo do SAF en función do Concello. Así, pódese observar como Concellos como Cee, Corcubión e Muxía presentan uns custos/hora do servizo semellantes entre os concellos ó tempo que parello entre modalidades, o abano dos custos nestes concellos vai dos 15,90€/hora dos servizos en Muxía, ós 14,66€/hora dos servizos de Corcubión.

Nos concellos de Dumbría e Fisterra evidenciáse certas diferenzas entre as modalidades do servizo, así no concello de Fisterra o custo/hora do servizo de dependencia é de 11,28€/hora e o de libre concorrência ascende ós 12,95€/hora, e a maior diferenza en termos de custo/hora atópase no concello de Dumbría que ten un custo de 15,28 €/hora para o servizo de dependencia e de 18,26€/hora para a prestación de libre concorrência.

### **3.3 EXTRACTO DA SITUACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS NA COMARCA DE FISTERRA.**

Na Comarca de Fisterra o sector público e a iniciativa social comparten espazo no que a servizos sociais se refire. A comarca conta con 12 centros de servizos sociais, 6 son de titularidade pública e 6 son centros de iniciativa social. Os centros públicos teñen na atención a primeira infancia o seu principal ámbito de actuación, xa que 4 centros teñen esta finalidade. Os dous centros restantes de titularidade pública son centros sociais onde os maiores e o resto da veciñanza comparten espazo e actividades. A atención ás persoas con discapacidade é a principal área de traballo dos 4 centros que xestiona a entidade social ASPADEX na Comarca de Fisterra. A Comarca tamén conta cun centro de atención ás persoas dependentes e outro de menores os dous xestionados pola Asociación Cooperadores da Obra Social Nosa Señora do Carme.

Nos últimos anos os equipamentos de atención ás persoas maiores e dependentes diminuíron a súa capacidade, pasando de contar no 2005 con 20 prazas de carácter residencial a contar con 15 prazas no 2017, todo e incrementar a poboación maior de 65 anos un 20% na Comarca. Estes datos proporcionan un índice de cobertura de prazas residencias na Comarca do 0,25%, moi afastado do obxectivo do 5% definido no *Mapa galego de equipamentos e servizos sociais*. En termos de centros non residenciais, centros de día, a Comarca é un ermo. Neste punto é preciso indicar que no Concello de Corcubión cóntase cunhas instalacións recentemente rehabilitadas co obxectivo de se converteren en centro de día público. Así, e para acadar os obxectivos definidos no *Mapa*, na Comarca deberíanse crear 285 prazas de carácter residencial e 120 de carácter non residencial.

Polo que respecta ós centros de atención á primeira infancia, a actual dotación de prazas, 133 prazas na comarca, non alcanza a ratio do 33% recomenda pola Unión Europea de taxa de escolarización para nenas e nenos menores de 3 anos. Neste contexto, no que en termos de prazas para a atención á primeira infancia a Comarca conta cunha cobertura do 26,44%, parece axeitado analizar opcións e

alternativas que permitan contribuír á ampliación da oferta destes equipamentos en zonas cunha tendencia demográfica negativa, que facilite os servizos de conciliación á súa poboación ó tempo que xeran actividade económica de proximidade, como pode ser o exemplo da apertura da casa niño Areíña de Cores no Ézaro, no Concello de Dumbría.

A oferta pública de centros de servizos sociais vese complementada cos centros que pertencen a iniciativas de carácter social. Así, dende a iniciativa social cóbrease a atención ás persoas con discapacidade a través dos catro centros xestionados pola entidade ASPADEX no Concello de Cee, o centro de día, cunha capacidade de 15 prazas, o centro ocupacional que presta servizo a 65 persoas usuarias, a residencia cunha capacidade de 19 prazas autorizadas e a vivenda tutelada con 7 prazas. Na comarca a iniciativa social tamén conta con dúas residencias, unha para menores, con capacidade para 15 menores, e unha outra para persoas dependentes, con 15 prazas, estes dous centros residenciais están situados no Concello de Fisterra.

A actual oferta de equipamentos para a atención ás persoas maiores e dependentes xera unha intensa preocupación entre os equipos técnicos municipais pola carencia absoluta de recursos non residenciais, xa que ó ser equipamentos de proximidade a opción de derivar ás persoas usuarias a centros doutras comarcas non resulta viable, e pola ínfima dotación en equipamentos residenciais na Comarca. Así mesmo, dende os Concellos faise unha demanda expresa sobre a necesidade de contar na Comarca cun Servizo de Atención Temperá, contribuíndo deste xeito a evitar os desprazamentos das familias ás localidades onde se presta este servizo e favorecendo a existencia dun servizo máis áxil e próximo que redunde na mellora e amplitude dos servizos da Comarca.

A asignación de recursos ás políticas de benestar por parte dos Concellos da Comarca e Fisterra presenta disparidade entre concellos, segundo a asignación de créditos iniciais do programa de “Servizos Sociais e promoción social” dos orzamentos municipais. Así, a política de benestar no Concello de Corcubión percibe o 18,53% do orzamento municipal, fronte o 2,28% do Concello de Dumbría ou o 4,90% de asignación que ten o programa de “Servizos Sociais e promoción social” no orzamento do Concello de Fisterra. No Concello de Cee a política de benestar recibe o 7,22% do orzamento municipal e no Concello de Muxía a asignación é do 10,05%.

Continuando co financiamento dos servizos sociais municipais, as achegas que recibiron os concellos da Comarca tanto da Deputación da Coruña como da Xunta de Galicia presentan dinámicas diferentes. Así, o apoio financeiro da Deputación da Coruña redúcese, en xeral, entre o 13% e o 31%, en función do concello, salientando o aumento do 95% que experimenta o Concello de Dumbría, consecuencia do cambio de modelo de financiamento da institución a partir do ano 2017, que contribúe a que o apoio económico ós servizos sociais comunitarios se basee no financiamento do persoal técnico complementario e do persoal administrativo así como á actividade do persoal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência.

No referente ás achegas da administración autonómica, se ben de xeito xeral estas incrementáronse de forma notable, aumentando nun 39% no período 2016 - 2018, a nivel individual, na maioría dos concellos, Corcubión, Fisterra e Muxía, as achegas reducíronse entre un 3% e un 10%, mentres que o financiamento dos concellos de Dumbría e Cee aumentaron nun 40% e nun 166% respectivamente.

No cofinanciamento ós servizos sociais comunitarios da Xunta de Galicia a partida que experimenta tanto os incrementos como as diminucións é a adicada ó financiamento da axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes.

Os profesionais que conforman o equipo técnico nos departamentos municipais de benestar e servizos sociais son unha das pezas fundamentais do propio sistema público de servizos sociais, así na Comarca do Fisterra os equipos municipais contan todos cos perfís profesionais básicos definidos para os servizos sociais (traballador/a social e persoal administrativo). Neste sentido, o apoio económico da Deputación proporciona ós concellos da Comarca cadanseu profesional complementario/a, profesional en educación familiar, psicólogo/a, técnico/a de programas, co que isto supón de incremento das posibilidades de desenvolver novas tarefas que respondan ás necesidades sociais do territorio.

Así mesmo, e dentro do novo sistema de financiamento empregado pola Deputación, salienta a implantación do apoio financeiro levado a cabo pola Deputación da Coruña ó persoal de carácter administrativo. Este financiamento, se ben é significativo para a presenza de persoal administrativo como apoio ás actividades dos equipos técnicos que tanto pode contribuír a liberar carga de traballo burocrático e administrativo que, na actualidade, está a marcar a operatividade dos equipos municipais, como ser unha peza fundamental na primeira atención ás persoas usuarias do servizo, non se acaba de considerar como unha necesidade circunscrita ós departamentos de benestar e servizos sociais polo que acaban sendo persoal compartido polas diferentes dependencias municipais.

A pesar de contar con múltiples programas e servizos a través dos cales os servizos sociais comunitarios desenvolven as súas funcións, o programa de axuda no fogar estase convertendo no centro dos servizos sociais comunitarios municipais, tanto por ser o programa que maiores recursos consome, como por ser o servizo que chega de xeito máis amplo e intenso á poboación. Por elo, é evidente que a actividade dos servizos de benestar locais se focalice na prestación do SAF, nas súas diferentes modalidades, e que sexa este servizo o que maior carga de traballo xera nos equipos técnicos e, principalmente, na figura do traballador/a social quen acaba concentrando a maior parte do seu traballo en todo o relacionado coa tramitación de recursos, a xestión administrativa e a coordinación do servizo.

Neste sentido, aínda que a presenza de profesionais complementarios/as garante unha maior amplitude das accións de benestar dende perspectivas de carácter comunitario ou, en todo caso, diferentes ás propias da tramitación de recursos, a realidade destas accións nos diferentes concellos da comarca é limitada. Así, dende os equipos técnicos considérase que a actuación dos departamentos de benestar estase a centrar na xestión reactiva perante as demandas da poboación, quedando baleiros importantes á hora do traballo comunitario e preventivo ou do relacionado coas persoas coidadoras. Por elo, os equipos técnicos municipais botan en falla unha maior presenza de programas estruturados de traballo conxunto coas escolas/institutos relacionados con aspectos como a prevención de adiccións e drogodependencias, e no eido das persoas dependentes dun maior traballo coas familias coidadoras.

A salientable importancia do SAF no traballo dos departamentos de benestar, que se reflicte na amplitude dos equipos necesarios para a súa implementación, reflíctese tamén nas súas formas de xestión. Neste sentido, pódese observar como os concellos da comarca combinan os diferentes tipos de xestión (directa, indirecta ou mixta) para a prestación do SAF.

Así, o tipo de xestión empregada polos concellos na prestación do servizo de axuda no fogar, directa, no caso dos concellos de Corcubión, Dumbría e Fisterra, indirecta no concello de Cee e mixta no caso de Muxía, non parece ter unha incidencia relevante no rendemento do servizo xa que os concellos presentan unha taxa de cobertura do servizo semellantes que oscilan entre o 2,81% do concello de Fisterra ó 3,56 do de Dumbría. O único concello que presenta unha taxa de cobertura que se diferencia da media da comarca é Corcubión, quen conta cunha taxa do 7,70%.

Como se vén comentando ó longo da diagnose o SAF é un servizo que implica unha enorme carga de recursos técnicos, financeiros e de coordinación e, neste contexto, conséntase a ausencia de ferramentas de control de xestión e seguimento do servizo, que contribúan a favorecer as condicións de traballo dos profesionais responsables da coordinación do servizo así como mellorar a propia coordinación e xestión do servizo que se presta.

Polo que respecta ós custos/hora dos servizos analizados estes superan tanto o financiamento da Deputación da Coruña para a modalidade da libre concorrència fixado en 12€/hora como o da Xunta de Galicia para a modalidade de dependencia en 9,7€/hora. Así, o custo total do servizo debe ser complementado tanto a través do copagamento das persoas usuarias como da achega de recursos propios municipais, elementos estes que comportan a necesaria reflexión tanto sobre a suficiencia das facendas locais como sobre a equidade xeral das estimacións sobre as que se establecen os copagos individuais.

Con todo, alén da verificación das formas de xestión do SAF e dos custos nos concellos da comarca, é necesario incidir que este servizo é o auténtico centro neurálxico das actividades de benestar locais que, se ben ten un elevado potencial á hora de xerar novas intervencións complementarias coas persoas usuarias, coas familias ou co seu entorno, este potencial non está a ser esgotado por parte dos equipos técnicos municipais.

Así, enténdese como unha necesidade o aproveitamento do coñecemento que xera a prestación do SAF que permita convertelo en accións estruturadas de intervención integral sobre o contexto das persoas usuarias e, para elo, e preciso poñer medios a disposición dos equipos municipais que, por unha parte, complemente os perfís dos propios equipos, e por outra, lles facilite este traballo.

Para elo, tamén é necesario contar con equipos de auxiliares suficientes e ben formados que posibiliten unha prestación de calidade do servizo. Nestes momentos, na comarca detectase unha falta de profesionais formados/as en servizos de atención sociosanitaria que opten por traballar no servizo de axuda a domicilio. Sería, polo tanto, necesario mellorar a cobertura das necesidades de formación e actualización das profesionais do SAF en activo e propiciar espazos para a formación de novas, así como contribuír a facer do servizo un sector laboral atractivo e estable.

## 4. Conclusións e Recomendacións.

Ó longo do presente documento foron analizados, en tres apartados diferentes, os principais aspectos relacionados coa evolución demográfica, co contexto socioeconómico, e coa situación dos servizos sociais e dos principais programas das políticas locais de benestar; amosando así un panorama integral resultante do estudo conxunto (I) das persoas, (II) das súas condicións de vida, e (III) da actividade dos servizos de benestar.

O último punto da Diagnose da Comarca de Fisterra vén conformada pola formulación das principais conclusións extraídas da análise dos anteriores apartados, así como pola elaboración de diferentes propostas para a mellora e ampliación do alcance e profundidade das actividades dos departamentos locais de benestar.

Estas conclusións e recomendacións terán como vieiro xeral a procura da mellora da calidade de vida da poboación e, máis concretamente, da mellora da autonomía individual e relacional das persoas, de tal xeito que se enmarquen e sexan coherentes coas liñas xerais que o Plan de Acción diseña para a actividade de Área de Benestar da Deputación da Coruña. É dicir, as recomendacións propostas para a Comarca de Fisterra non só son coherentes cun deseño xeral a nivel provincial, senón que contribúen a este deseño trasladando de xeito *abaixo – arriba* tanto as necesidades locais como as circunstancias puntuais que se presentan no desenvolvemento cotiá das tarefas dos departamentos locais, e que inflúen de xeito determinante no rendemento das políticas locais de benestar e, polo tanto, na súa capacidade de resposta fronte ás situacións sociais.

Neste sentido, ó longo dos últimos anos a Deputación da Coruña evoluciona no seu sistema de apoio ós Concellos de menos de 20.000 habitantes. Esta evolución insírese na emerxencia do POS+ como principal ferramenta de colaboración financeira xeral, en tanto que tamén presenta no relativo ás políticas de benestar unha fonda evolución das ferramentas de apoio financeiro.

Así, tanto o contido do apoio como os volumes financiados evolucionaron de xeito significativo a partir do ano 2017, sempre dentro da modalidade incentivadora, sendo minoría os programas de apoio técnico directo ós Concellos, aspecto este no que a continuación se fará fincapé atendendo á realidade territorial.

Deste xeito, na procura de seguir avanzando e mellorando no apoio integral que a Área de Benestar da Deputación presta ós Concellos, e tendo como referencia o principio de autonomía local, a continuación preséntanse as principais conclusións e recomendacións xurdidas para a Comarca de

Fisterra no seo dos traballos de elaboración do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña.

### 4.1 AS PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS .

#### A) A evolución demográfica

A análise da demografía levada a cabo ó longo do documento reflicte unha caída da poboación da Comarca dun 15,4% nos últimos 20 anos, acelerándose este proceso na última década. Esta evolución acontece en tódolos Concellos da Comarca agás no de Cee, se ben cunha intensidade diferente entre os que perden poboación.

Así, a perda de poboación oscila entre o 11% do Concello de Fisterra e o 36% do Concello de Dumbría, situándose nun punto intermedio o Concello de Muxía cun 24% e o de Corcubión cunha perda dun 18%. Nunha dinámica diferente atópase o Concello de Cee que gaña un 3% de poboación no período analizado.

Esta evolución á baixa procede dunha constante caída do saldo vexetativo dende finais dos anos 80, intensificándose na última década na que tódolos Concellos presentan uns importantes datos negativos. Ademais, o saldo migratorio tamén presenta unha cifra negativa en termos xerais, observándose só dous períodos con datos positivos (o ano 2006 e os tres anos comprendidos entre o 2008 e o 2010), en tanto que na actualidade este saldo atópase asentado en cifras negativas.

A tendencia demográfica actual provoca que a proxección da poboación para o ano 2030 supoña unha perda de case 2.500 habitantes sobre a cifra actual, baixando dos 20.000 e situándose nos 19.326 habitantes. Isto suporía unha perda dun 11% sobre as cifras do 2017, en tanto que sobre as do 1998 suporía un 25%.

Como se menciona, a caída da poboación é xeneralizada en tódolos Concellos da Comarca agás no caso de Cee. Con todo, a capilarización da perda de poboación é case-absoluta en todo o territorio, xa que a única parroquia que gaña habitantes entre o ano 2000 e a actualidade é Santa María da Xunqueira de Cee, a parroquia que agrupa case o 60% da poboación do Concello e o núcleo urbano que se erixe como a centralidade comarcal.

Con respecto ás parroquias dos restantes Concellos, a evolución é negativa en todas elas salientando os descensos absolutos observados no Ézaro (Dumbría) co 42%, San Marcos de Corcubión (Corcubión) co 17%, Brens (Cee) co 26% ou Moraime (Muxía) co 26%, aínda que porcentualmente tamén salientaría as perdas de Morquitián (Muxía) co 39%, Olveiroa (Dumbría) co 36% ou A Redonda (Corcubión) co 25%.

Neste sentido, a capacidade do núcleo urbano de Cee como centralidade de servizos non ten a suficiente capacidade como para equilibrar a perda xeneralizada de habitantes dos Concellos da



Comarca, observándose certa capacidade de atracción da poboación destes Concellos ó núcleo urbano de Cee que, en todo caso, non varía a dinámica xeral da Comarca. É dicir, atendendo á evolución dos últimos anos e ás proxeccións, é posible albiscar que determinados Concellos da Comarca se atopan nunha situación de *demotanasia*, como é o caso do Concello de Dumbría, onde incluso o núcleo máis poboado (O Ézaro) está a perder un volume importante de poboación, ou Muxía onde a pesar da existencia de programas locais de axudas á natalidade non se observa un efecto en termos de reversión da caída poboacional.

A prestación de servizos de benestar, e o deseño dos mesmos dende os departamentos municipais, atópase intimamente vencellada coa realidade demográfica local, de tal xeito que na Comarca de Fisterra é posible detectar unha dobre liña de evolución dos mesmos.

A primeira dela relaciónase coa emerxencia da resposta local ós dereitos subxectivos da dependencia en termos xerais, que se plasman sobre todo nos requirimentos operativos dos Servizos de Axuda no Fogar municipais e na súa intervención tanto relacionada coa propia dependencia como coa modalidade de libre concorrencia. Con todo, este é o exemplo máis salientable dunha serie de servizos e programas relacionados coa atención ás persoas maiores que, na actualidade están a demandar máis recursos por parte dos Concellos.

A segunda delas atópase relacionada coa resposta local a outro tipo de necesidades non directamente vencelladas coa atención á dependencia ou ás persoas maiores. Dentro destas actividades é posible identificar programas de axudas ó nacemento (caso do Concello de Muxía), así como certas actividades de prevención nos Centros educativos, aínda que a actividade xeral dos departamentos de benestar dos Concellos da Comarca vese afectada por unha salientable *hiperfocalización* no colectivo das persoas maiores e das persoas con dependencia, de tal xeito que se pode indicar que o SAF marca boa parte do traballo cotiá dos equipos técnicos dos servizos comunitarios.

Neste sentido, e tendo en conta o contexto demográfico mencionado, a propia configuración dos servizos de benestar e os equipamentos configúranse como elementos dinamizadores da vida económica local dende unha perspectiva de proximidade e como elementos que garanten a calidade de vida da poboación, contribuíndo ó proceso de retención/atracción de poboación dende unha perspectiva de complementariedade ó resto dos recursos socioeconómicos da Comarca.

Dentro deste concepto, é preciso mencionar a importancia que para a vida socioeconómica comarcal teñen os diferentes equipamentos de benestar de carácter público, privado ou social, salientando a presenza na Comarca de ASPADEX como entidade social que xestiona un total de 4 equipamentos con máis de 100 prazas focalizadas no colectivo das persoas con discapacidade. Ademais, tamén se atopa na Comarca un Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral que, se ben se constitúe como un centro de carácter sanitario, atópase xestionado por APEM (Asociación Pro Enfermos Mentais, con sede na Coruña).

Así, na actualidade ASPADEX e APEM están a converter á Comarca nunha referencia no traballo coas persoas con discapacidade, en tanto que tamén está a xerar emprego cualificado, o cal introduce o

elemento das economías de proximidade vencelladas ó benestar como aspecto de crucial importancia para o desenvolvemento da Comarca e dos servizos, aspecto este no que salienta tanto polo seu volume como pola súa potencialidade o SAF.

Un dos elementos máis importantes dentro das economías de proximidade xeradas polo benestar e, polo tanto, de capital importancia para a xeración de dinamización demográfica, é a posibilidade de establecer nexos entre a formación e a inserción laboral das persoas formadas. Así, na Comarca non se atopan Ciclos de Formación Profesional da familia de servizos socioculturais á comunidade, pero no IES Agra de Raíces de Cee impártese un Ciclo Medio de coidados auxiliares de enfermaría, en tanto que tamén se desenvolveron outro tipo de accións formativas relacionadas coa atención socio sanitaria nos Concellos, así como tamén se observa unha crecente oferta formativa de iniciativa privada.

Neste sentido, atendendo á elevada importancia do SAF nos Concellos da Comarca, considérase básica nas accións formativas desenvolvidas polos Concellos tanto a selección previa de perfís axeitados para a prestación de servizos nos fogares, como a posterior énfase na mellora das condicións laborais do SAF, pechando o círculo entre a selección e formación de profesionais capacitados e motivados e a prestación de servizos de calidade á cidadanía.

Como se pode observar, na Comarca existen equipamentos, servizos e programas de benestar que actúan dende unha óptica integral na mellora da calidade de vida das persoas, aínda que se detectan baleiros como pode ser o caso do transporte de proximidade nos que é preciso traballar para cubrir necesidades sociais que non están a ser consideradas na actualidade ou que, en todo caso, xeran problemas para a vida cotiá das persoas e son unha dificultade á hora de fomentar o asentamento das persoas nos núcleos rurais.

Neste sentido, é preciso estudar a viabilidade da implantación de diferentes tipos de transporte local para mellorar a calidade de vida da poboación, tanto nos núcleos centrais (dende a óptica do fomento do comercio e hostalaría de proximidade, por exemplo) como nas parroquias máis rurais ó garantir a existencia de conectividade. Con todo, para optimizar estes servizos é preciso estudar os fluxos e as centralidades, estudando o impacto das mesmas en termos de demanda.

Finalmente, a evolución demográfica da Comarca e a súa capacidade atendendo ó seu volume supón que as necesidades sociais sexan as propias dun territorio avellentado que está a perder poboación, pero que debe ofrecer servizos de valor tanto para garantir a calidade de vida dos habitantes como para fomentar a atracción de novos residentes.

Así, dende unha perspectiva integral de fortalecemento da dinámica demográfica, considérase básico o traballo de reforzo dos servizos de benestar e dos equipamentos operativos na actualidade; avanzando na prestación de servizos como o transporte local; mellorar na formación e inserción laboral de calidade das ocupacións relacionadas coa prestación de servizos de benestar; mellorando os programas conxuntos de carácter comunitario entre Concellos, Centros educativos e Centros de Saúde; así como avanzar na construción de *coalicións internas* municipais entre os departamentos de benestar, promoción económica ou asesorías xurídicas, por exemplo, que relacionen os diferentes

servizos municipais co obxectivo de fortalecer iniciativas de xeración de oportunidades laborais de proximidade e de mellora da inclusión laboral.

## B) O avellentamento e a soidade.

Tal como se vén comentando, un dos elementos definatorios da evolución da poboación na Comarca é a súa caída, sendo outro deles o avellentamento, xa que a idade media da Comarca pasa nos últimos anos de ser inferior á galega e equiparable á da provincia, a ser superior en case dous anos, sendo tamén superior o índice de avellentamento tanto na actualidade como nas proxeccións futuras.

Neste sentido, é posible observar como as proxeccións salientan o importante volume futuro dos grupos de idade superiores ós 65 anos, sendo preciso ter en conta sobre todo o elevado peso do grupo de mulleres maiores de 85 anos, aspectos estes que determinarán o deseño das políticas locais de benestar e os coidados ás persoas tanto en termos de equipamentos como de atención de carácter domiciliaria ou de deseño de accións de carácter comunitario que favorezan as relacións sociais.

O avellentamento e o devalo da poboación son procesos que están a afectar a tódolos Concellos da Comarca e a tódolos núcleos, incluído tamén ó núcleo urbano de Cee, polo que o vencello entre ruralidade e avellentamento non é absoluto.

Neste sentido, dentro das medidas que na actualidade se están a poñer en práctica que poden incidir en materia de avellentamento e soidade, salientan as propias dos programas de avellentamento activo, ás que se unen recentemente as que os Concellos están a poñer en práctica en colaboración con AFAFES (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Fisterra e Soneira) dirixidas tanto á prevención e traballo con persoas en situación de dependencia como en relación ós/ás seus coidadores/as aínda que estas últimas de xeito moi incipiente.

Neste sentido, na actualidade as redes comunitarias están a operar a xeito de sistema de detección e aviso de casos de soidade, polo que en contornas de carácter rural a proximidade e o coñecemento crean unha rede de *antenas* de importante capacidade.

Un dos elementos importantes á hora de estudar a resposta ó avellentamento é a través da situación actual dos equipamentos especificamente adicados ó coidado das persoas maiores nas súas diferentes modalidades, tanto de carácter residencial como non residencial. Neste caso, a pesar da existencia de equipamentos na Comarca como pode ser o rehabilitado Centro de Día de Corcubión, este non se atopa operativo, polo que se verifica un salientable déficit de prazas de carácter non residencial, sobre todo tendo en conta que na rede pública, as persoas usuarias son derivados a Muros e a Cabana de Bergantiños.

Outro dos elementos a ter en conta de cara á mellora xeral da calidade de vida, na liña da xeración de redes, é a xeración de actuacións conxuntas con Centros de Saúde. Estas relacións son

heteroxéneas xa que, se ben se bota en falla unha maior coordinación cos equipos de saúde (tanto a nivel local como Comarcal) para xerar actividades coordinadas ou complementarias de carácter sociosanitario, esta é substituída por unha colaboración informal efectiva. Con todo, estas colaboracións puntuais deron en programas para tomar a tensión (neste caso a colaboración foi coas Farmacias) ou para facer probas de calcio no Concello de Cee, consideradas estes programas de importante éxito. Ademais, non é posible obviar a potencialidade que ten neste aspecto tanto a presenza do Hospital Virxe da Xunqueira, como o Ciclo Medio de coidados auxiliares de enfermería en Cee.

Con respecto ós Centros Educativos a realidade tamén é fragmentada, salientando a ausencia de programas conxuntos e estables de prevención, aínda que esta ausencia é matizada pola presenza de accións de igualdade ou dos Centros Quérote. Con todo, un dos elementos máis salientables é a dificultade para chegar ás familias. Neste sentido, tamén se detectan baleiros en relación ó deseño de accións de carácter interxeneracional de elevado valor comunitario.

Finalmente, tendo en conta a emerxencia xeral do problema da soidade, considérase necesario reflexionar sobre a ausencia de programas específicos neste sentido nos Concellos da Comarca, se ben como se mencionou utilízanse diferentes ferramentas (tanto formais como informais) para a súa detección e para o seu tratamento.

Neste sentido, constátase a vitalidade das redes informais e comunitarias para a transmisión da información sobre as persoas en soidade, elemento este que conxuntamente co necesario liderado dos equipos municipais de benestar, poden xerar programas específicos para a soidade ós cales é preciso sumar ós profesionais da medicina de atención primaria.

### C) As múltiples exclusións.

A Comarca de Fisterra forma parte da Área da Costa da Morte, utilizada polas fontes oficiais á hora de analizar a taxa de risco de pobreza ou exclusión social, amosando os datos que o 19,33% da poboación da Costa se atopa en risco de pobreza<sup>34</sup> (Estratexia Europa 2020 para o ano 2016), o que supón que máis de catro mil persoas se atopan nesta situación.

A Área da Costa amosa, dende o 2011 ata o 2015, os datos máis elevados de toda a provincia, roldando entre os anos 2011 e 2014 o 30% de habitantes en risco de pobreza ou exclusión social. Este dato cae nos anos 2015 e 2016 ata o 19,33%, para volver subir ó 21,38% e situarse de novo como a maior taxa da provincia cun diferencial de máis de 1 punto con Galicia e de máis de 2 puntos coa provincia.

No relativo á Comarca, esta presenta uns datos de renda dispoñible bruta por habitante menores ós de Galicia e do conxunto da provincia. Neste caso, a Comarca amosa no 2015 un 77% do dato galego e un 72% do dato provincial, o que supón unha diferenza de máis de 3.000€/ano con respecto ó

---

<sup>34</sup> Os datos do ano 2017 contemplan como esta cifra representa o 21,38%, en tanto que Galicia conta co 20,26% e a provincia co 18,65%.

promedio de Galicia e de máis de 4.000€/ano con respecto ó dato da provincia. Ademais, é preciso indicar que en tanto o dato galego e provincial é superior no 2015 con respecto ó do 2010, no caso da Comarca segue a ser inferior despois da caída xeneralizada acontecida entre o 2010 e o 2012.

Estes datos a nivel comarcal son aterrables á realidade de cada Concello, onde se atopan salientables diferenzas. Así, en tanto Corcubión marca o teito da Comarca ó contar co 98% da renda galega e co 91% da renda da provincia, o chan márcao Fisterra que conta co 70% da renda galega e co 66% da renda provincial. Estes últimos datos do Concello de Fisterra son semellantes ós de Muxía e Dumbría, en tanto que nunha posición intermedia atópase o Concello de Cee. É dicir, un habitante de Fisterra (ou de Dumbría ou Muxía) dispón anualmente de 4.137€ menos ca un galego ou 5.050€ menos ca un habitante da provincia da Coruña.

Ademais, é salientable que a evolución da renda entre os anos 2010 e 2015 é decrecente en tódolos Concellos agás en Fisterra e Muxía (que sobe un 4% e un 1% respectivamente), debendo ter en conta as caídas do 7% de Corcubión e do 6% en Cee, e ficando Dumbría cun 1% de descenso. Neste sentido, non só é que a renda dos habitantes da Comarca, en termos estatísticos, sexa menor ca galega ou provincial, senón que esta diferenza segue a medrar sobre todo debido a que en tanto a evolución dos territorios de referencia é positiva no período analizado, a evolución na Comarca é negativa.

A análise da renda dispoñible bruta por habitante é posible completala a través do peso que as prestacións teñen sobre a propia renda, aspecto este no que a Comarca supera os datos de Galicia e da provincia en seis e sete puntos respectivamente ata acadar o 38% no ano 2015 dende o dato do 32% do ano 2010. Esta evolución crecente supera en intensidade á propia de Galicia ou da provincia, xa que en tanto nos territorios de referencia o peso medra en tres puntos, na Comarca medra en seis.

A nivel municipal, o único Concello que amosa uns datos homoxéneos con Galicia ou coa provincia é o de Corcubión, aínda que parte de datos máis baixos cós galegos e provinciais para equipararse (o dato no 2010 é do 26% e no 2015 do 32%). Esta intensidade da evolución obsérvase nos restantes Concellos que, ó partir de datos máis elevados (Dumbría co 36% no 2010) acadan pesos máis salientables, debendo neste aspecto resaltar a evolución do caso de Muxía que ascende oito puntos no período analizado.

Estes datos amosan que o peso das prestacións sobre a renda bruta dispoñible por habitante é superior ó promedio galego e medra máis aceleradamente ca en Galicia ou na provincia, co cal a dependencia das economías locais e da economía comarcal das prestacións é indubidable.

Ademais, este contexto socioeconómico xeral vén marcado pola importancia na Comarca do sector servizos (comercio e hostalaría), do sector primario (salientando sobre todo a pesca) e da construción. Dentro deste contexto empresarial, ademais, é preciso ter en conta a localización en Dumbría e Cee de importantes industrias que, como se pode comprobar no apartado adicado ó PIB por habitante, supoñen un importante diferencial con respecto ós restantes Concellos e que impactan noutro tipo de indicadores como pode ser o das pensións promedio.

A evolución da afiliación á Seguridade Social entre os anos 2011 e 2018 amosa un lixeiro decrecemento, centrado sobre todo no réxime de autónomos. Con todo, este decrecemento céntrase no período 2011 – 2013 para, a partir deste ano iniciar unha suave tendencia á alza que non é o suficientemente intensa como para retomar os datos iniciais. Ademais, o número de persoas que están a percibir pensións contributivas sitúase no 2017 nas 5.980 persoas, cun importe medio de 723,6€ mensuais, fronte ós 896€ de Galicia e os 927€ do conxunto da provincia.

Ás exclusións de carácter económico vencelladas co ámbito laboral e coa renda únenselle outro tipo de exclusións relacionadas coa emerxencia das situacións de dependencia derivadas do intenso avellentamento e coa necesidade de coidados.

Neste sentido, un dos elementos máis salientables relacionado coas necesidades de coidados é o impacto que a intensa feminización dos mesmos ten sobre as persoas, sobre o seu emprego/empregabilidade e sobre as súas carreiras profesionais, sobre todo atendendo ás súas cotizacións e á xeración de dereitos relacionados coa xubilación. Así, outra das exclusións máis importantes que se está a observar é a relacionada coa das persoas coidadoras, que ten efectos inmediatos a través da ruptura das súas relacións laborais actuais e das relacións sociais no seu contexto, e que ten efectos diferidos sobre as pensións de xubilación, o que incrementa as posibilidades de risco de pobreza no futuro.

Outra das exclusións máis salientables é a relacionada coa presenza das discapacidades, tanto polas propias persoas con discapacidades que no 2017 eran 1.888 persoas na Comarca, como polas persoas coidadoras, sendo preciso mencionar a existencia na Comarca dos equipamentos de ASPADEX, así como dos de APEM que traballan especificamente con este colectivo.

Neste sentido, tendo en conta a limitación xeral dos equipamentos adicados ás persoas con discapacidade, é de enorme importancia a presenza, permanencia e sustentabilidade destes equipamentos e do traballo das entidades sociais radicadas na Comarca, de tal xeito que se amosa preciso facer unha reflexión sobre as necesidades destas entidades xerando accións multinivel de apoio á xestión dos equipamentos garantindo a súa sustentabilidade e a continuidade na prestación de servizos.

Finalmente é preciso mencionar o caso das exclusións vencelladas coas adicións de especial incidencia entre a mocidade, entre as que salientan as relacionadas coas tecnoloxías, co repuntamento das drogadiccións e co alcoholismo. Neste sentido, como se comenta con anterioridade, os Concellos están a levar adiante accións puntuais de prevención en relación cos Centros Quérote (por exemplo, no Concello de Cee) pero de xeito puntual e fragmentado, sendo este un dos elementos que os equipos técnicos consideran un baleiro que é preciso cubrir de xeito coordinado a nivel comarcal.

Dentro desta preocupación polo repuntamento das adicións, é preciso facer mención ás familias do alumnado escolar, aspecto este no que os equipos de benestar tamén recoñecen que é un aspecto a mellorar e a partir do cal se poden obter mellores resultados das accións preventivas. Así, outro aspecto a considerar é a actualización xeral das accións, superando os formatos tradicionais de

charlas e pasando a outro tipo de formato máis actuais que favorezan o éxito das accións emprendidas e o seu impacto a medio prazo.

#### D) Os coidados.

Tal como se pode comprobar, os equipamentos relacionados cos coidados na Comarca céntranse nas Escolas Infantís (cun total de catro escolas e máis de 130 prazas de titularidade pública), no colectivo de persoas con discapacidade (con catro equipamentos e máis de 100 prazas), na atención residencial ás persoas maiores (un equipamento de 15 prazas), e na atención ós menores (un equipamento con 15 prazas), se ben coa excepción dos equipamentos de atención á primeira infancia, é a titularidade social a que lidera a prestación de servizos. Ademais, tal como se mencionou con anterioridade, tamén se atopa na Comarca un Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral que, se ben se constitúe como un centro de carácter sanitario, atópase xestionado por APEM (Asociación Pro Enfermos Mentais, con sede na Coruña), entidade social.

Así, o abano de equipamentos relacionado cos coidados na actualidade está a centrarse na atención á primeira infancia e na atención ás persoas con discapacidade, sendo moi limitada a oferta residencial de atención ás persoas maiores e inexistente a oferta non residencial de proximidade.

Neste sentido, é salientable a inexistencia de ningún centro de proximidade de atención ás persoas maiores non residencial, sobre todo tendo en conta o avellentamento da poboación da Comarca así como o afastamento dos centros da rede pública, sendo na actualidade un centro de titularidade privada de recente apertura situado no Concello de Zas o máis próximo á Comarca. Así, a Comarca ofrece ratios relacionadas coa atención residencial e non residencial ás persoas maiores moi por baixo das estimadas.

Un aspecto no que é preciso incidir é no recoñecemento do labor das entidades sociais para a xestión dos equipamentos de atención á discapacidade dos que, como se menciona, teñen a titularidade social como único prestador. Neste sentido, a presenza de entidades sociais amósase como un activo importante para a creación de redes comarcais de entidades para o benestar co que isto comporta en termos de ampliación das capacidades conxuntas de deseño de medidas de benestar ou de profundidade das mesmas. Ademais, incidindo no recoñecemento do traballo das entidades sociais, estas están a exercer o liderado das tarefas de atención e coidados, reforzando de xeito imprescindible as tarefas levadas a cabo polas familias.

A elevada importancia da iniciativa social na política de coidados a nivel local e comarcal supón que a política de benestar debe prestar especial atención á colaboración con estas iniciativas dende un duplo punto de vista conformando un escenario de interdependencia. En primeiro lugar mellorando a intensidade dos fluxos de información entre entidades e equipos municipais, co obxectivo de avanzar no deseño de medidas conxuntas e, polo tanto, de ampliar tanto o abano de medidas como a súa profundidade. En segundo lugar, dende a mellora da estabilidade do funcionamento dos equipamentos das iniciativas sociais, tanto máis canto estes equipamentos se están a focalizar no

colectivo das persoas con discapacidade para os cales o sector público non está a dar respostas de proximidade.

Así, na procura desta estabilidade local e da sustentabilidade das iniciativas sociais, dos equipamentos que estas xestionan e dos seus equipos técnicos, amósase preciso non só que os Concellos avancen na colaboración, senón que esta filosofía da estabilidade se estenda ós programas de colaboración sostidos dende ámbitos como a Deputación da Coruña, co que isto supón á hora de multiplicar a potencialidade das redes comarcais e das políticas locais de benestar.

Outro dos elementos centrais das políticas de benestar en relación ós cuidados ás persoas no ámbito local é, sen dúbida, o SAF nas súas dúas modalidades (dependencia e libre concorrancia). Este servizo, que é dunha salientable intensidade en recursos económicos e humanos, na actualidade está a chegar a máis de 200 fogares na Comarca, dando emprego directo a máis de 40 profesionais auxiliares, co cal o servizo conxuga á perfección a potencialidade de creación de postos de traballo de proximidade coa atención individualizada a un elevado número de usuarios/as.

Esta elevada importancia cuantitativa do SAF supón unha elevada tensión en termos de servucción para os Concellos, para a cal se utilizan as formas de xestión directa, indirecta e mixta, aínda que salienta sobre todo a xestión directa de ámbalas modalidades do SAF. Neste sentido, esta opción é escollida por tres Concellos (Fisterra, Corcubión e Dumbría), en tanto un cuarto conta cunha xestión mixta das dúas modalidades do servizo (Muxía), e o Concello de Cee ten o servizo completamente externalizado.

Con respecto ó abano de custo/hora do servizo atópase entre o chan de 11,24€ da modalidade de dependencia de xestión directa de Fisterra, e o teito supóñeno os 18,26€ do custo da xestión directa da libre concorrancia de Dumbría. Ademais, non se observa a presenza de sistemas de xestión informatizados no caso dos servizos de xestión directa.

En relación ó SAF, é preciso indicar que os equipos municipais prevén un incremento da demanda da modalidade de libre concorrancia, pero tamén se debe ter en conta que esta é utilizada como *porta de entrada* ós servizos da dependencia cubrindo as importantes esperas, polo que este incremento previsto debe ser analizado en función da evolución da modalidade de dependencia. Esta regra xeral, que é a seguida nos Concellos de Muxía, Corcubión ou Dumbría, ten matices xa que nos Concellos de Cee ou Fisterra o SAF de libre concorrancia estase a utilizar especificamente para as emerxencias ou acompañamentos a familias, de aí a salientable diferenza de horas prestadas en función dos volumes de poboación de cada Concello.

Dentro do SAF é interesante a experiencia do Concello de Muxía relacionada coa ampliación de servizos e introdución da lavandaría como servizo a maiores. Neste caso vencéllase o incremento da profundidade do SAF a través de servizos complementarios coa dinamización económica de proximidade, xa que a encargada é unha empresa local coa que se ten un convenio.

Outro dos elementos a ter en conta en relación ó traballo do SAF na modalidade de libre concorrancia é a relación que se debe establecer entre o Hospital Virxe da Xunqueira e os Concellos.



Neste sentido, atendendo ó contexto demográfico e ó proceso de avellentamento da poboación, os equipos de benestar locais indican que sería preciso afondar na comunicación xa existente co propio Hospital avanzando na colaboración en materia de saúde mental ou de axudas técnicas, por exemplo, incidindo sobre todo na coordinación entre as altas hospitalarias de persoas maiores con necesidades de coidados e a prestación do servizo de SAF de libre concorrencia por parte do Concello.

Ademais, outro dos elementos a ter en conta en relación tanto cos coidados ás persoas maiores e dependentes como co vencello coas entidades sociais, é a recente posta en marcha de AFAFES. Esta entidade vén de establecer convenios de colaboración cos Concellos de Cee e Fisterra para iniciar actividades relacionadas co traballo con familiares e afectados por demencias e Alzheimer. No caso do Concello de Cee, este convenio supuxo a cesión dun local onde a entidade ten a súa sede, no de Fisterra, prevese a posta en marcha dun grupo de apoio a coidadores/as de persoas dependentes. Esta entidade, na comarca, ademais de traballar cos familiares e coas persoas usuarias, prestará apoio psicolóxico e realizará avaliacións cognitivas fomentando así a prevención e a detección temperá.

Na liña do xa mencionado, os equipos municipais de benestar afirman unha excesiva práctica *hiperfocalizada* na xestión dos programas locais de coidados e nas actividades para as persoas maiores, a pesar do cal se detectan baleiros salientables como é o caso dos traballos coas familias e persoas coidadoras das persoas dependentes que na actualidade se están a intentar cubrir a través da colaboración coas entidades sociais.

Neste sentido, esta *hiperfocalización* non supón o esgotamento do SAF xa que en contextos de elevado avellentamento a demanda estase a incrementar. Con todo, a prestación de servizos depende de diferentes elementos operativos tales como a presenza de persoal formado na contorna, a vixencia das bolsas de traballo locais, ou a xestión orzamentaria municipal, de tal xeito que estes limitantes están a marcar a evolución do servizo en varios Concellos xerando situacións de inequidade derivadas da xestión interna dos departamentos.

Finalmente os equipos técnicos municipais recoñecen a necesidade dun programa comarcal de atención temperá que, se ben xa foi definido con carácter previo contando co apoio de tódolos Concellos, a creación deste equipo foi obxecto de dificultades de carácter xurídico e non se chegou a verificar, co cal a necesidade e a demanda segue vixente sen resposta efectiva.

## E) Os equipos locais de benestar.

A evolución das modalidades de financiamento que a Sección de Benestar da Deputación da Coruña pon a disposición dos Concellos menores de 20.000 habitantes supón unha variación nas posibilidades dos servizos a raíz dun dobre efecto.

Por unha banda, o financiamento do perfil do apoio administrativo e de persoal técnico complementario ó/á traballador/s social de referencia permite completar dende un punto de vista

integral ó equipo inicial, permitindo tanto unha maior axilidade administrativa e unha mellor atención inicial ó público, como unha atención multidisciplinar ós diferentes casos, achegando tamén posibilidades de ampliar o abano de servizos ofrecidos dende os Concellos.

Por outra banda, a fonda variación do financiamento do SAF da modalidade de libre concorrència supón un incremento no ingreso dos Concellos e, polo tanto, unha maior capacidade á hora da prestación deste servizo que, como se puido observar, aínda non é posible avaliar e que tamén depende doutros factores individuais de cada Concello como pode ser o referente á existencia de sistemas de xestión informatizados ou o rendemento dos equipos propios ou de entidades prestadoras externas.

A evolución do financiamento da Deputación da Coruña, vencéllase coa maior capacidade dos Concellos á hora de incrementar os seus equipos técnicos e administrativos dos departamentos de benestar, así como coas posibilidades do SAF básico. Así, case tódolos Concellos da Comarca contan con persoal técnico complementario que, se ben en Muxía, Corcubión, Cee e Fisterra están a xestionar o programa de Educación Familiar (no caso de Cee este profesional non forma parte do cadro de persoal municipal), no caso de Dumbría cóntase cun profesional técnico complementario de especialidade relacionada co maxisterio encargado de facer actividades nas parroquias, como é o caso do programa de alfabetización, o de envellecemento activo ou as manualidades. Estes profesionais, coa excepción de Cee, son financiados pola Deputación como técnicos A2.

Con respecto ó persoal administrativo, a Deputación está a financiar prazas en tódolos Concellos da Comarca. Con todo, no Concello de Corcubión este profesional non traballa integramente para o departamento de benestar e, a pesar da necesidade tecnicamente recoñecida de contar cun apoio administrativo a xornada completa, está a compartir xornada cos servizos xerais, polo que o Concello está a devolver parte do financiamento.

Nos Concellos de Muxía, Fisterra e Dumbría, a pesar da intensidade do traballo administrativo relacionado co departamento de benestar recoñecida polos equipos técnicos, non se verifica a presenza exclusiva do apoio administrativo para o devandito departamento, senón que este profesional se integra dentro dos servizos xerais municipais.

No caso do Concello de Cee, o persoal administrativo é á súa vez a coordinadora das actividades do Centro Social municipal, polo que esta complementariedade provoca unha multifocalización de tarefas que vai en detrimento da efectividade de ámbalas funcións principais.

Ademais, en relación ó SAF, o financiamento da Deputación para a modalidade de libre concorrència, supón un apoio salientable para un servizo que, na actualidade, está a superar as 40 profesionais auxiliares, de tal xeito que se observa como os equipos locais de benestar están a supoñer unha fonte importante de postos de traballo de proximidade.

Con todo, a modificación do sistema de financiamento da Deputación para o SAF de libre concorrència, que colabora na suficiencia financeira dos Concellos, non está a ter impacto no incremento de prestación de horas de servizo ós/ás usuarios/as. De feito, en termos xerais

contabilizando toda a Comarca, as horas prestadas no ano 2018 descenderon un 40% dende as cifras presentes no ano 2016 aínda que esta situación ten razóns explicativas de carácter local.

Así, o único Concello que incrementa as horas prestadas é o de Corcubión, que evoluciona á alza nun 39% ó pasar de máis de 1.600 horas no 2016 ás máis de 2.300 no ano 2018. O equipo técnico municipal considera que despois destes incrementos a previsión é á estabilidade, se ben é preciso afrontar un intenso traballo en materia de servizos complementarios como logopedia, podoloxía, perruquería ou axudas técnicas.

O Concello de Fisterra diminúe as horas de servizo prestadas nun 26%, pasando de máis de 1.300 a un total de 968. Tal como se mencionaba con anterioridade, o Concello utiliza o SAF básico para as emerxencias, de tal xeito que non se está a cubrir con carácter xeral as esperas das valoracións de dependencia. Este uso, ademais da limitada conformación do equipo SAF de xestión directa, fai que o persoal para a prestación do SAF básico non sexa quen de responder ás necesidades aínda que ó longo do ano 2019 se atopa prevista a contratación dunha persoa auxiliar para incrementar o equipo que se centrará no SAF básico, motivo este polo que se prevé un incremento importante ata superar as 2.000 horas de servizo. Ademais, na liña do Concello de Corcubión, o obxectivo sería dotar ó SAF de servizos complementarios.

O Concello de Dumbría tamén diminúe as horas de servizo nun 27%, pasando de máis de 5.500 no ano 2016 a 4.059 no 2018. Neste caso a prestación de SAF libre concorrencia é unha prioridade, pero o seu uso como cobertura das agardas do proceso de valoración de dependencia provoca que o incremento das horas do SAF dependencia vaia en detrimento das horas de SAF libre concorrencia, polo que a previsión a medio prazo é á estabilidade nas cifras promedio do período analizado.

Con respecto a Muxía, o descenso é dun 30% debido a diferentes factores, entre os que se atopa, por unha banda, a relación co SAF dependencia, pero por outra banda menciónase a limitación do equipo propio encargado da libre concorrencia (2 auxiliares de xestión directa), a inexistencia de bolsa de auxiliares municipais ou os copagamentos que, vencellados coa limitada renda existente nas familias, dificultan o acceso ó servizo. Con todo, na actualidade non existe lista de agarda para o servizo, ou esta é moi limitada.

A situación no Concello de Cee vén determinada polas dificultades para a aprobación orzamentaria no Pleno, razón pola cal o servizo decae un 86% sobre as cifras do ano 2016. Esta situación dificulta a licitación dun contrato (a xestión da totalidade do servizo é externalizada) que responda ás necesidades sociais e na actualidade estase a centrar os esforzos no SAF dependencia. De tódolos xeitos a previsión técnica para o servizo é, na liña dos Concellos da Comarca, cubrir as esperas de dependencia e, polo tanto, retomar o nivel de prestación de servizos do ano 2016.

Outro dos elementos salientables en referencia ós equipos de benestar municipais é o relacionado á importancia da multidisciplinidade. Así, se ben nos equipos na actualidade se atopan asentados perfís complementarios para coordinar o programa de Educación Familiar, non se observa a presenza de profesionais da psicoloxía ou de carácter sociocomunitario que poden achegar coñecementos para ampliar o abano de programas ou mellorar a súa profundidade.

Neste sentido, este é un dos elementos nos que se amosa preciso traballar co obxectivo de incidir en programas que non se están a ver utilizados como poden ser os de voluntariado, incrementando así a carteira de servizos de benestar local e mellorando a colaboración con centros educativos, centros de saúde e entidades sociais o cal, á súa vez, suporá matizar a elevada *hiperfocalización* observada en torno ó SAF e ás accións para persoas maiores.

O volume e composición dos equipos de benestar atópase vencellado co peso orzamentario das políticas de benestar nos orzamentos dos Concellos. Neste sentido, como se puido comprobar, nos orzamentos aprobados do 2018 amósase unha elevada heteroxeneidade do peso das políticas de benestar sobre o total orzamentado que, se ben en termos porcentuais se sitúan entre o 18,5% de Corcubión e o 2,28% de Dumbría, en termos de investimento por habitante sitúanse entre os 148€ de Corcubión e os 33,82€ de Dumbría.

Esta heteroxeneidade dos pesos e volumes do grupo de gasto 23 contrastan, por exemplo, co feito de que Dumbría conte cun equipo de SAF de xestión directa de 8 profesionais, de tal xeito que, se ben son indicativas dun compromiso inicial por parte dos Concellos, non é un dato absoluto nin final do peso real do investimento social a nivel orzamentario, o que amosa un elevado nivel de heteroxeneidade na construción do dato a nivel contable.

Finalmente, na liña da colaboración coas entidades sociais, e tendo en conta a presenza de ASPADEX, AFAFES ou de APEN na Comarca, é preciso reforzar esta colaboración tanto a nivel de coñecemento e mellora do traballo en rede, como a nivel de resposta ás necesidades operativas que presentan as entidades sociais para a xestión dos equipamentos a través da mellora dos sistemas de financiamento. Neste caso, amósase preciso avanzar dende unha perspectiva multinivel na mellora da temporalidade do financiamento, focalizando os esforzos na xestión e sostibilidade dos equipamentos, e mellorando os sistemas de seguimento e avaliación das actividades facendo fincapé, sobre todo, na implicación destas actividades das entidades sociais na programación deseñada polos equipos municipais para buscar complementariedades.

### 4.2 AS PRINCIPAIS RECOMENDACIÓNS.

#### A) A evolución demográfica

Tal como se vén indicando ó longo do documento, e a pesar da posta en marcha de programas específicos como pode ser o de apoio á natalidade do Concello de Muxía, ou de equipamentos de atención á primeira infancia como é o caso das Escolas Infantís en tódolos Concellos (agás en Dumbría, que conta cunha Casa Niño), a evolución demográfica na Comarca amosa unha importante caída nos últimos anos derivada dos datos negativos dos saldos vexetativo e migratorio, que se soste a medio prazo atendendo ás proxeccións oficiais.

Esta evolución afecta a case tódolos núcleos de poboación da Comarca, coa excepción do núcleo urbano de Cee que, se ben medra en poboación, non é quen de constituírse como centralidade que, ademais de atraer poboación, teña suficiente potencialidade como para compensar as caídas dos restantes Concellos.

Neste sentido, o habitual vencello entre servizos e emprego con dinamización demográfica é posible aplicalo á Comarca, tendo en conta a necesidade de facer énfase nos sectores económicos de proximidade de elevada potencialidade tractora como poden ser o mar ou o forestal. Así, a estratexia para a recuperación demográfica na Comarca debe ser integral, facendo fincapé na mellora da dotación de servizos de benestar e na xeración de economías de proximidade.

Dentro destes sectores económicos atópase o propio benestar como fonte de emprego de proximidade e de calidade onde se integran servizos de elevada intensidade como o SAF ou como poden ser os diferentes equipamentos activos na Comarca adicados tanto á atención á primeira infancia como ás persoas maiores ou ás persoas con discapacidade.

Neste sentido, emerxe a necesidade de, por unha banda, completar o abano de equipamentos precisos en materia de benestar dando resposta ás necesidades de atención ás persoas maiores de proximidade con equipamentos como os Centros de Día, en tanto que estes equipamentos xeran ó seu tempo a necesidade de persoal formado, para o cal non se observa na contorna ningunha formación profesional específica alén da presenza de obradoiros municipais ou de accións formativas de iniciativa privada.

Así, na liña do aproveitamento das posibilidades de emprego que xeran os equipamentos de benestar, amósase preciso non só potenciar as accións formativas senón avanzar para pechar o círculo da inserción laboral das persoas formadas, garantindo unhas condicións laborais que fagan atractivo o traballo no benestar.

Deste xeito, un dos elementos que é preciso potenciar é a vinculación entre a detección de necesidades sociais, a formación e a inserción laboral nos servizos de benestar de proximidade, de tal xeito que se xeren prácticas de colaboración internas entre os diferentes departamentos municipais, salientando pola súa importancia os relacionados co desenvolvemento local ou coa promoción económica e o emprego.

A continuación mencionáronse diferentes recomendacións encamiñadas a avanzar na creación dunha Comarca con capacidade de atracción e retención da poboación como principal elemento para evitar o proceso de *demotanasia* no que se atopa.

### **Recomendación 1. Xeración de estratexias compartidas entre os Departamentos de Promoción Económica e Emprego locais cos de Benestar.**

Como se indica con anterioridade, e como así recoñecen os equipos de benestar, a estabilización da evolución demográfica é unha consecuencia da emerxencia de economías de proximidade

baseadas en actividades tractoras de elevada capacidade de xeración de emprego. Neste sentido, amósase preciso afondar no desenvolvemento dos sectores económicos de proximidade máis salientables complementados coa expansión dos servizos de benestar locais e comarcais, con que esta complementariedade comporta en termos de creación de postos de traballo e de mellora das condicións de conciliación.

Este desenvolvemento socioeconómico debe ser harmónico, para o cal se recomenda a introdución da visión do benestar como elemento consubstancial na acción municipal. Esta visión, que dará na creación de *coalicións internas de benestar*, suporá tanto a introdución da necesaria planificación dos servizos de benestar (servizos de conciliación, servizos de transporte público...) para dar resposta á creación de novas iniciativas económicas que reterán/atraerán persoal, ó mesmo tempo que estes servizos de benestar serán identificados como fontes de ocupacións cualificadas que redundarán na retención/atracción de poboación.

Dentro destas *coalicións internas de benestar* salientan ferramentas como as bolsas de traballo municipais que poñan en relación ás entidades demandantes de recursos humanos e ás persoas demandantes de emprego, aspecto este que fornece de información, ó mesmo tempo, ós servizos técnicos municipais para anticipar demandas sociais ás que responder en termos de benestar a través da creación de novos servizos ou a través da ampliación ou redefinición dos xa existentes.

Ademais, é preciso indicar que na actualidade os equipamentos de benestar que se atopan operativos na Comarca poden actuar como centros de atracción de persoal formado, sendo de especial interese a experiencia coa que contan os Concellos á hora de deseñar accións formativas específicas na área de benestar.

Neste sentido, estas accións formativas relacionadas co benestar están a xerar persoal capacitado para a súa integración nos servizos de benestar dos diferentes prestadores, a pesar do cal é preciso afondar na mellora destas accións, sobre todo dende a óptica da selección dos perfís máis axeitados para a súa incorporación tanto ás accións formativas como con posterioridade ó traballo activo de calidade, sobre todo no SAF que, como se indica, conta cun importante volume de auxiliares e a tendencia é ó incremento.

Dentro desta lóxica, é preciso facer referencia ás ferramentas que na actualidade están a disposición das administracións locais á hora de incidir na dinamización económica local. Neste sentido, a lexislación vixente a través da utilización de cláusulas sociais, laborais e medioambientais, así como da reserva de contratos<sup>35</sup>, permite mellorar a colaboración coas entidades sociais, por exemplo, a través dos seus centros especiais de emprego que teñen especial relación cos centros ocupacionais (ASPADEX), o cal contribúe á xeración de economías de proximidade de especial valor para colectivos específicos.

Deste xeito, as coalicións internas de benestar incidirán dun xeito integral tanto na mellora da compra socialmente responsable das administracións (o cal xerará unha mellora substancial das

---

<sup>35</sup> Disposición adicional 4ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014.

condicións das entidades sociais), ó mesmo tempo que se terán en conta as necesidades de benestar á hora de planificar o apoio local ás novas iniciativas de proximidade e se mellorará o ciclo da formación/inserción para as actividades de benestar.

### **Recomendación 2. Programa de fomento e estabilidade das entidades sociais e das actividades das entidades asociativas radicadas na Comarca.**

Na actualidade a presenza de entidades sociais activas e xestionando equipamentos de benestar na Comarca é salientable á vez que limitada en número, co que isto comporta xa que son as entidades sociais as que de xeito maioritario están a focalizar o seu traballo no apoio ás persoas con discapacidade. Neste sentido, a interdependencia que habitualmente se está a dar entre os equipamentos de titularidade pública, privada e social (así como entre os colectivos obxectivo dos mesmos) vese limitada e, polo tanto, a efectividade final das políticas de benestar pode ser mellorada.

Así, no marco dun programa de fomento e estabilidade das entidades sociais que traballan na Comarca, non só é preciso que os equipos municipais melloren o seu coñecemento e coordinación coas entidades sociais, e cos servizos que estas ofrecen nos seus equipamentos e na súa actividade xeral co obxectivo de asentarse unha actuación conxunta en forma de *rede*, senón que é preciso avanzar cara fórmulas de estabilidade da actividade destas entidades.

Esta estabilidade debe partir, tanto das propias entidades locais como de institucións superiores ós Concellos que teñen entre as súas liñas de actuación a colaboración e o cofinanciamento de entidades sociais. Esta estabilidade debe colaborar para garantir o funcionamento cotiá das entidades e dos seus equipamentos, de elevado interese social local e comarcal, e debe ser o elemento que una ós diferentes actores para a xeración de actividades conxuntas e complementarias.

Ademais, na liña da mellora da colaboración entre Administracións locais e tecido asociativo en clave de benestar, a intensidade dos fluxos de comunicación non só se debe circunscribir ás entidades do TSAS, senón que debe ser ampliada a outras entidades asociativas de carácter cultural, deportivo... Dende este punto de vista, a mellora da comunicación coas entidades asociativas tanto a nivel sectorial como territorial mellorará o deseño e a implementación das accións de benestar, multiplicando o seu efecto e chegando a máis potenciais usuarios/as.

É dicir, a nivel local é preciso contar cunha estrutura de gobernanza informal que dea capacidade ó equipo de benestar de integrar achegas das entidades para a mellora do deseño das actividades, ó tempo que se conte con elas para a difusión e implementación. Do mesmo xeito, as actividades das entidades asociativas deben ser deseñadas atendendo ás prioridades do benestar e da inclusión e deben contar co apoio dos equipos técnicos municipais á hora da súa implementación.

Esta gobernanza xerará maiores capacidades para as accións de benestar, maior riqueza no deseño e maiores posibilidades de mellorar a calidade de vida das persoas, sobre todo atendendo ás circunstancias daquelas que viven en contornas de elevada dispersión.

### **Recomendación 3. Mellora da oferta comarcal de formación dirixida á atención ás persoas.**

Tanto o fomento de iniciativas económicas de benestar de carácter endógeno como a atracción das mesmas deben xerar emprego de calidade de proximidade, sendo un dos seus alicerces a presenza de profesionais coa formación axeitada para dar resposta ós servizos de benestar que se presten.

Con todo, os equipos técnicos municipais afirman que, na actualidade, servizos como o SAF demandan persoal (sobre todo tendo en conta as previsións dun Concello tan salientable como o de Cee), polo que as necesidades do servizo superan as capacidades de accións como son os obradoiros municipais desenvolvidos de xeito puntual ou a formación de iniciativa privada.

Así, é preciso facer fincapé en ferramentas como os obradoiros de emprego que demostraron ser de importante utilidade, mellorando selección de perfís previa e garantindo que os/as profesionais formados/as accedan ós postos de traballo ofertados polos diferentes prestadores.

Ademais, estas accións xerarán persoal formado para a súa inserción nos equipamentos de benestar que se localizan na Comarca, o cal redundará, como se menciona con anterioridade, tanto na mellora da prestación de servizos, como na xeración de economías de proximidade para a atracción/retención de poboación.

Con todo, nesta mesma liña e tendo en conta tanto a situación da poboación na Comarca, bótase en falla a oferta de formación oficial de Formación Profesional relacionada coa familia de servizos socioculturais e á comunidade (Ciclo Medio de atención ás persoas en situación de dependencia, por exemplo) que complementara a presenza do Ciclo Medio de coidados auxiliares de enfermaría no IES Agra de Raíces de Cee.

A impartición desta formación convertería á Comarca nunha centralidade formativa que dea resposta ás súas propias necesidades e ás necesidades de territorios lindeiros.

### **Recomendación 4. Ampliación das actividades de benestar nos CEIP, IES en colaboración coas ANPA.**

Tal como se menciona ó longo do documento, os equipos técnicos dos Concellos consideran o traballo en rede coas institucións educativas un aspecto no que é preciso mellorar e do cal depende o éxito de numerosas accións de carácter multisectorial.



Esta mellora recomendada supón avanzar con respecto a un modelo de traballo entre os departamentos de benestar locais e os centros educativos de carácter reactivo, pasando a traballar proactivamente, é dicir, establecendo programacións conxuntas estables que, como se indica, poidan responder a diferentes propósitos que van, por exemplo, dende a loita contra as adicións, ás actividades de carácter interxeneracional.

Así, co foco posto na xeración de accións en rede entre os centros escolares e os departamentos locais de benestar, detéctase un amplo espazo de traballo no eido das relacións comunitarias interxeneracionais.

Dentro deste campo, aínda que no marco dun programa de colaboración máis amplo, débense aproveitar as potencialidades que a proximidade xera para o deseño de actividades conxuntas de transmisión de tradicións, oficios, lendas ou toponimias e camiños tradicionais entre as persoas maiores usuarias das actividades de benestar e o alumnado dos CEIP e dos IES.

Estas experiencias poden ser recollidas e recompiladas polo seu elevado interese en termos de difusión en múltiples formatos, tanto entre o público xeral como entre profesionais especializados/as, xerando material de interese para publicacións de carácter académico.

Ademais, esta colaboración entre os departamentos de benestar locais e os CEIP e as ANPA debe ser expandida a outros eidos, entre os cales salienta a posibilidade de deseñar programas de nutrición saudable de proximidade en equidade, accións estas que inciden na xeración de economías locais e que ó mesmo tempo trasladan ó alumnado a posibilidade de almorzar de xeito saudable e equitativo, loitando así contra os casos de risco de pobreza infantil.

Unha derivada salientable do traballo conxunto é a posibilidade que se abre para os equipos técnicos de xerar novos ámbitos de actuación, tal como é o caso do traballo con colectivos de persoas inmigradas.

Finalmente, na liña de ampliar o abano de servizos ofertados dende os departamentos de benestar, e en relación coas familias e coa infancia, considérase de especial interese redeseñar e expandir as iniciativas relacionadas coas Escolas de Familia que, se ben son consideradas en diferentes Concellos da provincia como de elevado éxito, tamén se indica que precisan unha actualización metodolóxica e chegar a maior cantidade de potenciais usuarios/as para mellorar no establecemento/reforzo de redes de socialización, favorecendo a intensificación da vida comunitaria.

#### **Recomendación 5. Establecemento dun programa de actuación conxunta entre os departamentos de benestar locais, os Centros de Saúde, o Hospital Virxe da Xunqueira e os IES.**

Na liña do mencionado con respecto á colaboración entre os departamentos de benestar e as institucións educativas, os equipos técnicos municipais recoñecen o traballo conxunto cos Centros de Saúde como outro dos elementos a mellorar.

Dentro das posibilidades que abre o establecemento de redes de actuación cos Centros de Saúde, e na lóxica de xeración/rexeneración de hábitos comunitarios que fagan máis atractivo o territorio para a atracción/retención de poboación, atópase o deseño (baixo criterios sanitarios) de actividades relacionadas coa activación física das persoas maiores aproveitando camiños tradicionais e roteiros recuperados, o deseño de obradoiros relacionados coa nutrición saudable, ou o deseño de actividades de información e orientación sobre saúde sexual nos IES.

Neste sentido, é de importancia ter en conta que na actualidade no IES Agra de Raíces de Cee, por exemplo, estase a impartir un Ciclo Medio de Formación Profesional de coidados auxiliares de enfermaría, polo cal este tipo de programas en rede de carácter sociosanitario serían un campo de actuación axeitado para a colaboración coa formación.

Ademais, tamén é posible deseñar protocolos de actuación para a detección e actuación en casos de soidade, casos de saúde mental ou casos de adiccións. Así, dun xeito complementario co SAF, a colaboración co sector saúde debe contemplar a redacción de protocolos conxuntos en situacións de emerxencia sanitaria nos domicilios para as persoas auxiliares do devandito SAF.

Finalmente non é posible obviar a importancia que ten a presenza do Hospital Virxe da Xunqueira para potenciar esta serie de programas conxuntos, sendo posible amplialos a outro tipo de colaboracións como poden ser, por exemplo, os bancos de axudas técnicas.

Como se pode comprobar, dende o liderado local dos departamentos de benestar é posible incidir tanto na dinamización de sectores económicos de elevado impacto laboral, como na creación de estratexias de mellora da vida comunitaria, favorecendo o establecemento de redes de actores que traballen no territorio para a mellora do benestar e a calidade de vida da poboación, e favorecendo de xeito directo e indirecto a capacidade de atracción/retención de poboación na Comarca.

### B) A soidade e o avellentamento.

A evolución demográfica observada na Comarca supón que na actualidade estase a dar un dobre proceso de perda de poboación e de avellentamento da mesma na liña da dinámica poboacional presente en toda Galicia e que, como se indica, está a condicionar a actividade dos servizos locais de benestar, sobre todo debido ó importante impacto que este proceso ten en termos de coidados de proximidade.

Este avellentamento dáse, sobre todo, nas parroquias máis rurais dos Concellos, aínda que non é posible desligar o avellentamento do núcleo urbano de Cee. Neste sentido, é posible observar á soidade como derivada do avellentamento que, en termos xerais, se pode identificar como vencellada ó despoboamento no eido rural, en tanto que nos núcleos urbanos se vencella máis coa perda das relacións sociais ou da vida comunitaria, é dicir, das redes sociais de apoio, aínda que no contexto comarcal nos núcleos urbanos dos Concellos tamén se detecta un salientable avellentamento.

Dende as políticas de benestar, na actualidade, estase traballando de xeito directo ou indirecto en relación á soidade e ó avellentamento dende un duplo punto de vista. Dende o punto de vista dos cidadáns, salienta pola súa elevada capilaridade e impacto o SAF que, nas súas dúas modalidades, chega a un elevado número de fogares e de persoas maiores.

Ademais, tamén salienta o programa de Teleasistencia que, tanto en relación á dependencia como o propio da Deputación da Coruña, son ferramentas moi utilizadas e valoradas tecnicamente para o seu uso en situacións de soidade.

Dende o punto de vista comunitario, os Concellos están traballando na xeración dunha salientable oferta de actividades relacionadas coa activación (física, memoria...) ás que subxacen obxectivos implícitos/explicitos de revitalización relacional para as persoas usuarias, existindo programas de referencia de enorme interese tanto para a súa actualización como para a súa expansión. Con todo, amósase preciso traballar en servizos complementarios cunha salientable derivada en termos de benestar como é o transporte público, de gran incidencia na vida social das persoas.

Neste sentido, e dende un punto de vista integral, é posible orientar un mesmo programa a diferentes obxectivos. Este é o caso da primeira recomendación.

#### **Recomendación 6. Establecemento dun programa de actuación conxunta entre os departamentos de benestar locais, os CEIP, os IES, as entidades asociativas e as ANPA.**

O programa, que nos apartados anteriores tiña o obxectivo de establecer vencillos comunitarios e interxeneracionais entre as persoas maiores asistentes ás actividades de benestar e o alumnado dos CEIP e IES, ten á súa vez o obxectivo de, dende o mesmo punto de vista comunitario, contribuír ó reforzo das relacións sociais entre as persoas maiores, polo que é unha ferramenta de salientable utilidade á hora tanto de incidir no avellentamento activo como á hora de incidir na soidade.

Neste sentido, este programa debe ser ampliado incluíndo experiencias que, tanto desenvolvidas polos Concellos como polas entidades asociativas ou culturais en activo a nivel municipal ou parroquial, son de especial interese pola potencialidade interxeneracional que teñen.

Así, como se mencionaba con anterioridade, de cara á mellora e consolidación das redes comunitarias nas que se integran as persoas maiores, así como para facilitar a transmisión de cultura e valores, considérase de interese potenciar a transmisión destas experiencias ó alumnado dos CEIP e dos IES coa colaboración das ANPAS, facilitando deste xeito a integración de pais e nais nestas experiencias.

Neste sentido, é posible aproveitar o coñecemento xurdido nos Obradoiros de Memoria que os Concellos teñen como unha das súas actividades máis salientables, así como outras actividades especificamente desenvolvidas polas persoas maiores de cara ó seu pulo e ampliación.

Deste xeito, os obradoiros e actuacións multisectoriais mencionadas xerarán novas redes de socialización das persoas maiores, elemento este que para ser maximizado debe ir acompañado dun especial esforzo de difusión das iniciativas e captación de usuarios/as, superando os colectivos que tradicionalmente asisten de xeito asiduo ás diferentes actividades de benestar.

### **Recomendación 7. Actualización e ampliación do programa de Teleasistencia da Deputación da Coruña.**

Os equipos técnicos dos Concellos recoñecen que o programa de Teleasistencia da Deputación da Coruña, non só é unha ferramenta de importante eficacia á hora de loitar contra a soidade, senón que é moi valorada polas persoas usuarias polo seu funcionamento, así como polos propios equipos técnicos.

Con todo, é posible mellorar o rendemento deste programa dende varias ópticas diferentes. En primeiro lugar, a través da ampliación da resposta ás situacións de soidade. Na actualidade estanse a detectar casos onde o illamento físico nos núcleos rurais e a soidade se complementan, non existindo nas proximidades dos/as usuarios/as fogares habitados que sexan susceptibles de recoller as chaves dos fogares dos/as usuarios/as.

Neste sentido, e tendo en conta que esta situación previsiblemente se verá incrementada, é preciso incorporar ó programa protocolos de colaboración con Protección Civil, coa Policía Local, cos servizos de emerxencia sanitaria ou coa Garda Civil, alén dos propios equipos de benestar municipal, para contar coas devanditas chaves dos domicilios das persoas usuarias que teñan problemas á hora de atopar fogares nas súas proximidades onde depositaren as chaves.

En segundo lugar, é preciso incidir na difusión do programa para mellorar o coñecemento social do mesmo e incrementar a súa demanda. Neste sentido, na liña do xa mencionado con anterioridade, un elemento fundamental para a mellora da difusión dos programas é a colaboración coas entidades asociativas, de tal xeito que poidan operar a xeito de altofalantes e, no caso de teleasistencia, transmitir a importancia do programa para a mellora da calidade de vida e da seguridade das persoas, sobre todo en casos de soidade e illamento.

Esta recomendación, atendendo á ampliación de medidas dixitais de seguridade coas que conta o vixente Programa de Teleasistencia da Deputación da Coruña, atópase na liña do traballo do Proxecto RedMay (programa europeo Interreg V A España-Portugal encabezado pola Consellería de Política Social, a Universidade de Vigo e a Cámara municipal de Braga) e das súas intervencións relacionadas coa implantación de medios tecnolóxicos para mellorar a permanencia das persoas maiores nos fogares a través da mellora da seguridade (Fogar dixital). Como se pode observar, este é un eido no que se está a traballar dende diferentes entidades e iniciativas, xerando unha fiestra de oportunidade a través da creación de sinerxias que deben ser aproveitadas dende o local para a mellora efectiva das condicións de vida da poboación con necesidades especiais.

**Recomendación 8. Actualización e ampliación das actividades levadas a cabo con persoas maiores.**

Na actualidade as actividades relacionadas co envellecemento activo ou, en termos xerais, dirixidas ás persoas maiores, son un elemento común a tódolos Concellos da Comarca que amosan, como se mencionou con anterioridade, non só unha importante vitalidade, éxito e demanda entre os colectivos obxectivo, senón a súa validez tanto dende o punto de vista da actividade levada a cabo, como dende os obxectivos implícitos de mellorar a socialización das persoas maiores e xerar motivacións para saíren dos fogares e se relacionaren, con todo o que isto implica en termos de activación psicolóxica.

Con todo, é posible introducir novos elementos dentro do deseño das programacións co obxectivo de avanzar na súa actualización e incremento da profundidade das mesmas. Así, por exemplo, é posible mellorar no deseño de actividades interxeneracionais tanto a través do contacto entre a programación de accións para as persoas maiores cos centros educativos, como a través da programación de accións para persoas maiores que se vencellen con entidades sociais ou veciñais na que se integre de xeito explícito á mocidade ou á infancia.

Este é un exemplo de posibilidades de ampliación do alcance das actividades dirixidas ás persoas maiores que, en termos xerais, deben ser obxecto de actualización metodolóxica e de innovación.

Ademais, é preciso indicar que a curto/medio prazo vai haber un troco substancial dos perfís de persoas maiores usuarias destas actividades, emerxendo un tipo de persoa maior activa, usuaria da tecnoloxía e con inquiredanzas de carácter cultural; características estas ás que se deben adaptar as programacións actuais para manter a súa vitalidade e éxito.

Así, ábrese a posibilidade de introducir a óptica do benestar nas actividades desenvolvidas relacionadas co sendeirismo ou coa organización de viaxes e excursións, potenciando o seu contido cultural, de recuperación etnográfica e, na liña do mencionado con anterioridade, aproveitando para a introdución da óptica interxeneracional.

**Recomendación 9. Expansión dos programas de detección e prevención do deterioro cognitivo e de traballo con familiares coidadores.**

Na actualidade os Concellos están a traballar en programas de prevención do deterioro cognitivo a través de diferentes actividades como son, por exemplo, os obradoiros de memoria, pero estas actividades deberían ser actualizadas a través de programas específicos de detección para, con posterioridade, dispoñer dun abano de actividades onde se inclúan os actuais obradoiros.

Neste sentido, considérase de interese o deseño e a extensión de programas específicos de detección e prevención do deterioro cognitivo a través da detección e realización de actividades de estimulación cognitiva, activación física e activación social das persoas, tendo en conta a prestación de servizos auxiliares como é o caso do transporte adaptado.

Ademais, tamén se considera de interese o deseño de programas de apoio a familiares de persoas afectadas polo Alzheimer e outras demencias que, tanto a nivel de apoio psicolóxico individual, como a nivel grupal, ofrezan ós/ás usuarios/as a posibilidade de compartir experiencias ou de asistir a xornadas de formación, sempre tendo en conta a necesidade de contar con servizos auxiliares de apoio.

Con todo, estes programas de apoio ás familias e persoas cuidadoras non se deben circunscribir unicamente ó deseño de actividades específicas para este colectivo, senón que esta especificidade debe ser complementaria coa súa inclusión noutro tipo de actividades xerais deseñadas polo Concello (actividades culturais, deportivas, sendeirismo, lecer...) que deben contar coa posibilidade de acceder a servizos auxiliares para o coidado das persoas dependentes.

Neste sentido, é interesante a presenza de AFAFES como entidade social específica para o traballo coas persoas con deterioro cognitivo e con capacidade para deseñar actividades de prevención e de detección temperá, sobre todo tendo en conta o programa de colaboración que está a levar co Concello de Cee e co de Fisterra.

O elevado interese destes programas supón a necesidade de realizar un esforzo en termos de difusión dos mesmos para a captación de usuarios/as ou persoas interesadas. Neste sentido, ademais das ferramentas habituais de difusión municipal e outras innovadoras (como poden ser as liñas municipais de whatsapp, por exemplo, seguindo o exemplo do Concello de Muxía), recoméndase a transmisión da información relacionada co programa a través das diferentes actividades deseñadas especificamente para persoas maiores polos Concellos, complementando isto coa utilización de establecementos de proximidade (hostalaría, centros de saúde, farmacias, pequeno comercio...) como rede de transmisión de información, así como coa difusión a través das entidades asociativas locais.

Finalmente, para a operativización desta recomendación considérase preciso establecer unha reflexión sobre a posibilidade de localizar un equipo específico de xeito central a nivel comarcal, ou sobre outro tipo de posibilidades como pode ser, por exemplo, a liña de traballo do Proxecto RedMay (programa europeo Interreg V A España-Portugal encabezado pola Consellería de Política Social, a Universidade de Vigo e a Cámara municipal de Braga) a través de unidades móbiles que complementen estes servizos de información e prevención de demencias con outros relacionados coa podoloxía e oftalmoloxía, tal como actúa o devandito proxecto en diferentes Concellos da provincia.

### **Recomendación 10. Deseño dun programa específico de detección e intervención coas persoas en situación de soidade. O impulso dos programas de voluntariado.**

Na actualidade estanse a desenvolver programas específicos de detección e intervención coas persoas en soidade, aínda que estes se levan adiante sobre todo en grandes cidades, como é o caso da Coruña.

No contexto da Comarca é posible identificar, por unha banda, contornas amplamente urbanizadas como é o caso do núcleo urbano de Cee, en tanto que tamén é posible identificar amplas zonas de carácter rural. Neste sentido, alén dos contextos, é preciso deseñar programas que sigan a liña da revitalización e utilización das redes comunitarias co obxectivo de obter información e previr situacións problemáticas.

Así, os programas de detección e intervención coas persoas en soidade deben ser deseñados tendo en conta a existencia e vitalidade local das redes comunitarias e veciñais coas que colaborar para levalos adiante, sobre todo no caso das contornas máis rurais.

En contornas urbanas as redes comunitarias son diferentes, vencellando a soidade non ó illamento físico, senón ó illamento social. Con todo, o programa de detección e intervención en situacións de soidade debe colaborar con actores comunitarios colaboradores que actúen a xeito de *antenas* (bares, quioscos, farmacias, Centro de Saúde, parroquia, asociacións locais...), e detecten a presenza de persoas en soidade e as súas principais problemáticas para, a continuación, informar ós departamentos de benestar locais que, a través de ferramentas de carácter comunitario, ou dos servizos propios do Concello (caso do SAF, ou do programa de Teleasistencia), ou a través das entidades sociais mediante voluntariado ou accións específicas das propias entidades, traballará para a revitalización das redes sociais destas persoas evitando así a soidade e os posibles efectos negativos da mesma.

Este mesmo programa operará a xeito de prevención en casos, por exemplo, como o das persoas cuidadoras de dependentes. Así, estas persoas que contan con servizo de SAF, serán informadas de todo tipo de actividades de lecer e respiro para evitar que a intensidade e extensión no tempo das tarefas de coidado leven aparelado a desaparición das súas redes relacionais. Con todo, para este colectivo, as accións deseñadas dende os departamentos de benestar locais deben contar con servizos paralelos de coidado que cubran as súas tarefas familiares.

Ademais, este programa atópase intimamente relacionado con outros programas xa existentes, como pode ser o Xantar na Casa xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que deben ser intensificados xa que operan a xeito de dupla ferramenta contra o illamento a través da xeración de menús saudables, individualizados e de calidade.

Finalmente, é preciso facer unha especial reflexión sobre as actividades relacionadas co voluntariado que, como se indica con anterioridade, son unha ferramenta importante para potenciar as accións de benestar co liderado público municipal e que na actualidade son un baleiro importante na Comarca. Así, considérase preciso potenciar os programas de voluntariado utilizándoos de ferramenta multipropósito que vai dende o voluntariado de acompañamento para as persoas maiores, por exemplo, ata colaboración nas accións en centros educativos ou entidades sociais, ou a colaboración e difusión de actividades de carácter comunitario que relacionen cultura con hostalaría, como xa se fixo noutros Concellos da provincia.

Neste sentido, a creación de redes de voluntariado estable, e a súa focalización en axentes de elevado coñecemento de proximidade (farmacias, bares, comercio de proximidade, quioscos...)

potencia a capacidade das mencionadas *antenas* e amplía o seu efecto en termos de benestar, converténdose nunha potente ferramenta.

### Recomendación 11. Deseño de sistemas de transporte público local.

Na actualidade a mobilidade local está considerada como un importante problema que conta con importantes efectos a nivel do benestar e da calidade de vida da poboación, sobre todo dos núcleos máis rurais por onde non están a circular as grandes liñas, de tal xeito que se considera preciso actuar dende un dobre punto de vista en relación á mobilidade.

En primeiro lugar, deseñando sistemas de transporte local para conectar as parroquias e núcleos rurais coas centralidades, difundido a súa existencia e fomentando o seu uso entre a poboación.

En segundo lugar, mellorando a conectividade dos sistemas locais coas grandes rutas. Neste sentido é preciso ter en conta os fluxos, horarios e centralidades xa que, no caso da Comarca, cóntase tanto con diferentes equipamentos de carácter empresarial e sanitario que atraen importantes cantidades de persoas traballadoras e usuarios/as que se constitúen como auténticas centralidades e nós de comunicación con necesidades propias ós que é preciso responder.

Ademais, estes sistemas de transporte local, e o deseño da rede de conectividade co sistema supralocal, deben ser deseñados atendendo a múltiples criterios que van dende a mellora da interacción social das persoas maiores que residen en núcleos rurais (facilitando visitas ós Centros de Saúde ou a organismos oficiais, por exemplo), da mocidade que reside en núcleos urbanos ou rurais (facilitando a mobilidade en relación á escola ou ó lecer), ou das persoas en idade activa (facilitando a mobilidade para acceder ás centralidades laborais).

Finalmente, dentro deste programa, tamén é preciso iniciar accións de información/sensibilización/concienciación sobre o axeitado uso de vehículos sen carné que, en colaboración coas autoridades de seguridade viaria, protección civil e tráfico, incidan sobre o colectivo obxectivo de persoas maiores.

### C) As múltiples exclusións.

Ó longo da diagnose e das conclusións foron expostas diferentes formas de exclusión que afectan á poboación na Comarca, salientando tanto aquelas de carácter económico relacionadas coa disposición de rendas, como as que teñen un carácter relacional vencelladas coa soidade, coa discapacidade ou as xeradas coas diferentes adicións.

Neste sentido, e directamente vencellado coa dinamización económica que, como se mencionou, é un elemento fundamental á hora de xerar capacidade de atracción dos territorios para a fixación de poboación e na loita contra a exclusión social derivada do risco de pobreza, nos Concellos da Comarca amósase como prioritario o establecemento de coalicións entre os departamentos de



benestar, os de promoción económica e emprego ou desenvolvemento local e os departamentos xurídicos coa finalidade de conectar tódalas políticas públicas co obxectivo de incidir sobre a xeración de economías de proximidade e, polo tanto, para xerar postos de traballo que garantan rendas suficientes para a poboación.

Estas coalicións internas deben ser expandidas á creación de dinámicas de traballo conxunto coas entidades asociativas que traballan no territorio, salientando pola súa importancia aquelas que traballan coas persoas con discapacidade.

Ademais, é preciso facer referencia ó activo que supón a existencia na Comarca de equipamentos especificamente deseñados para o traballo con persoas con discapacidade. Esta presenza abre novas posibilidades para o traballo na inclusión deste colectivo dende múltiples puntos de vista, entre os que salienta o de carácter laboral ou o lecer, sendo preciso deseñar actuacións específicas para incidir neste campo de actuación.

#### **Recomendación 12. Deseño e creación de Bolsas de Traballo locais.**

Con anterioridade mencionábase a necesidade de xerar *coalicións* entre os departamentos de benestar e os de promoción económica e emprego municipais co obxectivo de integrar as axendas do benestar e da dinamización económica para avanzar no proceso de atracción/retención de poboación.

Una das derivadas máis salientables da potencialidade desta *coalición* é a incidencia sobre os colectivos en risco de pobreza ou exclusión social, cos que é posible traballar non unicamente en termos de elaboración de itinerarios formativos, senón superando a inserción laboral a través de programas específicos integrándoos en ferramentas máis amplas e de maior alcance.

Así, a experiencia das diferentes Bolsas de Traballo coas que contan na actualidade Concellos na provincia é positiva á hora de establecer tanto iniciativas de intermediación entre a oferta laboral achegada por empresas e a demanda de postos de traballo solicitada polas persoas desocupadas, como á hora de establecer prioridades atendendo á existencia de diferentes colectivos obxecto de especial atención que poidan ser susceptibles de inserción efectiva.

Ademais, é importante ter en conta a experiencia acumulada polos equipos de promoción económica e orientación laboral dos Concellos da Comarca, co cal é preciso recoller e potenciar esta experiencia na liña da mellora da coordinación das políticas locais e do fomento das economías de proximidade.

A intermediación laboral debe ser complementada co apoio á xeración de novas iniciativas económicas de proximidade, aspecto no cal diferentes Concellos contan cunha liña específica de apoio á creación de empresas. Neste sentido é interesante afondar nas xa mencionadas *coalicións internas* xa que estas ferramentas poden ser obxecto de interese por persoas coas que se estea a

traballar dende benestar, en tanto que tamén poden ser de interese á hora de xerar iniciativas económicas que respondan ás necesidades de benestar.

### **Recomendación 13. Fomento dunha contratación pública socialmente responsable.**

A introdución tanto das cláusulas sociais, laborais e medioambientais así como a utilización da reserva de contratos<sup>36</sup> nas licitacións públicas está a converterse nunha ferramenta para que a contratación pública incida na dinamización dos sectores económicos de proximidade e na mellora da inclusión laboral de determinados colectivos con necesidades especiais, sempre dentro do respecto ó principio de seguridade xurídica.

Esta utilización é posible se previamente existe unha extensión das coalicións internas mencionadas con anterioridade entre os departamentos de benestar e promoción económica locais, ós departamentos de carácter xurídico e financeiro, de tal xeito que o Concello utilice un completo abano de alternativas no apoio das políticas de benestar.

A introdución destas ferramentas é posible, e na provincia existen diferentes experiencias de éxito, en licitacións tales como as relacionadas coa recollida e xestión de RSU, por exemplo, de elevada contía económica e de importante intensidade en termos de persoal requirido.

Con todo, na liña do mencionado con anterioridade, o uso das cláusulas sociais e a reserva de contratos por parte das administracións debe atender á normativa vixente, garantindo a seguridade xurídica dos procedementos de contratación.

### **Recomendación 14. Ampliación dos programas actuais de traballo conxunto cos Centros educativos. O exemplo de O Mar na Escola e o vencello coa inclusión.**

Na actualidade estanse a espallar ou repuntar diferentes adiccións entre a mocidade. Algunhas delas, como as relacionadas co consumo de alcohol, contan cun importante asentamento social que, en determinados casos, se agrava a raíz do fenómeno do botellón en lugares localizados. Outro tipo de adiccións son máis novidosas e, polo tanto, máis difíciles de identificar e de traballar con elas. Trátase, por exemplo, das adiccións ás novas tecnoloxías e ós teléfonos móbiles que, na mocidade, poden derivar en diferentes tipos de acoso. Ademais, outra derivada das adiccións de carácter tecnolóxico na mocidade é a relacionada coas apostas e co xogo, tanto nas casas de apostas como a través dos *smartphones*.

Así, se ben se constata a existencia nos centros escolares de actividades relacionadas coas adiccións mencionadas, e incluso de temáticas máis amplas cá propia prevención, é preciso avanzar nestas actividades dende o punto de vista da súa estabilidade no tempo, para o cal

---

<sup>36</sup> Disposición adicional cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

amósase preciso consolidar a actividade dos equipos técnicos coordinadores co obxectivo de aproveitar o substrato das actividades xa realizadas para potencialas, medilas e avaliar os seus efectos.

Deste xeito, considérase necesario mellorar o apoio ás accións que actualmente se atopan en vigor, introducindo novas variantes como o traballo coas adicións de carácter tecnolóxico e as súas derivadas relacionadas coa ludomanía.

O éxito destes programas, tal como se están enfocando na actualidade, dependen da continuidade do traballo conxunto entre os equipos de benestar, os centros educativos, as ANPA e as familias, considerando este último elemento como fundamental para o seu éxito.

Neste sentido, un dos programas que están levando a cabo os centros escolares é O Mar na Escola (programa liderado pola Escola de Vela Cataventos de Corcubión, diferentes Concellos ) que, na actualidade, achega o mar a través da navegación a escolares de 17 centros educativos de Camariñas, Carnota, Cee, Dumbría, Fisterra, Corcubión, Muxía e Laxe. Este é un exemplo de programa que vencella o deporte coa escola, onde se poden introducir elementos de carácter interxeneracional e que, a raíz da súa práctica na Ría de Corcubión, é posible aproveitar para realizar actividades de inclusión con colectivos de persoas con discapacidade en coordinación con entidades sociais como APEN ou ASPADEX.

Como se pode comprobar, o traballo conxunto entre as institucións educativas e os departamentos municipais de benestar é básico á hora de establecer estratexias de prevención. A potencialidade desta colaboración tamén abre portas para o desenvolvemento de programas relacionados coa nutrición infantil saudable que poden ser *refocalizados* atendendo á prioridade de loitar contra a exclusión social e a pobreza infantil dende a garantía da equidade.

#### **Recomendación 15. Deseño de programas de nutrición saudable de proximidade en equidade nos CEIP e nos IES da Comarca.**

Na actualidade, unha das principais derivadas da desigualdade económica provocada, en grande medida, pola recente crise económica, é a relacionada coa pobreza e o risco de exclusión infantil.

Este risco de exclusión infantil afecta á nutrición dos nenos e nenas, que en vez de caracterizarse polo consumo de alimentos saudables, se centra en consumo de procesados de baixo valor nutricional e baixo custo, afectando polo tanto ó seu desenvolvemento físico e mental, ó mesmo tempo que incide de xeito substancial no seu desenvolvemento académico.

Para paliar este fenómeno é posible o desenvolvemento dun programa de almorzos saudables de proximidade que, co obxectivo explícito de fomentar o consumo de alimentos de proximidade non procesados, tamén conta co obxectivo implícito de garantir o axeitado almorzo de todo o alumnado dos CEIP ou dos IES sen establecer diferenzas entre eles.

Este programa, a liderar dende os departamentos de benestar locais, suporía a posta en contacto de (I) produtores, (II) persoal especializado en nutrición, (III) cociñas e/ou servizos de alimentación dos centros educativos, (IV) profesorado, (V) alumnado, e (VI) ANPAS; para o cal se debe contar co apoio tanto das diferentes concellerías municipais (con especial atención a promoción económica e emprego pola súa relación cos produtores de proximidade), así como da dirección dos centros educativos.

Ó longo das diferentes recomendacións vencelladas coa loita contra as diferentes exclusións é posible incidir na potencialidade coa que contan as actuacións en rede, así como o elevado interese das accións *multipropósito* deseñadas para os CEIP e os IES, de tal xeito que estas accións xeren efectos en diferentes campos estratéxicos para as políticas de benestar locais e que, grazas á xeración da confianza entre os actores, abran posibilidades de novas actuacións posteriores.

### D) Os coidados.

Un dos alicerces das políticas de benestar locais é o relacionado cos coidados ás persoas, tendo en conta a necesaria complementariedade entre as diferentes formas de coidados entre as que salientan, pola súa potencialidade, os coidados no fogar prestados a través do SAF; os coidados prestados a través de equipamentos especializados de proximidade como poden ser os Centros de Atención ás Persoas Maiores, as Escolas Infantís ou os Centros de Día e Centros Ocupacionais para persoas con discapacidades ou necesidades especiais; os coidados prestados a través de prazas de carácter residencial; ou os coidados prestados a través das redes familiares.

Neste sentido, é preciso salientar a situación das prazas de atención ás persoas maiores tanto de carácter residencial como non residencial. Así, no caso das residenciais, amósase unha salientable infradotación xa que só se conta cun fogar residencial de 15 prazas de titularidade social en Fisterra. No caso das prazas de carácter non residencial, a situación da rede pública na Comarca vén determinada pola inexistencia de equipamentos e pola necesidade de derivación das persoas usuarias ós Centros públicos situados en Muros ou en Cabana de Bergantiños. Esta inexistencia de prazas atópase agravada pola localización en Corcubión dunhas instalacións recentemente rehabilitadas co obxectivo de se converteren en Centro de Día público.

A inexistencia de prazas non residenciais de atención ás persoas maiores na Comarca supón un limitante salientable para a xeración de demanda do devandito equipamento por parte das persoas susceptibles de seren usuarias. É dicir, a inexistencia de oferta xera inexistencia de demanda xa que, a tenor da percepción dos equipos técnicos municipais, o desprazamento das persoas usuarias ós centros públicos suporía percorrer distancias de máis de 40 quilómetros, o cal é incompatible tanto co criterio de proximidade como coas condicións dos/as usuarios/as, eliminando a posibilidade de solicitar o Centro de Día do abano de recursos. Deste xeito, no sentido inverso, a presenza de oferta de proximidade xeraría, a curto prazo, a súa demanda.

En relación á atención á primeira infancia, atópanse Escolas Infantís (ben consorciadas ben de xestión municipal) en tódolos Concellos agás no Concello de Dumbría que conta cunha Casa Niño, non acadándose as ratios recomendadas.

Con respecto a outro tipo de equipamentos, tal como se vén comentando, salienta a presenza de centros especialmente adicados ó colectivo de persoas con discapacidade xestionados por ASPADEX, en tanto que tamén é salientable o convenio que o Concello de Cee mantén con AFAPES para a utilización das antigas instalacións da gardería municipal como centro no que prestar servizos de carácter terapéutico, así como a presenza de APEM que xestiona un Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral tamén no Concello de Cee. Neste sentido, a importante presenza de entidades sociais xestionando equipamentos para o colectivo de persoas con discapacidade fai que a colaboración entre as administracións e esta entidade social sexa non só estratéxica, senón indispensable para os coidados e a inclusión deste colectivo.

Outra das grandes ferramentas das políticas locais relacionadas cos coidados é o SAF que, tanto na súa modalidade de dependencia como na de libre concorrência, conta cun salientable impacto na Comarca. Así, no ano 2018 o SAF chega a máis de 200 persoas prestando máis de 45.000 horas de servizo por parte de máis de 40 profesionais auxiliares, o cal amosa non unicamente a intensidade do servizo, senón a elevada capilaridade do mesmo, sobre todo tendo en conta o perfil medio do/a usuario/a (persoas maiores) e a evolución da poboación.

Con todo, existen diferentes elementos que están a marcar a actuación do SAF da modalidade de libre concorrência na Comarca. Así, neste servizo inflúen de xeito determinante factores relacionados coa xestión interna municipal como pode ser o proceso orzamentario (caso do Concello de Cee) ou a xestión de recursos humanos (caso do Concello de Fisterra), en tanto que tamén inciden outro tipo de factores como a presenza de copagamentos que dificultan o acceso ó servizo atendendo ás limitacións das rendas familiares (caso do Concello de Muxía). Neste sentido, o SAF é un servizo complexo que, tal como se pode observar nos datos, responde de xeito fragmentado ós incrementos xerais do financiamento realizados por parte da Deputación da Coruña.

Neste sentido, e co obxectivo de mellorar nos coidados, considérase preciso acometer diferentes medidas.

#### **Recomendación 16. Creación dun Centro de Día integrado na rede pública consorciada na Comarca.**

A infradotación de prazas de atención ás persoas maiores de proximidade é un dos elementos que marca a realidade dos coidados na Comarca, sobre todo tendo en conta a posibilidade existente con respecto á dispoñibilidade de espazos específicos no Concello de Corcubión.

Así, unha das principais recomendacións é o establecemento dun Centro de Día público na Comarca nas instalacións xa rehabilitadas no Concello de Corcubión.

Considérase que este centro debe integrarse na rede pública de xestión consorciada, consolidando así o modelo integrado existente en Galicia e que se atopa xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, entidade pública de coordinación multinivel conformada pola Xunta de Galicia e polos Concellos.

Esta posta en funcionamento deberá ser coordinada coa axeitada difusión por parte dos equipos municipais de benestar, de tal xeito que exista unha eficiencia na xestión de recursos, facendo coincidir a operatividade das prazas cos prazos propios da tramitación dos recursos para a dependencia. Esta coordinación suporá a maximización do aproveitamento do equipamento, minorando a presenza de prazas non utilizadas co cal, á súa vez, o equipamento será unha fonte de emprego de proximidade, contribuíndo á xeración das economías do benestar de importante relevancia.

### **Recomendación 17. Posta a disposición dos Concellos da Comarca de ferramentas para a mellora do SAF.**

Tal como se mencionaba nas conclusións, o SAF é unha das principais ferramentas coas que contan os Concellos da Comarca para traballar nos cuidados das persoas, sobre todo tendo en conta a situación de infradotación na Comarca de prazas residenciais e non residenciais de atención ás persoas maiores, polo que é preciso focalizar a atención nas necesidades do servizo, que van alén das posibilidades de mellora do financiamento.

Os Concellos están a utilizar a xestión directa, a indirecta e a mixta para ámbalas modalidades do servizo, salientando que a xestión directa é o sistema máis utilizado xa que Fisterra, Dumbría e Corcubión utilizan este tipo de xestión para ámbalas modalidades do SAF. Neste sentido, non se verifica a utilización de ferramentas informáticas de apoio á xestión polo que é preciso avanzar neste eido para fornecer ós equipos técnicos de sistemas de mellora da planificación, control e seguimento do servizo.

Así, a introdución de ferramentas de seguimento e control do servizo permiten, ademais dunha maior eficiencia na asignación dos recursos, unha mellor xestión do proceso de copagamento, por exemplo, limitando a presenza de retardos ou de descoordinación á hora da elaboración de horarios de atención nos fogares. Outro dos elementos a ter en conta é a xestión das rutas das persoas auxiliares, aspecto sobre o cal as ferramentas de xestión supoñen unha salientable mellora, sobre todo en Concellos de elevada dispersión e dimensión, como poden ser os de Muxía ou Dumbría.

Ademais, outro elemento a ter en conta é a elevada tensión operativa que está a supoñer o SAF para os equipos técnicos municipais. Esta tensión supón que, sobre todo se plasma nos Concellos que teñen xestión directa, a coordinación do SAF supoña unha elevada carga chegando a un tope operativo nas posibilidades de prestación de horas do propio servizo.

Deste xeito, a introdución de ferramentas para a mellora da xestión do SAF permitirá unha maior organización e capacidade por parte dos equipos técnicos. Ó mesmo tempo, no caso dos Concellos que optan pola externalización de todo ou parte do servizo, é preciso avanzar na mellora do asesoramento xurídico para o deseño das licitacións, así como do proceso de seguimento posterior da actividade do prestador externo.

Como se pode observar, a recomendación céntrase no fortalecemento das capacidades dos equipos técnicos municipais para o deseño, planificación, control e avaliación do SAF, co obxectivo de avanzar na mellora do servizo como parte fundamental da política de benestar local.

#### **Recomendación 18. Deseño dun Plan de Formación territorializado con especificidade para o SAF.**

A elevada intensidade do SAF en recursos humanos, así como a variación dos casos individuais ós que se enfrontan no seu traballo diario tanto os equipos técnicos como as persoas auxiliares, fan preciso o deseño de accións formativas específicas que permitan a actualización constante das persoas ás esixencias do traballo.

Ademais, é preciso ter en conta un elemento que, en numerosas ocasións non é ponderado con suficiencia. Trátase da elevada esixencia emocional á que se enfrontan as persoas profesionais dos equipos de benestar e que, con respecto ás auxiliares do SAF, viven en primeira persoa situacións de elevada tensión. Este elemento é preciso afrontalo a través de técnicas psicolóxicas co obxectivo de mellorar a saúde laboral e diminuír o risco do *profesional queimado/a*.

Finalmente, as accións formativas comarcais presenciais para as persoas profesionais do SAF levan implícito o establecemento de relacións entre estes profesionais, co cal se xeran dinámicas positivas de valor para o desempeño do servizo.

#### **Recomendación 19. Deseño de protocolos de actuación para intervencións derivadas do SAF.**

O SAF é un servizo que na Comarca está a chegar a máis de 200 fogares no ano 2018, polo que a súa elevada capilaridade convérteo nunha fonte de información dun enorme valor para os departamentos locais de benestar. Neste sentido, é preciso aproveitar este caudal para xerar novas intervencións que superen a atención directa ó/á usuario/a e que se focalicen, entre outras, na valoración da (I) necesidade de realizar obras de rehabilitación, accesibilidade ou mellora da habitabilidade das vivendas; e (II) a necesidade de realizar intervencións coas familias e coas persoas cuidadoras principais en materia de formación, respiro ou apoio psicolóxico a nivel individual e grupal.

A actuación dos departamentos de benestar municipais nestes aspectos é fragmentada, polo que é preciso crear procedementos para a intervención e homoxeneizala, sobre todo tendo en conta a importancia das devanditas actuacións.

Así, recoméndase o deseño de protocolos internos de actuación dos diferentes departamentos municipais (SAF, equipo técnico de benestar, urbanismo...) en relación á redacción (de ser preciso) de proxectos de obras de mellora da habitabilidade dos fogares e de solicitude de apoio económico (de ser o caso); en tanto que tamén se recomenda tal, como se menciona con anterioridade, a expansión dos programas de atención ás persoas coidadoras ou de intermediación en conflitos familiares, de acontecer.

Neste sentido, é importante salientar que na Comarca é preciso avanzar na mellora da habitabilidade das vivendas e da adaptación das súas estruturas e servizos, así como da súa accesibilidade, atendendo sobre todo ás necesidades das persoas maiores. Esta liña de actuación, que ten no SAF unha fonte de información básica, segue o traballo do Proxecto RedMay (programa europeo Interreg V A España-Portugal encabezado pola Consellería de Política Social, a Universidade de Vigo e a Cámara municipal de Braga) e das súas intervencións relacionadas coa creación de contornas amigables – housing para as persoas maiores.

### **Recomendación 20. Deseño dun proxecto piloto para a mellora do SAF a través da Terapia Ocupacional.**

Como se vén comentando, o SAF é un servizo que na actualidade está a ocupar un volume importante de recursos municipais, chegando a numerosos fogares da Comarca e amosando a posibilidade de xerar novas intervencións con maior profundidade, sobre todo tendo en conta o profundo proceso de avellentamento do territorio.

Este é o obxecto do proxecto piloto que se recomenda acometer na Comarca, dotando ós equipos SAF do/a profesional da Terapia Ocupacional que, para cada fogar, elabore un estudo de adaptación funcional e prevención de caídas. Estas funcións serán complementadas coa participación do/a profesional da Terapia Ocupacional nos obradoiros de memoria descentralizados que actualmente están a levar adiante os equipos de benestar, onde este profesional realizará actividades de reactivación e de prevención.

Ademais, é preciso introducir unha reflexión sobre os obradoiros de memoria, de tal xeito que os que actualmente se desenvolven nos centros sociais ou sociocomunitarios das parroquias (e ós que acoden persoas que non teñen dificultades de mobilidade ou que contan con posibilidade de transporte) se complementen con outras modalidades para persoas con dificultades de mobilidade a desenvolver en fogares de persoas usuarias e voluntarias nos que se xuntará, en función das posibilidades, a veciños da do núcleo favorecendo a socialización e o contacto.

Os/as profesionais da Terapia Ocupacional formarán ás persoas integrantes do SAF da Comarca para mellorar as súas habilidades e coñecemento, así como asesorarán ás persoas usuarias na adquisición de axudas técnicas, aspecto para o cal é preciso avanzar en coordinación co Hospital Virxe da Xunqueira de Cee. Neste sentido, e dentro da estratexia xeral de mellora da coordinación coas institucións da Comarca, é posible aproveitar a presenza do Ciclo Medio de coidados



auxiliares de enfermería no IES Agra de Raíces de Cee para integrar ó alumnado a través de prácticas laborais neste programa de mellora do SAF, incrementando así a súa profundidade.

### E) Os equipos e a continuidade das políticas de benestar.

Un dos aspectos fundamentais nas políticas de benestar locais é o relacionado coa súa continuidade no tempo e, polo tanto, a súa estabilidade. Esta continuidade das actuacións, que é a fonte dos efectos que se procuran, non se acada sen contar coa continuidade dos equipos que as xestionan e implementan.

Como se puido comprobar, unha parte salientable dos recursos que os Concellos da Comarca menores de 20.000 habitantes utilizan para financiar as políticas de benestar procede da Deputación da Coruña que, a través da convocatoria anual, achega recursos ós Concellos para financiar parte dos equipos e parte do custo do SAF libre concorrencia. Con todo, este sistema de financiamento, alén de evolucionar de xeito substancial ó longo dos últimos anos, segue a ser de carácter anual, aspecto este que pode limitar a continuidade procurada nas políticas de benestar locais a través da introdución de elementos de discontinuidade nos equipos.

Neste sentido, un dos aspectos que inflúen, a nivel xeral, na presenza de reticencias locais á hora de realizar a contratación efectiva de profesionais unha vez garantida o financiamento anual, é precisamente esta temporalidade, de tal xeito que avanzar na superación do marco temporal supón avanzar na cobertura definitiva dos equipos.

Ademais, na análise da situación dos equipos municipais salienta a presenza de persoal técnico complementario ó do/a Traballador/a Social. Neste sentido, a posta a disposición por parte da Deputación da Coruña de financiamento para cubrir estes perfís está a ser axeitado ó contribuír á multidisciplinabilidade dos equipos e, polo tanto, á xeración de novas intervencións en campos de actuación de interese como é o relacionado cos centros educativos, por exemplo.

Na actualidade a Deputación da Coruña está a financiar postos de A2 nos Concellos de Dumbría, Corcubión e Muxía, ademais de financiar un posto de A1 no Concello de Fisterra. Con respecto ó Concello de Cee, este conta cunha Educadora Familiar pero non forma parte do cadro de persoal municipal polo que non se atopa financiado pola Deputación. Deste xeito, alén de circunstancias de xestión internas propias do Concello de Cee, o financiamento da Deputación está a chegar á maior parte dos Concellos da Comarca, contribuíndo de xeito decisivo á multidisciplinabilidade dos equipos, salientando o caso de Fisterra que incorpora a unha profesional da psicoloxía.

No tocante ó persoal de apoio administrativo, este figura en tódolos Concellos da Comarca financiado pola Deputación, se ben con diferentes intensidades de financiamento en función da súa adscrición exclusiva ó departamento de benestar. Neste sentido, é preciso salienta que, en termos xerais, as funcións de apoio administrativo ó departamento de benestar se ven matizadas a raíz da localización dos profesionais, o cal vén determinado á súa vez polos espazos físicos dos Concellos, ó mesmo tempo que este apoio tamén se ve matizado pola multifuncionalidade do persoal

administrativo que, no caso do Concello de Cee está a compaxinar as funcións propias deste apoio coas de coordinación do Centro Social e das súas actividades.

Con todo, e tendo en conta as dificultades expostas, o apoio administrativo e o financiamento que na actualidade pon a disposición a Deputación para esta finalidade, considérase imprescindible.

Tamén é preciso ter conta, con respecto ós equipos técnicos municipais, a necesidade de dotación dende unha perspectiva comarcal de perfís técnicos diferentes ós xa habituais nos Concellos que apoiem, amplíen e incrementen a profundidade tanto das accións xa desenvolvidas como doutro tipo de programas propostos que respondan ós salientables retos detectados.

Así, dentro dun marco xeral de avance na estabilidade do apoio técnico e financeiro que a Deputación da Coruña presta ós Concellos e ás entidades da Comarca, é preciso incidir nas seguintes recomendacións.

### **Recomendación 21. Reforzo da posta a disposición dos Concellos da posibilidade de contar con perfís complementarios.**

Na actualidade o financiamento da Deputación está a cubrir perfís técnicos e administrativos en tódolos Concellos, amosándose preciso reforzar este financiamento dende varias ópticas.

En primeiro lugar, considérase que este apoio financeiro debe superar o horizonte temporal anual, camiñando na liña da estabilidade plurianual, co obxectivo non unicamente de reforzar a continuidade dos programas, senón de garantir a seguridade no fluxo financeiro para os Concellos, evitando así posibles dúbidas ou reticencias xurdidas dos departamentos municipais xurídicos ou económicos.

En segundo lugar, o Concello de Cee está a contar cunha Educadora Familiar non financiada pola Deputación debido a elementos relacionados coa xestión interna dos recursos humanos. Neste sentido, este profesional está a completar e mellorar os servizos prestados cidadanía na liña das actuais recomendacións, de tal xeito que se amosa necesario ampliar as posibilidades do actual modelo de colaboración para introducir estes profesionais.

Ademais, considérase preciso mellorar a coordinación comarcal e provincial da actuación dos perfís financiados, o cal redundará nun maior rendemento institucional e nunha maior integración das actividades, aproveitando a experiencia dos actuais equipos e compartíndoa con outros Concellos.

Neste sentido, considérase de especial transcendencia que na Comarca sexan conformados definitivamente equipos específicos que atendan situacións de gravidade que na actualidade están sen cubrir, como pode ser o caso da atención temperá, de tal xeito que se preste un servizo á cidadanía que non se está a prestar, rachando así coa inequidade presente e mellorando de xeito definitivo a calidade de vida deste colectivo.

**Recomendación 22. Financiamento das actividades de benestar.**

Como se pode comprobar, na actualidade o modelo de apoio financeiro da Deputación ós Concellos específico para as políticas de benestar locais céntrase no equipo e na actuación do SAF de libre concorrência. Por outra banda, dentro do POS+ inclúese o financiamento que en modelos de colaboración previos se destinaba a actividades relacionadas, por exemplo, co avellentamento activo.

Con todo, estes dous sistemas de financiamento (o POS+ e o Programa anual para o Financiamento dos Servizos Comunitarios Municipais – FOPSS-), aínda que complementarios, xeran lóxicas de actuación diferenciadas relacionadas coa súa condicionalidade. Así, en tanto o POS+ reforza a autonomía local outorgándolle á axenda municipal unha elevada capacidade de distribución dos fondos, o FOPSS é un programa condicional de carácter sectorial. É dicir, é o maior ou menor peso da axenda local de benestar a que incide na asignación definitiva dos fondos do POS+ ás políticas de benestar, en tanto que a propia natureza do FOPSS garante a súa finalidade.

Neste sentido, no marco do avance na estabilidade e plurianualidade do actual modelo de colaboración entre a Área de Benestar da Deputación da Coruña e os Concellos proposta, é preciso incrementar esta colaboración a través da inclusión do financiamento de actividades de benestar que vaian alén das xa recoñecidas no POS+ ou das que se poidan implementar de xeito directo por parte da Deputación.

Así, recoméndase incluír no novo modelo financiamento actividades que sexan de especial interese na Comarca de Fisterra como son as relacionadas coa xeración de sinerxias entre benestar e promoción económica e emprego, co deseño de actividades encamiñadas á mocidade e á prevención de adicións, na expansión dos programas para o traballo con coidadores/as, na análise das posibilidades de deseñar e coordinar os sistemas locais de transporte público, ou na mellora das actividades desenvolvidas en relación co tecido asociativo local, aspectos estes que, de seren potenciados, xerarán efectos multiplicadores das actividades de benestar mellorando a calidade de vida da poboación dende un punto de vista integral.

**Recomendación 23. Programa de formación de benestar.**

Dentro do Plan de Acción de Servizos Sociais contemplarase a necesaria elaboración dun Programa de Formación específico en materia de benestar de carácter territorializado que dea resposta ás necesidades de actualización dos equipos dos departamentos, e dentro do cal se insira de xeito específico a realidade do SAF como programa central cunha especial atención, como se menciona con anterioridade, ó traballo das profesionais auxiliares.

Este Programa de Formación en benestar terá como principal obxectivo a actualización das ferramentas e metodoloxías coas que actúan os equipos, favorecendo a interdisciplinidade, e poñendo especial atención a aspectos como a xestión do SAF, o avellentamento, o enfoque

sociosanitario ou que incidan en ocos recoñecidos como son os relacionados, por exemplo, co traballo coa mocidade, coa inclusión ou coas persoas coidadoras, aspectos que están a marcar o presente das políticas de benestar nos Concellos de Fisterra.

O Programa de Formación en Benestar será complementado coa dotación, a nivel central, dun centro de recursos metodolóxicos e experiencias comparadas, completando así á formación presencial tradicional e poñendo a disposición dos equipos técnicos un abano de medios para a actualización e adaptación dos sistemas de traballo.

### **4.3 CONSIDERACIÓNS FINAIS.**

O conxunto de recomendacións deseñadas para a mellora das políticas de benestar locais dos Concellos da Comarca de Fisterra insírense nun abano máis amplo recollido no Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña.

Este Plan de Acción, na liña de mellorar na estabilidade e de incrementar o apoio da Deputación ós Concellos, asume unha actuación de carácter integral que pretende mellorar a autonomía local, mellorar e incrementar os programas de actuación locais e o seu alcance dentro dunha estratexia de actuación a medio prazo que incida, dende unha lóxica integrada e común, en diferentes grandes realidades sociais que están a determinar a actuación dos servizos locais.

Así, o Plan de Acción diseña actuacións a desenvolver a nivel central, empezando pola consolidación e avance do modelo de relación multinivel dende a óptica da estabilidade e da plurianualidade, e a nivel local en estreita coordinación cos equipos locais, para cuxo reforzo e apoio tamén se diseñan medidas específicas.

Neste sentido, a través destas medidas, así como dende un punto de vista multidisciplinar e de rede, preténdese incidir en grandes aspectos como o devalo demográfico, o avellentamento ou a soidade que, se ben son unha realidade, medrarán en incidencia nos anos vindeiros.

Ademais, préstase especial atención ás ferramentas de intervención dos equipos locais que, comezando polo Servizo de Axuda no Fogar e continuando pola introdución da perspectiva comarcal na dotación de equipos de apoio complementarios, serán potenciadas na liña de contribuír de xeito integral na mellora do benestar e da calidade de vida da poboación, así como a xerar territorios atractivos.



# OS SERVIZOS SOCIAIS NA COMARCA DE FISTERRA

Plan de Acción de Servizos Sociais

